Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión sendo as 17:59 horas do día 11 de outubro do 2022.

Firmado:

Estudios Rafer SL



## ACTA PRESENTACIÓN DA ELABORACIÓN DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO 2023-2027

**Data:** Luns, 10 de outubro de 2022

**Hora:** Dende as 18:30 horas ata 20:50 horas

**Lugar:** Vilalba

**Asistentes:**

-Representantes do GDR-02 Terra Chá.

- Consultoría Estudios Rafer SL.

-Consultoría CVV *Inforaid*.

Representantes da Cultura:

-Mariana Roura Sánchez e M<sup>a</sup> Helena Pais Lojo, Sociedade Coop. Das Aradas

-Mario Saavedra, historiador da etnografía.

- M<sup>a</sup> Angeles Rivas, M.V.M.C Nete

- Marta Cainzos e Hortensia Visos, CVV *Informaid* SL

- Isidro Cillero Asoc. Amigos Liga Santaballa

### ORDE DO DIA

1º.- Presentación dos asistentes

2º.- Puntos clave a debater sobre a importancia patrimonial e cultural, planteamento de proxectos futuros dos asistentes, aspectos a destacar do contorno que o fai diferente ou características propias do contorno.

3º.- Aspectos a mellorar, dar maior valor ou resaltar que fagan dos recursos patrimoniais e culturais un produto que defina a Terra Chá.

### DESENVOLVEMENTO

1º.- Presentación dos asistentes

Presentación por cada un dos membros aportando unha idea do que consideran importante para a zona.



2º.- Puntos clave a debater sobre a importancia patrimonial e cultural, planteamento de proxectos futuros dos asistentes, aspectos a destacar do contorno que o fai diferente ou características propias do contorno.

Contase con un gran valor patrimonial en canto a monumentos como son os cruceiros, cruces e cemiterios e que poden dar lugar ao Necroturismo.

A Terra Chá está dentro da Rede Natura 2000 e pertence a Reserva da Biosfera, aspecto que o fai diferenciador. Ademais conta con lagoas de gran valor paisaxístico con unha gran riqueza na variedade e estudo de aves e plantas.

3º.- Aspectos a mellorar, dar maior valor ou resaltar que fagan dos recursos patrimoniais e culturais un produto que defina a Terra Chá.

Importancia de destacar o patrimonio a través do Necroturismo, valorar e dar mais publicidade as características naturais propias da zona, humedais, estudo das aves, espazos protexidos (Reserva da Biosfera, Rede Natura...). Maior conservación e inversión no indicado anteriormente.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión sendo as 20:50 horas do día 10 de outubro do 2022.

Firmado:

Estudios Rafer SL





## ACTA PRESENTACIÓN DA ELABORACIÓN DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO 2023-2027

**Data:** Martes, 8 de novembro de 2022

**Hora:** Dende as 14:30 horas ata 16:30 horas

**Lugar:** Vilalba

**Asistentes:**

- Representantes do GDR-02 Terra Chá.
- Consultaría Estudos Rafer SL.
- Representantes de concellos:
  - Clemente Iglesias González de Riotorto
  - Jose M<sup>a</sup> López Rancaño de Abadín
  - Roberto García Pernas de Xermade
  - Armando Castosa Alvaríño de Cospeito
  - M<sup>a</sup> Sol Morandeira de Guitiriz
  - Elba Veleiro Fernández de Vilalba
- Representantes de entidades privadas e asociacións:
  - José Luis Polo Pena de Asoc. Amigos da Feira
  - José Antonio López Sierra da Fundación Blas Ponte
  - Jose Lodos Ferreiro da asoc. Terra Chá
  - Nicanor Barreiro Franco da Asoc. Veciñal Santa Catalina
  - Jaime González Perelar de societario de cazadores Terra Chá
  - Juan Novo García de AFRIGA

**ORDE DO DIA**

- 1º.- Presentación da Estratexia
- 2º.- Explicación da forma de participación por parte dos representantes das entidades públicas e privadas e entrega da documentación
- 3º.- Breve análise do contexto territorial da comarca



## DESENVOLVEMENTO

### 1º.- Presentación da Estratexia

Presentación para dar a coñecer aos asistentes da importancia da elaboración da estratexia mais a forma en como poden participar

### 2º.- Explicación da forma de participación por parte dos representantes das entidades públicas e privadas e entrega da documentación

Para coñecer a posible colaboración que poden aportar os representantes aportóuselles a cada un documento onde explicaba os distintos pasos para que achegase un proxecto ou iniciativa que queiran para o seu concello. Entregouse un documento diferente para aos representantes das entidades públicas e outro para as entidades privadas.

### 3º.- Breve análise do contexto territorial da comarca

De maneira global, fíxose preguntas para que cada membro puidese aportar unha opinión de como ve as zonas ou áreas do seu concello para a recuperación de terras, valoración do patrimonio e unha visión global da comarca.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión sendo as 16:30 horas do día 8 de novembro do 2022.

Firmado:

Estudios Rafer SL





## ACTA PRESENTACIÓN DA ELABORACIÓN DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO 2023-2027

**Data:** Luns, 28 de novembro de 2022

**Hora:** Dende as 19:00 horas ata 20:30 horas

**Lugar:** Vilalba

### **Asistentes:**

-Representantes do GDR-02 Terra Chá

- Consultoría Estudos Rafer SL

Representantes da poboación:

- Lourdes Otero Mato, A.M.R.S Bartolome

-Ángeles López Vian, Contratos y servicios P.L Lugo S.L

-Jorge Barja Sordo, Vinaroil

-Carlos López Femil, Jumor S.L

-Antonio Basanta González, Allplas

-Luis Braña Domínguez, Sande Bouza S.L

-José.. Fraga, Nenton Formación

-Mariana Roura González, Das Aradas Cooperativa. Galega

-María Elena Paz Loyo, Das Aradas Cooperativa Galega

-Praxedes Paz Fernández, Solucións Mecánicas Integrales

-José María García-Leira Boado, García y Boado S.L

-Ernesto Fernández Yáñez, Os Vacalouras

- Jose Rielo López, O Cruceiro Multiaventura.

### **ORDE DO DIA**

1º. Presentación do proxecto GDR.

2º. Puntos clave a debatir.

3º. Planteamento das ideas de proxectos futuro dos asistentes.

4º.-Aspectos negativos do concello.

5. Aspectos positivos que ten o concello.





## DESENVOLVEMENTO

### 1º.- Presentación do proxecto GDR.

Os representantes do GDR deron unha pequena introdución sobre cales son os pasos que se levan a cabo, cal é o obxectivo e como iba un pouco o estudo.

### 2º.-Puntos clave a debatir.

Os asistentes debatiron sobre o territorio, poboación e patrimonio do concello de Vilalba.

### 4º.Planteamento das ideas de proxectos futuro dos asistentes.

Algún asistente deu ideas de posibles negocios como o relacionado coas casas rurais, coa incorporaión de novos cultivos, mais industrias.

### 5º.- Aspectos negativos do concello.

Plantexaron as carencias que ten as despoboacion, o sector empresarial, o turismo, o terreno

### 6º.- Aspectos positivos do concello.

Analizaron os aspectos positivos que ten a zona, e que poderían explotar máis, como o turismo, o sector industrial, os produtos da zona.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión sendo as 21:30 horas do día 28 de novembro do 2022.

Firmado:

Consultoría Estudios Rafer SL

 Estudios  
Rafer s.l.  
C.I.F.: B-27.239.136



## ACTA PRESENTACIÓN DA ELABORACIÓN DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO 2023-2027

**Data:** Martes, 29 de novembro de 2022

**Hora:** Dende as 19:00 horas ata 21:00 horas

**Lugar:** Riotorto

**Asistentes:**

- Representantes do GDR-02 Terra Chá.
- Consultoría Estudos Rafer SL.
- Representantes da poboación.
- Luis Fernández, Asociación Veciñal Santa Catalina.
- Manuel Rivas Bouza, empresa Rivas Riotorto S.L.
- Sandra Acebrós Dopico Restaurante Casa Rodil.
- Eliseo Álvaro Fiallego Freire.
- Mercedes Rico Rodríguez, Librería Acuarela.
- Loli González, tenda A tenda de Loli.
- José Alberto Sequeiro, Sat Mundín.
- Pablo Cabodevila Pedril.
- Sofía Fernández Besteiro.
- Consuelo Besteiro García.
- Javier Miranda Vidueiro, Hortícola Javier Miranda.
- Luís Elías Seco Novo, gandeiro.

**ORDE DO DIA**

- 1º. Presentación do proxecto GDR.
- 2º. Presentación dos asistentes.
- 3º. Puntos clave a debatir.
- 4º. Planteamento das ideas de proxectos futuro dos asistentes.
- 5º.- Aspectos negativos do concello.
- 6.- Aspectos positivos que ten o concello.



## DESENVOLVEMENTO

### 1º.- Presentación do proxecto GDR.

Os representantes do GDR deron unha pequena introdución sobre cales son os pasos que se levan a cabo, cal é o obxectivo e como iba un pouco o estudo.

### 2º.- Presentación dos asistentes.

- Cada asistente presentouse dando datos sobre o seu negocio, como un restaurante de comida tradicional, unha librería, unha tenda, Sats gandeiras, e unha empresa de horticulas.

### 3º.-Puntos clave a debatir.

Os asisentes debatiron sobre o territorio, poboación e patrimonio do concello de Riotorto.

### 4º.Planteamento das ideas de proxectos futuro dos asistentes.

Algún asistente deu ideas de posibles negocios como o relacionado coas casas rurales, coa industria forestal...

### 5º.- Aspectos negativos do concello.

Plantexaron as carencias que ten as despoboacion, o sector empresarial, o turismo, o terreno...

### 6º.- Aspectos positivos do concello.

Analizaron os aspetor positivos que ten a zona, e que poderían explotar máis, como o turismo e o sector forestal.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión sendo as 21:00 horas do día 29 de novembro do 2022.

Firmado:

Consultoría Estudios Rafer SL.



## A.5.4 Confirmación de asistencia

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ

Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n  
27800 Vilalba (Lugo)  
T. 982 512 369  
terrachanaturalmente@gmail.com



Ilustración 19 Rexistro confirmación de asistencia

DATAS	CONCELLO	CARGO	NOME	TELEF.	CONFIRMACIÓN DE ASISTENCIA
13/10/22	Abadín	Técnico de emprego	Roberto Lindín Novo	982508021	
14/10/22	Riotorto	Técnico de emprego		982 34 62 22	
13/10/22	Pastoriza	Técnico de emprego	Mª Luz Sandamil Expósito	982 33 21 97	
	Muras	Técnico de emprego	-	666372328	
	Xermade	Técnico de emprego	Ernesto Ares Yañez	982 50 10 01	
	Guitiriz	Técnico de emprego	-	982 37 01 09	
10/10/12	Vilalba	Técnico de emprego	Gonzalo Hermida Carreira	982 51 03 05	
10/10/22	Cospeito	Técnico de emprego	-	610557563	
14/10/22	Castro de Rei	Técnico de emprego	Francisco Javier Valado	618908894	
14/10/22	Begonte	Técnico de emprego	Isaac Lopez Villamor	659356129 9-22 396143 EXT. 6	



DATAS	CONCELLO	CARGO	NOME	TELEF.	CONFIRMACIÓN DE ASISTENCIA
	Abadín	Alcalde	José Maria López Rancaño	661525736	
	Riotorto	Alcalde	Clemente Iglesias	606029625	
	Pastoriza	Alcalde	Primitivo Iglesias	659395878	
	Muras	Alcalde	Manuel Requeijo	666372328	
	Xermade	Alcalde	Roberto Pernas	608105464	
	Guitiriz	Alcalde	Marisol Morandeira Morandeira	982 37 01 09	11-10-2022
	Vilalba	Alcalde	Elba Veleiro	670734760	
	Cospeito	Alcalde	Armando Castosa Alvaríño	610557563	
11-10-2022	Castro de Rei	Alcalde	Francisco Javier Balado Teijeiro	618908894	
	Begonte	Alcalde	José Ulla Rocha	659356129	



CONTROL DE ASISTENCIA: REUNIÓN DÍA 04/10/2022 II MESA DE EMPREGO RURAL EN VILALBA						
Nº	NOME E APELIDOS	EMPRESA	NIE/NIF	CORREO ELECTRONICO	TELÉFONO	FIRMA
1	Maria Sanchez	INGENIERIA	7898546A	maria.sanchez@ingenieria.usiba.com	670 425 125	
2	Martin Cabreros		33351750W	martinho19botencia@gmail.com	670 262894	
3	Paula Gestó	MINDS	33554614Q	gestadicia.paula@gmail.com	636382326	
4	IRIA POSADA	Estudios Rajfer	33560737B	iria.posada@resididitro.com	662652232	
5						
6						
7						
8						
9						
10						

CONTROL DE ASISTENCIA CONEXIÓN ONLINE: DÍA 7/10/2022 II MESA DE EMPREGO RURAL EN VILALBA					
Nombre	Dirección de correo	DNI	Hora de reunirse	Hora de retirarse	Duración (minutos)
SOPORTE EXTERNO	digitalizacionpymeslugo@eoi.es		7/10/2022 10:38	7/10/2022 11:49	72
MARCOS VEIGA LORENZO	mavelo98@hotmail.com	34205436q	7/10/2022 10:44	7/10/2022 11:49	66
Lidia			7/10/2022 10:44	7/10/2022 11:49	65
Ani			7/10/2022 10:50	7/10/2022 11:49	59
Lidia			7/10/2022 10:52	7/10/2022 10:55	4
LAURA IGLESIAS FERNANDEZ	lauraiglesias28@gmail.com	34282849s	7/10/2022 10:52	7/10/2022 10:52	1
LAURA IGLESIAS FERNANDEZ	lauraiglesias28@gmail.com	34282849s	7/10/2022 10:52	7/10/2022 11:49	58
Usuario			7/10/2022 10:52	7/10/2022 11:49	57
Ginés			7/10/2022 10:54	7/10/2022 11:49	56
Iphone de Alberte			7/10/2022 10:56	7/10/2022 10:58	2
Lidia			7/10/2022 10:57	7/10/2022 11:49	53
Iphone de Alberte			7/10/2022 10:57	7/10/2022 11:11	15
Fernando GDR Terra Chá			7/10/2022 10:57	7/10/2022 11:02	5
Paula			7/10/2022 11:00	7/10/2022 11:00	1
Fernando GDR Terra Chá			7/10/2022 11:01	7/10/2022 11:09	9
Daniel Pardo Rus (Innogando)			7/10/2022 11:01	7/10/2022 11:49	49
ResiD			7/10/2022 11:04	7/10/2022 11:49	46
Paula			7/10/2022 11:05	7/10/2022 11:05	1
Paula			7/10/2022 11:06	7/10/2022 11:07	1
Paula			7/10/2022 11:07	7/10/2022 11:27	20
Fernando			7/10/2022 11:10	7/10/2022 11:51	42
Iphone de Alberte			7/10/2022 11:12	7/10/2022 11:49	37



REUNIÓN DÍA 08/11/2022 CON REPRESENTANTES DE ENTIDADES PÚBLICAS E PRIVADAS EN VILALBA						
Nº	NOME E APELIDOS	EMPRESA	NIE/NIF	CORREO ELECTRONICO	TELÉFONO	FIRMA
1	José Luis Polo Pena	Asoc. Amigos da Ferras	33337092L	luis.polo@calumetrol.com	6550106241	[Firma]
2	Clemente Iglesias Concha	Concello de Riotorto	76576.043-G	c.iglesias@aymulo.com	606029625	[Firma]
3	José M <sup>o</sup> López Riancho	Concello de ABADIN	35811953-K	alcaldedeabadin@gmail.com	661525736	[Firma]
4	Roberto Garcia Peres	Concello de Xerunde	33302272-E	rperes@xerunde.es	608105464	[Firma]
5	José A. López Seoane	FUNDACIÓN PLAS PODE	33373.766V	siemra@plaspode.com	607663864	[Firma]
6	Agustín de Abajo, Manuel	Concello de Castrelo	33858630-P	manueldecastrelo@aymulo.com	610557663	[Firma]
7	José Sada Ferreiro	Centro Cultural O Miño	33857635-N	josésada@aymulo.com	638518703	[Firma]
8	José Manuel Brey	Turismo X. en	46567739-V		659007346	[Firma]
9	M <sup>o</sup> Sr. Manuel	Concello Guizuriz	32776632E	alcaldia@concellodeguizuriz.com	676278959	[Firma]
10	Micaela García Sainza	As. Vecind. Sainza de Celis	33852691-A	micela@aymulo.com	62688757	[Firma]

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ

Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n  
27800 Vilalba (Lugo)  
T. 982 512 369  
terrachanaturalmente@gmail.com



REUNIÓN DÍA 08/11/2022 CON REPRESENTANTES DE ENTIDADES PÚBLICAS E PRIVADAS EN VILALBA						
Nº	NOME E APELIDOS	EMPRESA	NIE/NIF	CORREO ELECTRONICO	TELÉFONO	FIRMA
1	Jaima Glaz Ponzar	Societario de creador Terra Chá	33350072A	presidencia@terrachá.es	661434294	[Signature]
2	JUAN HOUO JORCIA	AFRICA	338270490	gracoza@guadalupe.com	620884604	[Signature]
3	ELBA VEZTO FERR	Concello de Vilalba	354247411	elbareleiro@hota.nl.com	670734760	[Signature]
4						
5						
6						
7						
8						
9						
10						

110

REUNION DIA 28/11/2022 REUNION PARTICIPATIVA XERAL EN VILALBA						
Nº	NOME E APELIDOS	EMPRESA	NIE/NIF	CORREO ELECTRONICO	TELÉFONO	FIRMA
1	Soledad Castro Ulla	AMR. s. Benito Benito	339551312-G	soledadcastro@quindica.com	696618452	[Signature]
2	ANJELES LOPEZ VARI	CONTRATOS Y SERV. P. ULLA	76570519-7	anjeloz15@yahoo.es es.compedac@vzypcheros	619766438 619766438	[Signature]
3	VIBADOL SL					
4	VIBARO					
5	JORGE CARLA SYLDO	VIBADOL	76572159-F	ccs@vibaro.es	619765690	[Signature]
6	CARLOS LOPEZ FAMIL	VUNDR SL	339569967	jesucea@vunv.es	657947610	[Signature]
7	Antonio Prieto Casado	ALLPLAS	33325822H	pvc@allplas.stemas.es	600967258	[Signature]
8	Luis Brañas Domínguez	SINCA BOGA, SL	3169322X	administracion@sinca.com	680142795	[Signature]
9	JOSE D. FERRER	NEWTON FORMACIÓN	7657851H	josean@newtonformacion.es	667052849	[Signature]
10	MARILINA ROCHA SÁNCHEZ	elci Anid y S. Comp. Gal.	47364688-Y	rocha.maria@quindica.com	646.851530	[Signature]

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ

Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n  
27800 Vilalba (Lugo)  
T. 982 512 369  
terrachanaturalmente@gmail.com



REUNION DIA 29/11/2022 REUNION PARTICIPATIVA XERAL EN RIORTORTO						
Nº	NOME E APELIDOS	EMPRESA	NIE/NIF	CORREO ELECTRONICO	TELÉFONO	FIRMA
1	Rúa's Hinzardi	Asociación Veciñal Sanjal	3324932-U	Hinzardi@naba.es	98937614	<i>[Signature]</i>
2	HANUEL RIVAS BOUZA	RIVAS RIORTORTO S.L	827405943	hribas@riortorto.com	600314064	<i>[Signature]</i>
3	Sandra Acebrós Dofeio	CASA RÓDIC	33315-213-N	Sandraacebrós@yahoo.es	629028702	<i>[Signature]</i>
4	ELIJO ALVARO	Fidalgos FREIXA	57654868#	3FIVEANAR	Riortorto	<i>[Signature]</i>
5	Mercedes Rico Rodriguez	LIBRERIA ACUARELI	333076495	ilriome@pe@gmail.com	626952805	<i>[Signature]</i>
6	Loli Fajal Slez	A TENDA DE LOLI	76566819-A	loli.fajal@riortorto.es	676375103	<i>[Signature]</i>
7	Jose L. de la Serna	Granxaría SAT MUDIM	33285764-E	laserde@riortorto.es	606773901	<i>[Signature]</i>
8	Pablo Anxarilla Ronze	Terzo Anxarilla	33539513-E	pabr@anxarilla.com	622673894	<i>[Signature]</i>
9	SOFÍA FDEZ. BESTEIRO	SOFÍA FDEZ. BESTEIRO	34290510-P	sofia-fombas@agruel.com	69014695	<i>[Signature]</i>
10	CONSUELO BESTEIRO GARCIA	CONSUELO BESTEIRO GARCIA	333073918-U	cnbesteiro@gmail.com	680450468	<i>[Signature]</i>

REUNION DIA 29/11/2022 REUNION PARTICIPATIVA XERAL EN RIORTORTO						
Nº	NOME E APELIDOS	EMPRESA	NIE/NIF	CORREO ELECTRONICO	TELÉFONO	FIRMA
1	Javier Nuanda Veloso	Hortícolas Javier Nuanda	33538191-A	info@horticolasjaviernuanda.es	628721007	<i>[Signature]</i>
2	Juan Elias Seoane Nov	Gauderis	33345632-Y	juanchas.seoane@gmail.com	620388564	<i>[Signature]</i>
3						
4						
5						
6						
7						
8						
9						
10						





CONTROL DE ASISTENCIA: REUNIÓN DÍA 10/10/2022 PLAN DE SOSTENIBILIDADE TURIÍSTICO TERRA CHÁ, REPRESENTANTES DO SECTOR HOSTELEIRO						
Nº	NOME E APELIDOS	EMPRESA	NIE/NIF	CORREO ELECTRONICO	TELÉFONO	FIRMA
1	Adela Rae Bata	Estudios Rater S	33558011-E	adela.pb.92@gmail.com	606 28 2251	
2	Rosario M. Blanco Rodríguez	Café Bar Restaurant Suro	34279797-E	cmrosarina@gmail.com	633018598	
3	Jorge Loureiro Viquez	Bar A amurcadeira	76583592X	JorgeLoureiro4@icloud.com	698 11 95 66	
4	Sara Rodríguez Gudi	Bar CUDS	33505316M		666234933	
5	MIGUEL LOMBARDI VIZCARRA	AMEVUOLA	76573896L	amianda1@yahoo.es	687730687	
6	Pilar Gomez Gadea	A Carballeira	23318752B	PilarGomezGadea@gmail.com	679759504	
7	Clemente Iglesias González	Concello de RIOTORO	76-576.043-G	cleiglesias@gmail.com	606029 625	
8	Armando Costeira Araújo	Concello Cospoita	33358630-P	armandocosteiraaraujo@xnet.es	610 55 75 59	
9	Francisco J. Balado Teijeira	Concello Pateo Rei	33327647-K	concello.custodios@icloud.com	618 08 88 94	
10						

CONTROL DE ASISTENCIA

PLAN DE SOSTENIBILIDADE TURIÍSTICO TERRA CHÁ

SEDE: VILALBA

FECHA: 03/10/22 17:00

NOME E APELIDOS	NIF/NIE	EMPRESA	TELEFONO	FIRMA
Adela Rae Bata	33558011-E	Estudios Rater S	606 28 2251	
MIGUEL CARREIRA ROCHELA	33536105-N	PENSION VILLALTA	637750642	
MARIANA ROURA SÁNCHEZ	47364688-Y	clal Arceles P. Coop. Galega	646-851530	
MARIA HELENKA PAIS LOJO	88790441-E	CAS ARRIARAS S. COOP. GALEGA	678-410703	
Concepción Silva Prieto	33313167-P	LEMBRANZAS	675405292	
Armando Neto Louca	33850604-D	Com. N. de R. B. de	636 07 201	
DAVID FERNÁNDEZ LÓPEZ	33339848-Z	CASA UÑELA	659 60 23 46	
Boris Roca Carreira	33557719-Y	Somos Terra	607 02 7 40	
Eva López Quiroga	33559300-T	Somos Terra	628 84 28 35	
M. Xosé Pemas y Lújar	33302624-G	Albergue os Pedreiros	33302624-6	



CONTROL DE ASISTENCIA

PLAN DE SOSTENIBILIDADE TURÍSTICA TERRA CHÁ

SEDE: VILALBA

FECHA: 17:00 - 03/10/2022

NOME E APELIDOS	NIF/NIE	EMPRESA	TELEFONO	FIRMA
BEGONA CAÑE VERDES	7657752 B	ESTUDIOS RSR	689690347	

CONTROL DE ASISTENCIA: EN VILALBA, REUNIÓN DÍA 10/10/2022 PLAN DE SOSTENIBILIDADE TURÍSTICO TERRA CHÁ, REPRESENTANTES DO SECTOR CULTURAL						
Nº	NOME E APELIDOS	EMPRESA	NIE/NIF	CORREO ELECTRONICO	TELÉFONO	FIRMA
1	Maria Saavedra Corc	Etnografía	765724975	maedape47@gmail.com	626375187	
2	MARIANA ROURA SÁNCHEZ	das Arceas s. Coop. Sglpa	47384688-Y	rouraoviol@guiaf.com	646851530	
3	MARIA PELEAÑA ANS LOBO	DEL ARCEAS S. COOP. GALICIA	47892441-F	witericus@gmail.com	678415728	
4	M <sup>RS</sup> ANGELES RIVAS VARELA	M.V.M.C NETE	33860715G	gela.nete@hotmail.com	646006167	
5	MARTA GOMEZ GARCIA	CUV LUGAR 10 S.L	78797964	martagomezgarcia@b...com	679080826	
6	HORTENSIA VÍAS VIGUERA	"	620786326	hortenciaviasviguera@yanul...com	626402636	
7	José Lito Prieto Prieto	A.P. Amigos da Igrexa Sanxudante	46508730M	lito.prieto@gmail.com	652790270	
8						
9						
10						

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ

Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n  
27800 Vilalba (Lugo)  
T. 982 512 369  
terrachananaturalmente@gmail.com

## A.5.5 Entrevistas con empresas

### Ilustración 20 Entrevista a empresas potenciais

#### ENTREVISTA A EMPRESAS POTENCIAIS DO GDR-2 TERRA CHÁ (Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, Riotorto, Pastoriza A, Vilalba e Xermade)

CONCELLO: XERMADE

EMPRESA: XARDINOR SL

DATA: Xoves, 20 de outubro de 2022

1. Coñece, o LEADER ou outros programas similares que se desenvolveron na súa zona a través dos Grupos de Desenvolvemento Rural (GDRs)? Se a resposta é si, Beneficiouse en algún momento destes programa?

*Non coñezo propiamente o Leader pero si o GDR e teño participado en subvencións.*

2. Como empresa ou negocio, como lle afecta ou beneficia pertencer comarca da Terra Chá?

*Por un lado o beneficio é que é un lugar tranquilo, un polígono pequeno no que é fácil encontrar a empresa.*

*Aféctame principalmente na man de obra porque hai poucos habitantes no concello e ademais é poboación envellecida. Obriga a que os empregados teñan que desprazarse desde outros concellos e non a todos lles merece a pena.*

3. Cre que se necesita mais apoio ou se carece de medios por parte da comarca para poder levaba acabo as actividades ou servizos como desexaría? Por favor, intente xustificar a resposta.

*Os apoios sempre veñen ben e fan falta. Por parte da administración local fai falta mais apoio e colaboración. Como medios, carecemos de boas infraestruturas, sobre todo en carreteras, son escasas e moi necesarias para transportar as pontes (un dos nosos produtos)*



**4. Cales son as desvantaxes, en xeral, que presenta a contorna e que necesita intervención ou darlle máis importancia para poder poñela en valor?**

*As infraestruturas e un punto clave ao que lle hai que dar máis importancia, non só para as empresas senón para calquera turismo que necesite desprazarse para chegar ao concello e polo tanto, ao polígono.*

**5. Se alguén lle preguntase as razóns polas que debe emprender ou crear un negocio na zona, Cales aportaría?**

*Hoxe mesmo non encontro razóns para aportar a quen quixera emprender ou crear un negocio aquí. Existen trabas pola administración e as infraestruturas son moi limitadas.*

**6. Se o considera, aporte unha idea, proxecto ou medida que considera que é importante para ter en conta nos novos programas que se desenvolvan.**

*O dito anteriormente, mais e mellores infraestruturas.*

*Actualmente conto seguir aumentando o negocio, ou cambian un pouco as cousas ou probablemente marche por outro lado, é preciso maior implicación e proxectos que motiven para seguir medrando na comarca.*

Firma ou selo da entidade

Terra Chá, s.l.  
C.I.F. B-27199281  
Asociación de Desenvolvemento Comarcal da Terra Chá  
Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n  
27800 Vilalba (Lugo)  
T. 982 512 369  
terrachanaturalmente@gmail.com



ENTREVISTA A ASOCIACIÓNS POTENCIAIS DO GDR-2 TERRA  
CHÁ (Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, Riotorto,  
Pastoriza A, Vilalba e Xermade)

CONCELLO: Xermade

ASOCIACIÓN: AA VV Cabreiros

DATA: 19/10/2022

1. Coñecede, o LEADER ou outros programas similares que se desenvolveron na súa zona a través dos Grupos de Desenvolvemento Rural (GDRs)? Si a resposta e sí, Beneficiouse en algún momento destes programa? Si, esta AA VV foi beneficiada o aprobar o proxecto da musealización da antiga igrexa de Cabreiros
2. Como asociación da comarca, cre que se precisa mais apoio ou que carece de medios para poder levar acabo ou realizar máis actividades?. Non carecemos de apoios para levar a cabo o programa de actividades que xeramos todo a anos pero tamén e certo que si temos mais posibilidades estamos abertos a elaborar mais iniciativas de cara o noso obxectivo común. Potenciar o rural.
3. Cales son as desvantaxes, en xeral, que presenta a contorna e que necesita intervención ou darlle máis importancia para poder poñela en valor? As principais desvantaxes o meu parecer sería o non aproveitamento dos terreos para xerar riqueza e posibilidades de emprego, ben e certo que mais especificamente poderíamos debullar outros matices pero principalmente o antes exposto sen esquecer as comunicacións dende o lado técnico, o rural non pode camiñar trinta anos atrás do urbano nese sentido e mais nos tempo nos que nos atopamos



4. Se alguén lle preguntase as razóns polas que debe vivir ou crear un negocio na zona, Cales aportaría? Non creo que a miña opinión sexa moi obxectiva porque nacín, me criei e vivo no rural pero ese éxodo de fai corenta anos do rural o urbano foi masivo estando agora revirándose anque sexa moi paseniñamente, as agullas do reloxo teñen outro ritmo e iso ter un valor engadido tanto no plano emocional coma no físico que a xente comeza a valorar, deberíamos pensar mais na calidade de vida
5. Se o considera, aporte unha idea, proxecto ou medida que considera que é importante para ter en conta nos novos programas que se desenvolvan.
- Como xa dixen o aproveitamento dos terreos coa mira posta na creación de emprego
  - Poñer en valor o noso patrimonio co aproveitamento do turismo como fonte de movemento da economía.
  - Dar capacidade non soamente de opinión senón de acción as AA VV que desexen implicarse.

Firma ou selo da entidade





ENTREVISTA A EMPRESAS POTENCIAIS DO GDR-2 TERRA  
CHÁ (Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, Riotorto,  
Pastoriza A, Vilalba e Xermade)

CONCELLO: GUITIRIZ

EMPRESA: ALUMINIOS BALSA S.L.

DATA: 24/10/2022

1. Coñecede, o LEADER ou outros programas similares que se desenvolveron na súa zona a través dos Grupos de Desenvolvemento Rural (GDRs)? Se a resposta e si, Beneficiouse en algún momento destes programa?

Non, non coñecemos este tipo de programas e en ningún momento nos beneficiamos das súas posibles vantaxes.

2. Como empresa ou negocio, como lle afecta ou beneficia pertencer comarca da Terra Chá?

Pertencer á Terra Chá pode considerarse prexudicial polo nivel de illamento da poboación. En empresas coma a nosa, na que o traballo se realiza na vivenda do cliente, este illamento provoca un aumento da dificultade e o tempo dedicado ao traballo. Así mesmo, na Terra Chá existe un escaso desenvolvemento empresarial e atoparse lonxe dos grandes centros urbanos afecta aos negocios xa establecidos na zona.

3. Cre que se necesita mais apoio ou se carece de medios por parte da comarca para poder levaba acabo as actividades ou servizos como desexaría? Por favor, intente xustificar a resposta.

Creemos que é importante aumentar os recursos dos que se dispón para axudar aos negocios existentes pero o máis beneficioso sería ser capaces de atraer outros novos, con novos empregos que ofertar que enriquezan a zona. Un aumento da rede empresarial, leva consigo un aumento da poboación e da



demanda de outros recursos, que fan prosperar a comarca. Actualmente, os medios de apoio son dende a nosa perspectiva moi descoñecidos, pois gran parte das empresas descoñecen que poden beneficiarse de algún destes.

4. Cales son as desvantaxes, en xeral, que presenta a contorna e que necesita intervención ou darlle máis importancia para poder poñela en valor?

Esta comarca non se adaptou a nova forma de facer negocio, mentres comarcas próximas aumentan os seus parques empresariais e aumentan a súa poboación e capacidade tecnolóxica, a comarca da Terra Chá so diminuíu tanto en poboación como oportunidades de futuro.

5. Se alguén lle preguntase as razóns polas que debe emprender ou crear un negocio na zona, Cales aportaría?

Coa xestión apropiada podería ser unha zona próspera nun futuro, pois a súa posición xeográfica sitúaa a media distancia da gran parte de Galicia, así como do resto de España. A pesar de que, actualmente, a zona non sexa a propicia para o desenvolvemento empresarial.

6. Se o considera, aporte unha idea, proxecto ou medida que considera que é importante para ter en conta nos novos programas que se desenvolvan.

Creo que é moi importante que nos novos programas que se desenvolvan se teña en conta que unha gran parte das medidas que se levan a cabo son descoñecidas pola poboación obxectivo, polo que unha correcta divulgación é imprescindible. Crear novos programas para persoas e negocios que non saben que existen son un esforzo desperdiciado.

Firma ou selo da entidade





ENTREVISTA A ASOCIACIÓNS POTENCIAIS DO GDR-2 TERRA  
CHÁ (Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, Riotorto,  
Pastoriza A, Vilalba e Xermade)

CONCELLO: CASTRO DE REI

ASOCIACIÓN: AEMPCA

DATA: 24/10/2022

1. Coñecede, o LEADER ou outros programas similares que se desenvolveron na súa zona a través dos Grupos de Desenvolvemento Rural (GDRs)? Si a resposta e sí, Beneficiouse en algún momento destes programa?

**SI e SI**

2. Como asociación da comarca, cre que se precisa mais apoio ou que carece de medios para poder levar acabo ou realizar máis actividades?.

**Todo o que sexa apoio e máis apoio, benvido!**

3. Cales son as desvantaxes, en xeral, que presenta a contorna e que necesita intervención ou darlle máis importancia para poder poñela en valor?

**En xeral, todo tipo de medios de comunicación e dala a coñecer.**

non chega a nosa empresa, todo o que ten que ver co dixitalización e traballo na nube, remoto, etc... está lastrado por ter unha rede de comunicación de datos deficiente e de alto coste.

O subministro de auga potable ten mellorado en épocas recentes en termos de dispoñibilidade, o punto de mellora neste campo e a calidade xa que presenta algúns parámetros de calidade que dificultan o seu uso na industria alimentaria e fan necesarios tratamento para mellorar a calidade.

4. Cáles son as desvantaxas, en xeral, que presenta a contorna e que necesita intervención ou darlle máis importancia para poder poñela en valor?

Desde Innolact creemos que os principais desafíos é a fixación de poboación xove o medio rural, e fundamentalmente darlle continuidade a actividade gandeira, de produción de leite nas futuras xeracións.

5. Se alguén lle preguntase as razóns polas que debe emprender ou crear un negocio na zona, Cales aportaría?

Boas comunicacións.

Estamos cerca de materias primas lacteas de alta calidade.

Polígono industrial de Castro moi dinámico, con alta concentración de industrias agroalimentarias que da lugar a sinerxías.

Proximidade ao campus de Lugo, campus Terra, de alta especialización en actividade agroalimentaria. Existencia na zona da granxa Gayoso Castro, que debería de aportar capacidades de innovación e formación no campo da produción de leite.

6. Se o considera, aporte unha idea, proxecto ou medida que considera que é importante para ter en conta nos novos programas que se desenvolvan.

Programas enfocados ó relevo xeracional, a continuidade da actividade gandeira especialmente de produción de Leite con participación de todos os axentes implicados.


Crear bolsas de chan o redor dos parques empresariais para ter previsto o crecemento de actividade industrial.

Potenciar as capacidades de depuración de auga de traida para os parques empresariais e os pobos.

Potenciar as capacidades de depuración de augas residuais para os parques empresariais e os pobos.

32793183J Firmado  
SERGIO digitalmente por  
MARTINEZ 32793183J  
(R: SERGIO MARTINEZ  
B27341502) (R: B27341502)  
Fecha: 2022.10.25  
18:32:53 +02'00'

Firma ou sello da entidade



ENTREVISTA A ASOCIACIÓNS POTENCIAIS DO GDR-2 TERRA  
CHÁ (Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, Riotorto,  
Pastoriza A, Vilalba e Xermade)

CONCELLO: VILALBA

ASOCIACIÓN: ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS SETE PONTES

DATA: 25 DE OUTUBRO DE 2022

1. Coñecede, o LEADER ou outros programas similares que se desenvolveron na súa zona a través dos Grupos de Desenvolvemento Rural (GDRs)? Si a resposta e sí, Beneficiouse en algún momento destes programa?

Sí coñecemos o programa LEADER, pero nunca non beneficiamos de dito programa

2. Como asociación da comarca, cre que se precisa mais apoio ou que carece de medios para poder levar acabo ou realizar máis actividades?.

Sí que precisamos máis apoio das Administracións Públicas. Nós realizamos varias actividades ao longo do ano, pero con apoio poderían facerse moitas máis ou mellorar as que xa se realizan para dinamizar o consumo no pobo.

3. Cales son as desvantaxes, en xeral, que presenta a contorna e que necesita intervención ou darlle máis importancia para poder poñela en valor?

A principal desvantaxa que vemos, concretamente en Vilalba, é a falta de chan industrial para o asentamento de novas empresas, o que conlevaría á creación de postos de traballo, aumento de poboación, crecemento da riqueza,...

4. Se alguén lle preguntase as razóns polas que debe vivir ou crear un negocio na zona, Cales aportaría?

Vilalba é un pobo que ten moitas posibilidades, está moi ben situada a nivel loxístico e podería ser un centro neuráxico empresarial.

5. Se o considera, aporte unha idea, proxecto ou medida que considera que é importante para ter en conta nos novos programas que se desenvolvan.

A medida fundamental que consideramos é máis apoio das Administracións Públicas.



Firma ou selo da entidade




ENTREVISTA A ASOCIACIÓNS POTENCIAIS DO GDR-2 TERRA  
CHÁ (Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, Riotorto,  
Pastoriza A, Vilalba e Xermade)

CONCELLO: XERMADE

ASOCIACIÓN: AMURAXE. ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS DE XERMADE

DATA: 28/10/2022

1. Coñecede, o LEADER ou outros programas similares que se desenvolveron na súa zona a través dos Grupos de Desenvolvemento Rural (GDRs)? Si a resposta é sí, Beneficiouse en algún momento destes programa? Si que sei de que vai mais ou menos pero nunca nos beneciamos deles, nin sei de ningun proxecto cercano que o fixera.
2. Como asociación da comarca, cre que se precisa mais apoio ou que carece de medios para poder levar acabo ou realizar máis actividades?  
No noso caso somos unha asociación pequena e para realizar as actividades dependemos moitísimo das axudas para que así evitar que as alumnas teñan que pagar todo o coste da actividade. E o feito de ser subvencionada a actividade fai posible que sexa mais económico a actividade e provoca que exista mais demanda.



3. Cales son as desvantaxes, en xeral, que presenta a contorna e que necesita intervención ou darlle máis importancia para poder poñela en valor?

Desde o punto de vista da asociación: envellecemento da poboación, e o pouco interes da pouca xente nova en involucrarse coa cultura do rural, en facer cousas xuntos entre os veciños.

4. Se alguén lle preguntase as razóns polas que debe vivir ou crear un negocio na zona, Cales aportaría?

Xermade é un municipio rural que está moi cerca de calquera centro urban( Lugo, Ferrol, As Pontes, Vilalba), polo que tes os servizos moi cerca. Desde xeito tes a comodidade de vivir no rural coa súa tranquilidade, o entorno, etc, e tamen estás cerca da cidade para ter cerca os servizos.

5. Se o considera, aporte unha idea, proxecto ou medida que considera que é importante para ter en conta nos novos programas que se desenvolvan.

Programas de incentivar a xente nova a quedarse no rural a vivir, tendo axudas para a vivenda, para reformar, etc.....

Formación nos mais novos, xa na escola, para que vexan que vivir e traballar no rural é posible, é dicir potenciar a figura do agricultor e gandeiro.

Aceso a internet a mellor calidade do servizo.

Firma ou selo da entidade

33350195B  
VERONICA  
AMARELO (R:  
G27212281)

Firmado digitalmente por  
33350195B VERONICA  
AMARELO (R: G27212281)  
Fecha: 2022.10.28  
12:49:37 +02'00'

## ENTREVISTA A ASOCIACIÓN POTENCIAIS DO GDR-2 TERRA

CHÁ (Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospolto, Guitiriz, Muras, Riotorto,  
Pastoriza A, Vilalba e Xermade)

CONCELLO: VILALBA

ASOCIACIÓN: ASOC. VECINOS S. CASME DE NETE

DATA: 14/12/22

1. Coñece, o LEADER ou outros programas similares que se desenvolveron na súa zona a través dos Grupos de Desenvolvemento Rural (GDRs)? Si a resposta é si, Beneficiouse en algún momento destes programa?

Si. Non nos beneficiamos do Programa de rectamente.

2. Como asociación da comarca, cre que se precisa máis apoio ou que carece de medios para poder levar acabo ou realizar máis actividades?

Tendo en conta as actividades que organizamos, non nos dispoñemos de medios ou recursos económicos suficientes. Sobrevivimos a base do subv., os únicos ingresos que temos son as cotas de socios e son insuficientes.

3. Cales son as desvantaxes, en xeral, que presenta a contorna e que necesita intervención ou darlle máis importancia para poder poñela en valor?

A despobosación e o envellecemento dos veciños que permanecen na aldea.

4. Se alguén lle preguntase as razóns polas que debe vivir ou crear un negocio na zona, Cales aportaría?

- Para evitar a fuga de xente nova do rural  
- Para dinamizar as nosas aldeas  
- Para "contar" coa xente maior e darlle unha oportunidade de descubrir cousas novas e participar en actividades, aínda que sexan pequenas.

5. Se o considera, aporte unha idea, proxecto ou medida que considera que é importante para ter en conta nos novos programas que se desenvolvan.

Debería darse a coñecer toda a potencialidade das nosas aldeas, recuperar costumes antigos interesantes nos que se colaboraba entre todas para as diferentes tarefas, recuperar sitios como os lavandeiros e fontes onde se xuntaban para lavar pero era un vehículo de escape onde se abordaban os problemas de cada un (maioritariamente mulleres) e se compartían inquietudes e se apoiaban mutuamente.

Firma ou selo da entidade

Asoc. Vec. Nete  
Fdo. Angeles Rivas Viquez  
- Presidente -

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ

Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n  
27800 Vilalba (Lugo)  
T. 982 512 369  
terrachanaturalmente@gmail.com





## B. Análise e diagnóstico do contexto territorial e socioeconómico que afecta o desenvolvemento rural no ámbito territorial proposto.

### B.1. Realidade territorial

O territorio da Terra Cha caracterízase por ter una gran uniformidade pola súa plenitude topográfica nunha superficie de 1.889 km<sup>2</sup>. Trátase de unha chaira rodeada pos serras montañosas que a limitan co resto dos territorios e atravesado polo río Miño, en el conflúen afluentes que veñen das montañas dos redores. Todo isto fai que sexa un territorio eminentemente agrícola e gandeiro con unha estrutura económica vencellada ó sector primario (principalmente gandeira de leite e carne), con centros de transformación de produtos agro alimentarios a través de todo o territorio, empresas de servizos agrarios e forestais, talleres mecánicos, venta de maquinaria agrícola ...A chaira tamén facilita que conte con vías de comunicación que permiten desprazarse por todo o territorio de forma rápido e factible sumado a calidade de infraestruturas que xera que os límites xeográficos non sexa un factor de limitación e exista boa comunicación entre os concellos. O asentamento da poboación é característico do rural, con unha morfoloxía dispersa (vivendas illadas) ou concentrada en pequenos núcleos rodeados, a maior parte por terras ocupadas de prados e cultivos.

#### B.1.1 Delimitación

O ámbito territorial da Asociación de Desenvolvemento Comarcal da Terra Chá comprende 10 concellos situados no interior da provincia de Lugo: Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Riotorto, Vilalba e Xermade. Estes concellos a súa vez están formados por 176 parroquias que están integradas por un total de 2.172 lugares. Se ademais, temos en conta a delimitación por partidos xudiciais abarca o de Mondoñedo, cos concellos de Abadín, Pastoriza e Riotorto, o partido xudicial de Lugo cos concellos de Castro de Rei e o partido xudicial de Vilalba que abarca a maior parte dos concellos: Begonte, Cospeito, Guitiriz, Muras, Vilalba e Xermade.



A terra Chá está rodeada polos rebordes montañosos. Na zona do norte, a comarca delimita coa serra da Carba e do Xistral (con unas altitudes superiores os 800m) e montes de A Toxiza e de A Carba; polo lado do leste delimita co Cordal de Neda, coa Serra de Meira e coa Serra do Pousadoiro (con una altitude que oscila entre os 600-800m). No lado do oeste está a chamada Dosal Galega, que a separa da provincia de A Coruña e está formada de norte a sur pola Serra da Loba, o Cordal de Montouto e a Serra da Cova da Serpe (alturas inferiores os 800).

Os concellos de Cospeito e Castro de Rei son as áreas deprimidas máis representativas onde a difícil drenaxe se manifesta na presenza de pequenas lagoas e terreos encharcados no inverno. Dúas das lagoas máis importantes son as de Cospeito e as de Caque en Castro de Rei.

A Terra Chá contén numerosos vales fluviais, orixinados polas augas procedentes das montañas exteriores. Esta riqueza hidrográfica e a planicie da zona dan lugar aos abundantes humidais, a pequenos outeiros e a meandros vagarosos. O seu curso principal é o Miño, que organiza practicamente a totalidade da súa rede hidrográfica. A serra de Meira é o lugar de orixe do Miño. Os seus afluentes neste curso alto, entre os

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ

Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n  
27800 Vilalba (Lugo)  
T. 982 512 369  
terrachanaturalmente@gmail.com



que destacan o Feás, o Regolongo, o Azúmara, o Pol e o Lea, regan a superficie occidental. Outros leitos da cunca miñota son o Anllo ou o Ladra, que recibe practicamente toda a auga da parte occidental da Terra Chá, converténdose así no tributario máis importante do curso alto do Miño. No noroeste, localízase un pequeno val formado polos afluentes da cabeceira do Eume e polo propio río, esta zona atópase nos concellos de Muras e Xermade.

Posúe un clima subcontinental o cal somete á comarca a rigores térmicos. Nos meses invernaís a media baixa dos 8 °C con frecuentes xeadas ata ben entrada a primavera. As precipitacións atópanse entre os 1000 e 1200 mm anuais. Ademais as diferenzas estacionais son acusadas no inverno superan o 25% non chegando ao 10% no verán.

Dentro da comarca tamén contamos con espazos protexidos ou de importante valor paisaxístico como a Rede Natura 2000, Reserva da Biosfera “Terras do Miño”, zona de especial protección (ZEP) como é a Serra do Xistral, a ZEP Parga-Ladra-Támoga (ambas zonas no ano 2004 tamén foron declaradas lugar de interese comunitario). Todo isto, debido a importancia que ten para a nosa comarca será analizada con maior profundidade no apartado “Análise da situación actual de uso e xestión do territorio correspondente”.

Como principais condicionantes ou retos ambientais está a estrutura económica vencellada ó sector primario (sector gandeiro e agrícola). A agricultura é o maior produtor de augas residuais, por volume, e o gando xera moitas máis excrecións que os humanos. A medida que se intensificou o uso da terra, aumentaron enormemente o uso de pesticidas sintéticos, fertilizantes e outros insumos. Aínda que estes insumos axudaron a impulsar a produción alimentaria, tamén deron lugar a ameazas ambientais, así como a posibles problemas de saúde humana”. Os contaminantes agrícolas máis preocupantes para a saúde humana son os patóxenos do gando, praguicidas, nitratos nas augas subterráneas, oligoelementos metálicos e os contaminantes emerxentes, incluídos os antibióticos e os xenes resistentes aos antibióticos excretados polo gando. Todo isto será importante para marcar os obxectivos na estratexia debido a importancia da gandería e do valor que ten a hidrografía na comarca.



### B.1.2 Encadramento funcional

A mobilidade diaria da poboación é un indicador preciso e interesante para a zona debido a que os desprazamentos, en concreto os laborais, están moi presentes no día a día na poboación dos municipios do territorio. Como xa se comentou, a poboación caracterízase por ser dispersa e asentada en pequenos núcleos, o que obriga a ter que desprazarse por motivos de traballo, procura dos servizos básicos (supermercados, centro de saúde, escolas, entidades financeiras...) e servizos públicos localizados en núcleos moi concretos. Dentro dos inconvenientes que ten a mobilidade diaria o territorio conta con unha vantaxe ao ter unha localización céntrica dentro da provincia e cunha encrucillada de alto valor nodal na rede de comunicación rexional e nacional, ademais, a súa plenitude fai que as comunicacións terrestres sexan de calidade e directas.


O territorio da Asociación de Desenvolvemento Comarcal da Terra Chá, presenta varios factores que fan que se trate dun territorio cohesionado funcionalmente. Trátase dunha chaira rodeada pos serras montañosas que a limitan co resto dos territorios. Factor común tamén é que se trata dun territorio atravesado polo río Miño, en el conflúen afluentes que veñen das montañas dos redores. Como factores económicos a comarca é un territorio eminentemente agrícola e gandeiro vencellada ó sector primario (principalmente gandería de leite e carne), con centros de transformación de produtos agroalimentarios a través de todo o territorio. Outra característica desta cohesión é que na comarca da Terra Chá vense xestionando o Leader dende o ano 1994. A Fundación para o Desenvolvemento da Comarca de Terra Chá xestionou o Leader II e o Leader +, no que se incluían os 9 concellos da comarca ata o Leader 2014-2020 no que se incluíu ademais o concello de Riotorto dentro do seu territorio de actuación

### B.1.3 Marco territorial estratéxico

Coñecer o modelo territorial permite establecer e apoiar as directrices para a estratexia. Para iso, é importante coñecer a xerarquía de asentamentos e nodos de poboación para o aproveitamento de oportunidades asociadas á localización entre as diferentes zonas, municipios ou áreas.

No seguinte mapa podemos ver o modelo de asentamento segundo as Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) coas seguintes asentamentos: rexión urbana, área

urbana, cabeceiras, subtítulos, nodos para o equilibrio do territorio e núcleos principais restantes concellos e parroquias rurais.



Fonte: Plan básico autonómico, modelo de asentamentos. [Plan Básico Autonómico \(xunta.gal\)](http://Plan Básico Autonómico (xunta.gal))

Como dato importante cabe destacar a dispersión que existe entre os puntos e a falta da marcaxe de rexións e áreas urbanas ao carecer o territorio delas. Como puntos maioritarios destacan os núcleos principais dos concellos e das parroquias rurais, sendo mais significativas en determinados concellos como é Vilalba, Cospeito, Castro de Rei, Begonte e Guitiriz, as causas desta ordenación poden darse debido a que son concellos con maior poboación e tamén aproximación a capital da provincia. No modelo territorial, o espazo rural ocupa a meirande parte da súa superficie e como tal representa un ámbito estratéxico para o desenvolvemento de Galicia e polo tanto tamén do noso GDR.

A existencia dunha enorme variedade tipolóxica dos asentamentos rurais que se caracterizan pola diversidade de formas e estruturas dá lugar a modelos tradicionais de asentamentos diferentes dependendo da súa localización en relación coa topografía (val, montaña, chairas, litoral...), coa rede fluvial, o espazo agrario, a rede viaria, e a súa proximidade á cidade ou á vila. Nos últimos anos os cambios socioeconómicos, o forte descenso de poboación no espazo rural, os cambios nas actividades económicas e o fenómeno da cidade difusa provocan unha serie de dinámicas na evolución dos núcleos

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ

Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n  
27800 Vilalba (Lugo)  
T. 982 512 369  
[terrachanaturalmente@gmail.com](mailto:terrachanaturalmente@gmail.com)



que dan como resultado novas formas e estruturas que necesariamente deben ser canalizadas mediante o plan urbanístico, tendo en conta a diversidade de núcleos rurais existentes que demandan, pola súa parte, un tratamento diferenciado.

Atendendo á función que desempeñan dentro do conxunto do sistema territorial e ás características que axudan a definir os escenarios e modelos de desenvolvemento potenciais é posible diferenciar os seguintes tipos principais de espazos rurais: integrados, intermedios e periféricos.

- Espazos rurais integrados: Correspóndense con aquelas áreas máis próximas ás áreas urbanas de xeito que as súas dinámicas móstranse claramente marcadas pola súa influencia, como son as parroquias do concello de Vilalba ou concellos próximos a este como son Abadín, Xermade ou Cospeito. Tamén, partindo da área urbana que ten Lugo estarían os concellos de Castro de Rei ou Cospeito.
- Espazos rurais intermedios: Sitúanse en espazos relativamente distantes dos centros urbanos principais. Contan cun nivel infraestrutural aceptable e organízanse funcionalmente a partir das áreas de gravitación dos núcleos do Sistema urbano intermedio, como pode ser o caso do concello de Guitiriz ou o concello de Vilalba.
- Espazos periféricos: Correspóndense coas áreas de montaña de complexa topografía ou de difícil accesibilidade así como de maior dureza climática. Son tamén os máis afastados das áreas máis densamente poboadas, e polo tanto tamén das principais dotacións, servizos e centros de lecer. Aquí poderíamos incluír aos concellos de Muras, Abadín ou Riotorto.

Dentro do sistema urbano intermedio, nesta comarca só temos o concello de Vilalba, que se sitúa como espazo de transición entre o leste da provincia da Coruña, o centro da provincia de Lugo e a Mariña lucense. Constitúe o foco socioeconómico da Terra Chá, no que predomina a actividade agrícola e gandeira especializada no vacún de leite. A xeomorfoloxía do terreo produciu un hábitat humanizado modelado e mantido por un aproveitamento secular do territorio, caracterizando a Terra Chá como a campiña galega. Vilalba será determinante para dinamizar os procesos de desenvolvemento e asegurar a dispoñibilidade de servizos urbanos de certo nivel nas zonas máis débiles do territorio do GDR. Estas cabeceiras constitúen referencias territoriais imprescindibles para prever o despoboamento e a agudización dos desequilibrios territoriais en amplas



<b>GDR</b>	<b>1</b>	<b>3</b>	<b>3</b>	<b>20</b>
<b>Lugo</b>	<b>17</b>	<b>64</b>	<b>43</b>	<b>1568</b>
<b>Galicia</b>	<b>129</b>	<b>314</b>	<b>222</b>	<b>12070</b>

Fonte: IGE, Axencia de Turismo de Galicia

## Camiño Norte

O camiño Norte entra en Galicia por Ribadeo, e un camiño histórico que os peregrinos medievais seguían para visitar o sepulcro do apóstolo aínda que non foi moi frecuentado por causa da intrincada orografía e o menor número de localidades que ofrecían hospitalidade. Cada ano o número de peregrinos aumenta nesta ruta, pasando no ano 2009 de 9.183 peregrinos a ser no 2017 xa 17.836. O que ofrece este camiño a diferenza, por exemplo do Camiño Francés, un dos mais coñecidos, é evitar a masificación e a trivialización sendo unha peregrinación máis comprometida e espiritual. Unha das características deste camiño cando pasa polo territorio da Terra Chá e que tras chegar a Gontán (Abadín) alcanzamos a meseta que constitúe a chaira, un altiplano que oscila entre os 600 e 700 metros de altitude e que fai que os niveis se moderen considerablemente cruzando un interminable número de parroquias nun entorno plenamente rural. Dentro das etapas do Camiño Norte son tres as que pasan por a comarca (etapa 33: Abadín-Vilalba duns case 21 km, etapa 34: Vilalba-Baamonde de 18,5km e etapa 35B: Baamonde-Sobrado dos Monxes unha variante que pasa por Guitiriz, concretamente Parga). Nestas etapa contase actualmente cos seguintes puntos de hospedaxe:

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ

Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n  
27800 Vilalba (Lugo)  
T. 982 512 369  
terrachanaturalmente@gmail.com

Táboa 73 Aloxamentos Camiño Norte, ano 2022

Concellos	Albergues	Pensión	Hostal	Hotel	Casa rural	Parador
Abadín	3	4	0	0	0	0
Vilalba	3	4	1	3	0	1
Baamonde	1	1	2	0	0	0
Guitiriz	0	1	0	1	0	0

Fonte: Gronze: *El camino de Santiago* ([www.gronze.com](http://www.gronze.com))

A maiores actualmente estase a levar a cabo o apoxeo da recuperación da ruta do Antigo Camiño Real Norte, que vai dende Viveiro, pasando por Ouro, Muras e Xermade e xa conta con unha asociación para fomentar e difundilo. Tamén esta en proxecto recuperar outra variante que pasaría por Castro de Rei coa intención de aproveitar este camiño para impulsar o turismo no concello.

Resumo das etapas que transcorren por terras chairegas son:

- Abadín – Vilalba

En San Cosme de Galgao, xa no concello de Abadín, crúzase a N-634 e, a través de Santiago de Quende, chégase a Gontán. Desde Gontán, en dirección a Vilalba, sucédense Santa María de Abadín (queda á esquerda, con interesante igrexa románica), Castres, Castromaior, Galanas (aquí crúzase a N-634) e Goiriz, con cápela dedicada a San Roque e igrexa parroquial en honra de Santiago, ao pé dun afiligranado cemiterio neogótico típico da Terra Cha. Aquí crúzase novamente a estrada.

O seguinte núcleo de poboación, Vilar do Francés, recórdanos que seguimos no Camiño, que se aproxima a Vilalba, localidade na que se entra pola zona do polígono industrial. A historia vilalbesa medieval estivo moi vinculada aos Condes de Andrade, que no século XV fortalecieron o seu poderoso castelo, do que subsiste a torre da homenaxe transformada en parador de turismo. Á beira atópanse a praza e a igrexa de Sta. María. Aquí, a ruta peregrina do Camiño Norte crúzase co antigo Camiño Real de Betanzos e A Coruña, desvío que tamén seguiu máis dun peregrino.

- Vilalba - Baamonde

O Camiño cruza agora Gabín, Alba (outra vez un pétreo e afilligranado cemiterio neogótico), Galiñeiro, Pedrouzos, con interesantes casas típicas, Costián, Coutado, Ferreiro, Codesal, Fontefría, Ferreira e, finalmente, Baamonde, que conserva unha interesante igrexa parroquial románica do século XIII adicada ao Apóstolo. Á beira atópase un cruceiro triplo e un curioso castaño, verdadeira escultura natural.

- Baamonde - Sobrado dos Monxes

Sáese de Baamonde pola estrada (N-VIN), paralela ao ferrocarril, á nova autovía e ao río Parga e iniciase un dos tramos máis atractivos deste itinerario: ponte gótica de San Alberte, miradoiro próximo (500 m. á esquerda) e capela de San Alberte (con fresca fonte). Seguen unha serie de pequenos núcleos (Cotón, Ceboleira, Raposeira, Aldar, Seixón, con sinxela igrexa románica, Miraz, co seu pazo-torre e a súa igrexa de Santiago, Laxe, Cabana e Cortedoporco, ata chegar a Marco das Pías, límite xa da provincia de Lugo. Desde aquí, a través de Esgueva, éntrase en Sobrado dos Monxes ao pe da soada lagoa creada polos monxes.

## B.2.8. Patrimonio, gastronomía e festas

### Castro de Viladonga en Castro de Rei

Este sitio arqueolóxico destacou sempre na paisaxe polo seu carácter monumental, xa que ocupa todo o cumio dun outeiro, a 560 m de altura, dende o que se abrangue un amplo panorama sobre a comarca lucense da Terra Chá e as serras de Monciro, Pradairo e Meira. Pertence ó concello de Castro de Rei, e localízase a 23 km. ó nordés da cidade de Lugo, moi preto do km 70 da estrada N-640, de Lugo a Oviedo pola Veiga do Eo, que é o acceso máis doado e que conta coa sinalización adecuada. Outra forma de chegar é dende a estrada comarcal de Lugo a Abadín por Castro de Ribeiras de Lea, onde tamén existe sinal indicativo.

Iniciadas as súas escavacións por Manuel Chamoso Lamas en 1971, e proseguidas por Felipe Arias Vilas desde 1982, este xacemento, por mor da continuidade dos traballos

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ

Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n  
27800 Vilalba (Lugo)  
T. 982 512 369  
terrachanaturalmente@gmail.com



arqueolóxicos e, desde 1985, tamén dos museos, converteuse nun exemplo paradigmático de castro galaico- romano do noroeste e de museo de sitio. Así pois, ademais das campañas de escavación realizadas ata agora, desde 1986 e de xeito ininterrompido con periodicidade aproximadamente anual, prestouse atención tamén as necesarias labores de limpeza e consolidación do castro, co fin de mantelo en boas condicións de conservación, favorecendo así o seu papel cultural, educativo e turístico, e potenciando ó máximo os seus valores patrimoniais.

Viladonga constitúe un verdadeiro modelo formal de castro de interior, con varias murallas e foxos —sobre todo polo lado de nacente— que acollen dous amplos «antecastros » ou áreas de expansión ben delimitadas e unha extensa croa ou acrópole duns 10.000 m<sup>2</sup>. O conxunto do xacemento abranguido polas murallas máis exteriores chega case a 4 hectáreas completas. Nesta croa central é onde se encontran a maioría das construcións escavadas ata agora, dispostas ó redor dunhas rúas ou espazos de paso perfectamente organizados, unha en dirección Norte-Sur, outra na Leste-Oeste, e unha rolda interior paralela á muralla principal. Ademais das construcións que evidencian ser vivendas —soas ou formando conxuntos agrupados ou barrios—, documéntanse áreas para serviren de almacén, de obradoiro, de curral ou para outras funcións; no interior da croa destácase unha gran construción alongada de posible uso social ou comunal. Todas estas construcións están feitas de pedra de lousa ou xisto, pero teñen as veces grandes cachotes de seixo branco nos seus alicerces e, xeralmente, nos ángulos e esquinas. As de planta circular ou muros curvos cubríanse con teito de palla ou colmo, e as cuadrangulares e de muros rectos usaban tellas de barro de introdución romana (tegulae e imbrices), moi abundantes entre os materiais aparecidos no castro.

Entre estes numerosos e moi variados materiais achados, que son os que se gardan, estudan, interpretan e se exhiben selectivamente no museo do sitio, pódense destacar, polo seu significado histórico e cultural e tendo en conta a duración cronolóxica dalgúns deles, algunhas mostras singulares de ourivería como torques e unha arracada de ouro, as numerosas moedas de ouro, prata e bronce (en especial dos séculos IV e V d. C.), as abundantes —e as veces moi orixinais, como dous pasarrendas broncéneos— pezas de adorno de persoas e cabalerías, algunhas armas e moitas ferramentas de pedra, bronce e ferro, elementos de xogo, certa variedade manuais —algúns planos, pero a abundantísimas mostras de cerámica, tanto de tradición castrexa como pertencentes a modelos romanos e de importación —comúns de cocina tardía, etc.—. Estes e outros achados, xunto coas estruturas defensivas, espaciais e de habitación do castro

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ

Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n  
27800 Vilalba (Lugo)  
T. 982 512 369  
terrachanaturalmente@gmail.com



evidencian, sobre todo entre fins do S.II e mediados do V d. C. —polo menos—, un sitio singular e clave para coñecer, estudar e comprender a decisiva etapa histórica de Galicia que é a romanización, representada aquí nun asentamento do medio rural, de clara configuración castrexa pero de caracterización e cronoloxía galaico - romana, e vinculado tanto ó mundo tardío das villae como receptor da influencia dunha cidade próxima como Lucus Augusti. Tamén a maiores está en investigación un posible castro en o concello de A Pastoriza onde o Concello de Arteixo anunciou que xa ten en marcha os trámites para expropiar o castros Pastoriza co obxectivo de “poñelos en valor”.

### Torres, igrexas, cruceiros, cruces e cristos

Unha das torres máis emblemáticas é a Torre dos Andrade en Vilalba. A actual construción é o resto que se conserva dun castelo sucesor doutra fortaleza de principios do século XIV, época do rei Fernando IV de Castela (1285-1312). Destruída na Primeira Revolta Irmandiña en 1341, volveu a ser reconstruída aínda que derrubada de novo na Segunda Revolta Irmandiña (1467-1469). Rexurdiu sobre de seu outra vez no século XV, torre que chegou aos nosos días. Destaca na construción a súa forma octogonal, que se afasta dos modelos existentes tanto en Galicia coma no norte de España.

A antiga torre da manexe do castelo dos Andrade foi reconvertida no século XX en Parador de Turismo, e na última década sufriu unha importante transformación e modernización.

Outra das torres é a de Caldaloba, localizada en Cospeito sobre unha pequena elevación de 467 metros pero que se mal conservan os seus restos. Unha construción da cal o seu orixe data da época medieval. Baixo esta torre, como en moitas outras fortalezas defensivas, encóntranse restos do castro de O Coto do Mato.

A Terra Chá é un territorio que atesoura algúns dos vestixios históricos e artísticos da comunidade. A pesar do tempo, cóntase cun importante patrimonio nestas figuras polo gran peso que tivo a relixión cristiá no contorno. Entre eles destacan a igrexa e as pontes con gran valor histórico na parroquia de San Breixo en Guitiriz, a ponte é unha construción de estilo gótico con arcos oxivais mentres que a igrexa é unha edificación do século XIII, a pesar de que a fachada principal foi construída no século XVIII. No interior consérvense tres retablos, un deles salomónicos do século XVIII

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ

Táboa 74 Relación de elementos etnográficos

	<b>Cruceiros</b>	<b>Cristos</b>	<b>Cruces</b>	<b>Calvarios e Viacrucis</b>	<b>Petos de ánimas</b>	<b>Esmoleiros</b>
Abadín	54	28	84	0	0	3
Begonte	15	2	5	1	0	0
Castro de Rei	25	2	6	1	0	1
Cospeito	36	2	11	0	0	0
Guitiriz	45	2	7	3	0	2
Muras	23	5	91	0	0	0
Pastoriza, A	26	28	11	0	0	0
Riotorto	3	2	10	0	0	0
Vilalba	170	18	368	0	0	0
Xermade	37	3	37	0	0	2
<b>GDR</b>	<b>434</b>	<b>92</b>	<b>630</b>	<b>5</b>	<b>0</b>	<b>8</b>
<b>Desaparecidos</b>	<b>64</b>	<b>90</b>	<b>308</b>	<b>3</b>	<b>2</b>	<b>4</b>

*Fonte: Proxecto Carboeira: cruceiros, cristos... dos concellos da Terra Chá creado por Mario Saavedra, Fernando Arriabas e Xosé Manuel Blanco.*

### Muíños e rutas de sendeiro.

A Terra Chá é unha chaira chea de numerosos ríos e lagoas nos que se presentan importantes muíños de auga que nos seus tempos tiveron un importante valor para economía. Actualmente seguen existindo algún deles que se lles mantén o seu uso e conserva a súa labor, pasar o trigo a fariña, como por exemplo o muíño de Isabel, en Cospeito, ou o muíño da Paderna en Guitiriz pero outros a pesar dos anos mantéñense ao carón dos ríos sendo de importante valor patrimonial. Ademais, próximas aos ríos a Terra Chá conta con rutas de sendeirismo que aproveitan as súas augas e percorridos para darlle encanto aos sendeiros. Entre estas rutas destacan:

- Ruta dos Sete Muíños e Pedra da Auga en Guitiriz
- Ruta do río Trimaz en Xermade
- Ruta do río Azúmara en Castro de Rei
- Ruta da lagoa de Cospeito
- Ruta Augas de Fonmiñá, A Pastoriza (Bretoña)
- Rura Maeloc, A Pastoriza (Bretoña)
- Ruta Batán de Folgoso en Xermade
- Ruta dos Muíños en Abadín

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ

Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n  
27800 Vilalba (Lugo)  
T. 982 512 369  
terrachanaturalmente@gmail.com



- Ruta dos Caneiros en Begonte
- Ruta Roza do Ferro en Riotorto
- Ruta Rego dos Coruxos en Muras
- Ruta do Alto Eume en Muras

## Gastronomía e festas

En Galicia existen tradicións entre as que están as Festas de Interese Turístico case todo o ano orientadas principalmente as épocas estivais ou a gastronomía. Ademais de dar un valor turístico a zona tamén teñen un importante valor patrimonial por ser festas con unha traxectoria histórica. Entre elas destacan:

- *Festival de Pardiñas (Guitiriz)*: É unha feira e festa orientada a música Folk e a arte galega.
- *Belén Electrónico (Begonte)*: Non é propiamente unha festa pero si que ten un importante valor cultural polo valor artesán e mecanismos que empregan nas súas pezas.
- *Festa da Filloa en Muimenta (Cospeito)*: É unha festa gastronómica que coincide co día dos traballadores (un de maio) para poñer en valor aos empresarios da zona. Nesta festa e feira destaca principalmente o produto que lle da o seu nome, a filloa.
- Festa do Poldro (Muras): Na serra do Xistral (montes que pertencen a este concello) caracterízase por a cantidade de poldros e gando bravo do monte criado en liberdade. Esta festa faise para en honor a tradición das feiras e pratos entre os feirantes mais a poñer en valor esta carne.

Ademais destas festas hai que destacar as feiras tan presentes no territorio e que teñen unha tradición de mercados locais e feiras que ata o momento non tiveron mais que a publicidade do boca a boca e de ter unhas datas no calendario sinalizadas polo tempo. Entre elas destaca a de Castro Ribeiras de Lea (Castro de Rei) que ten a súa fama por o polbo a feira cada mércores pero en todos os concellos existe unha feira mensual que se manteñen no tempo. Ademais, existen as feiras anuais como a de Parga (Guitiriz) “Feira da canteira, artesanía e callos”, “Feira de Santos de Gontán” (Abadín), “Feira expogrelo” (Abadín), “Feira do queixo de San Simón da Costa” (Vilalba), a feira “Capón de Vilalba”, “Festa Celta de Lugnasad” (Pastoriza), “Encontro Internacional de Torneiros da Madeira” (Xermade), “Feira da Artesanía do Ferro (Riotorto)” entre outras e que teñen un importante valor na zona.

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ

Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n  
27800 Vilalba (Lugo)  
T. 982 512 369  
terrachanaturalmente@gmail.com





### B.2.9. Análise do sector agrario e forestal

Tal e como se ven manifestando nos apartados anteriores e nos análises que se irán vendo nesta estratexia, as actividades relacionadas co sector primario constitúen unha significativa fonte de emprego en toda a comarca da Terra Chá, e por esta razón resulta interesante realizar unha breve descrición dos caracteres xerais destas actividades económicas que mais tarde analizaremos con mais detalle noutros apartados.

A tradición económica da Terra chá susténtase grazas a dous sectores de desenvolvemento, por un lado a agricultura e a gandaría e por outro o sector forestal con un importante peso nalgún dos concellos (como en Riotorto). Observase que este sector ten unha gran importancia e é a base da economía do territorio tal e como analizaremos mais adiante. A día de hoxe, a comarca de Terra Chá é unha das comarcas de maior produción leiteira de toda Galicia. No que se refire á forza de traballo, cabe destacar que, dado que se trata a meirande parte de empresas familiares, a man de obra está formada polo titular apoiado por membros da súa familia. A pesar disto, sen esquecer que hai que manter este sector, o territorio tamén necesita un desenvolvemento do resto de sectores.

O sector forestal ten un peso importante nos concellos rurais, polo tanto no noso territorio, e das economías agrarias e vai camiño de recuperar a multifuncionalidade dos usos do monte e a produción de madeiras autóctonas que na actualidade escasean nos mercados. Esta orientación pode facilitar o control dos incendios que supoñen un elevado custo público e privado e, a maior especialización desas practicas gandeiras que xa hoxe contan cun mercado á alza. Entre o aproveitamento forestal destaca o de especies de crecemento rápido (Pinus spp. e Eucalyptus spp..) que nutren a incipiente industria da celulosa e dos conglomerados de madeira. Este sector, debido a importancia que ten para o noso GDR tamén o estudiaremos e analizaremos mais a fondo nos apartados seguintes da estratexia.

### B.3. Matriz DAFO

Para a elaboración da Matriz DAFO terase en conta, ademais, da análise do contexto territorial e socioeconómico, a visión que teñen os distintos axentes do ámbito territorial do GDR que foron tidos en conta para a elaboración da estratexia.

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ

Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n  
27800 Vilalba (Lugo)  
T. 982 512 369  
terrachanaturalmente@gmail.com

### Táboa 75 Matriz DAFO

#### DEBILIDADES

- Indicadores demográficos negativos. Envellecemento da poboación e despoboamento das zonas rurais
- Falta de man de obra
- Baixo nivel de renda media, con respecto a provincia, Galicia e Nacional.
- Excesiva dependencia das rendas económicas dos subsidios e pensións
- Dispersión da poboación, que dificulta un adecuado acceso ós servizos e con un custo elevado
- Escasa formación en novas tecnoloxías
- Escasa transformación dos produtos do sector primario, o que impide fixar un maior valor engadido na zona (forestal, agrario, gandeiro)
- Escaso tecido empresarial
- Empresas de reducida dimensión
- Diminución do número de empresas do sector agrario
- Aproveitamento das terras por baixo do seu potencial produtivo (montes en man común, terreos abandonados...)
- Deficiente ordenación do territorio (concentración parcelaria, ordenación de montes...)
- Modelo actual de agricultura e gandaría pouco sostible, con alto impacto no medio ambiente
- Baixa internacionalización
- Falta de emprendemento
- Baixo nivel de innovación
- Pouca importancia do comercio electrónico nas empresas do territorio
- Desaparición de servizos, equipamentos e pequeno comercio por diminución da poboación e polo acceso o comercio online
- Inexistencia de grandes empresas que xeren riqueza e emprego
- Internet de baixa calidade, sobre todo en núcleos rurais
- Escaseza de puntos de recarga eléctricos
- Transporte moi dependente do petróleo. Dominio do transporte en coche privado
- Falta de implantación de enerxías renovables e sistemas de aforro enerxético

- Falta de produto turístico
- Escaseza de puntos de información turística
- Recursos turísticos (patrimoniais, naturais ..) non inventariados, tipificados, coñecidos, valorados e localizados, para poder deseñar estratexias e/ou accións de valorización

## FORTALEZAS

- Boa rede de comunicacións co resto de Galicia e aceptablemente boa no interior do territorio
- Uso xeneralizado de telefonía móbil.
- Importancia da superficie forestal, que pode supoñer boas perspectivas de aproveitamento da biomasa e para a industria de transformación
- Potencial agrícola debido á fertilidade das terras do territorio e as características climatolóxicas que posibilitan o éxito do cultivo
- Indicacións xeográficas protexidas e produtos con Denominación de Orixe (Queixo San Simón, Grelo...)
- Potencial da industria agroalimentaria
- Primacía do sector lácteo
- Existencia de abundantes plantacións e masas forestais
- Boa calidade dos terreos e das augas
- Medio Natural relativamente ben conservado
- Camiño Norte de Santiago e crecemento turístico
- Existencia de patrimonio rural en desuso susceptible de reutilización, recuperación, restauración e posta en valor
- Proximidade ás zonas turísticas da Mariña de Lugo, Lugo, Ribeira Sacra e Santiago de Compostela
- Proximidade con Aeroportos (Santiago e Coruña) e cos portos exteriores (Coruña , Ferrol)
- Notable importancia cinexética, actividade ligada ao turismo e susceptible de xerar actividades complementarias como a xestión cinexética, restauración ou aloxamento.



## AMEAZAS

- Conxuntura económica con crise de produción de materias primas e enerxética
- Inflación actual
- Incremento dos custos de financiación
- Brecha dixital entre as zonas rurais e a poboación de maior idade
- Falta de espírito emprendedor, obstáculos burocráticos e administrativos
- Envellecemento da poboación activa
- Falta de conciliación da vida laboral coa vida persoal
- Excesivo poder de negociación da distribución, coa que os pequenos produtores teñen difícil negociar.
- Debido ó cambio climático, incremento de pragas forestais e aumento do risco de incendios
- Uso de fertilizantes por las cabanas gandeiras
- Intensificación da agricultura, que supón un risco para a conservación da biodiversidade e espazos naturais protexidos.
- Perda da competitividade debido á alza de prezos de materias primas
- Presión humana que provoca cambios de uso e degradación de hábitats
- Presión de usos e actividades sobre determinados hábitats e especies de interese comunitario.
- A dispersión xeográfica implica que as alternativas que favorecen a reciclaxe non sexan equitativas en todo o territorio. O tratamento e transporte é en moitos casos ineficiente



## OPORTUNIDADES

- Directrices de ordenación do Territorio (DOT)
- Lei de Recuperación do Solo de Galicia
- Imaxe de calidade asociada ós produtos galegos
- Novo período de fondos comunitarios 23-27
- Implantación das TICS na xeración de novos servizos (turismo, asistencia social ...)
- Novas vías de comercialización para os produtos das zonas rurais
- Demanda en ascenso de produtos alimentarios
- Tendencias en ascenso en consumos de marcas de calidade, produtos ecolóxicos, produtos de calidade diferenciada, alimentos tradicionais e produtos sostibles
- Apoio institucional ó desenvolvemento e mellora de destinos turísticos emerxentes
- Aumento del turismo de natureza, ornitolóxico, etc.
- Maior conciencia ambiental sobre a necesidade de medidas orientadas á conservación da natureza
- Subvención e axudas de diferentes administracións para fomentar o aforro e a eficiencia enerxética
- Potenciación de uso de enerxías renovables debido á crise enerxética.
- Demandas sociais mais respectuosos co medioambiente.
- Existen numerosas oportunidades de valorización dos residuos xerados nas industrias e gandeiras (residuos metálicos, madeira, papel, residuos agrogandeiros, lactosoro etc.)
- A xestión de residuos ten un elevado potencial para xerar actividades económicas creando oportunidades de emprego.
- Potencial da agricultura ecolóxica que é consecuencia da crecente demanda destes produtos que abriron un novo nicho de mercado para o territorio con boas perspectivas para a súa produción e comercialización.



## C. Análise da actuación retrospectiva do desenvolvemento local participativo no territorio de actuación: avaliación dos resultados obtidos nos programas anteriores.

Para o análise retrospectivo teremos en conta as anteriores estratexias: a estratexia 2014-2020 e a estratexia 2007-2013. No caso do GDR da Terra Chá so sufriu a variación da estratexia 2007-2013, das restantes, a incorporación de un novo concello, pasando de ser 9 a ser 10 con Riotorto. Por esta razón teremos en conta non so a estratexia anterior senón tamén a 2007-2013 partindo dos cambios demográficos, socioeconómicos e os servizos á poboación que sufriu o ámbito territorial.

En resumo podemos dicir que se falamos da poboación en todas as estratexias vemos como cada vez a tendencia é o envellecemento e o saldo vexetativo e cada vez máis negativo debido a que hai máis defuncións que nacementos. Tanto o nivel de instrución, a calidade de vida e o mercado laboral sufriu variacións duns anos a outros debido as ameazas e a situacións alleas a comarca e que afectaron en xeral non só a comarca (como a crise económica do 2008 ou o Covid-19 no ano 2020)

Como novidade, nesta estratexia debido a necesidade que se percibiu no proceso participativo incluíuse un breve estudo dentro do análise de equipamentos e infraestruturas orientado a comunicación do acceso ao Internet, no cal se ve unha deficiencia en medios e servizos para a comunicación. Tamén se inclúen datos do abastecemento de auga, saneamento e a xestión de residuos urbanos, servizos á sociedade, como as bibliotecas, casas niño, centros educativo por concello, instalación deportiva, centros de saúde e farmacias que nas anteriores estratexias non chegaron manifestarse

### C.1 Análise da evolución dos principais indicadores demográficos, socioeconómicos e de servizos á poboación no territorio do GDR

Pódese comprobar que tanto nas anteriores estratexias como na actual a poboación diminúe de maneira significativa. Se estudiamos anos atrás a historia da poboación da Terra Chá tivo un período ascenso que comezou no 1920 e continuou ata o 1950, pero a partir de aí foi en declive, incluído Riotorto. Tras obter os datos do Instituto Galego de Estatísticas observase unha variación de hai 10 anos de porcentaxes negativos en todos os Concellos, sendo Muras o concello coa variación máis alta de un -21,3%. Podemos



deducir destes datos o descenso da poboación tanto na provincia como na comarca, sendo previsible a continuación de dita tendencia.

O concello que máis habitantes ten é Vilalba, é o que menos habitantes ten, tanto os anos anteriores como agora, é Muras. No ano 2021 podemos ver claramente como a densidade foi diminuindo, actualmente é un 20,18%, fai 5 anos foi un 20,61% e a variación hai 10 anos era de un 21,32%. Pódese comprobar que tantos homes como mulleres diminuíndo na súa densidade, e séguese tendo tanto nas anteriores estratexias como na de agora, un maior porcentaxe de mulleres, comparado con homes. Nestes mesmos períodos de tempo podemos ver nos resultados das anteriores estratexias, que non solo a densidade da poboación da Terra Chá baixa, senón que tanto na provincia de Lugo como na comunidade autónoma de Galicia sofre esta baixada.

A distribución por idades da Terra Chá ven a demostrar un proceso de envellecemento. A idade media no ano 2020 é de 54,22 anos, hai 5 anos era de 54,01, e hai 10 anos era de 53,48 anos. A pesar de que as variacións son mínimas, comprobase que a tendencia da media idade é a subir.

No que se refire ao saldo vexetativo (nacementos menos defuncións) acadou valores negativos para a Comarca, debido ó elevado número de defuncións e o baixo número de nacementos. A Terra Chá acada un saldo negativo, comezando no 2007 con -553 e tendo no 2021 unha cantidade de -559, neste intervalo de anos as cantidades soben a baixan, pero as diferenzas son mínimas, como por exemplo no 2014 que acadou unha cantidade de -472. A pesar da incorporación de Riotorto non impide que estes parámetros sigan subindo. A maiores en esta estratexia recadamos os datos do ano 2020 e vemos como o índice de dependencia é xeralmente alto, obtendo unha media de un 76%. Isto evidencia o que xa sabemos, que envellecemento da poboación é elevado e que a natalidade está situada por debaixo do nivel de renovación da poboación.

En canto a migración, na Terra Chá dende hai moitos anos contase con emigrantes e inmigrantes. No que se refire a emigración, na Terra Chá a poboación emigra principalmente cara a outros municipios, sendo as grandes cidades o destino escollido, si é certo que a medida que pasan os anos estas cifras tenden aumentar pero fano a un ritmo baixo. A emigración, dentro da mesma provincia, tanto nas estratexia 2007-2013 como nas actuais onde contamos a maiores co concello de Riotorto, seguen sendo as cifras máis elevadas, comparando coa cifra da emigración ao estranxeiro, que a pesar



de que aumentou segue sendo a cifra máis baixa. Por outro lado os inmigrantes, tamén proceden da mesma provincia, sendo estes os datos máis altos, seguido doutra comarca da mesma provincia. Tamén contan con inmigrantes do estranxeiro, aínda que estas cifras na estratexia 2007-2013 comezou alta logo na estratexia 2014-2020, concretamente no ano 2016, comezou a subir o numero de inmigrantes ata o ano 2020, que de novo, comeza a baixar. Todos estes datos repercuten ao saldo migratorio, que é a entrada e a saída da poboación, neste caso a Terra Chá na estratexia 2007-2013 comezou con datos negativos (marchaba máis xente da que entraba) seguiron en datos negativos ata o ano 2016 que había mais entradas de poboación que saídas, dato que segue en aumento actualmente. En relación coas nacionalidades, a que máis abunda en todas as estratexias tendo en conta Riotorto é a Española, seguida consecutivamente das nacionalidades Europea, África, América, Asia, e en datos negativos, Oceanía e apátridas.

Se falamos do nivel de instrución os datos máis actuais son os do 2011. Na comarca da Terra Chá ai un maior número de persoas con estudos que sen eles, o grado de estudos que máis abunda son os de segundo grado, habendo un 40 % de porcentaxe máis baixo no concello de Muras e o máis alto, 53% en Vilalba seguido dos que teñen o primeiro grado, logo os analfabetos e sen estudos e por último cos porcentaxes mais baixos atopamos a poboación con estudos de terceiro grao. Observando estes porcentaxes vese como a poboación da Terra Chá está formada. Outro dos indicadores que nos di que conta con poboación formada a comarca e o resultado da participación. A través das enquisas levadas acabo comprobamos que a maior participación conta con estudos elevados un indicador menos obxectivo pero que tamén confirma os datos estatísticos.

Respecto ao nivel de vida, enténdese esta como a relación entre ingreso dispoñible por parte da poboación e a capacidade de consumo, que de forma efectiva, esta realiza. Debemos ter en conta que a disposición da renda non é sinónimo de calidade de vida, máis ben é un factor limitador é baixo, pero que a súa presenza non garante unha boa calidade de vida. A comarca da Terra Chá contaba con unha renda bruta por habitante, na estratexia dos anos 2007-2013 incluíndo a Riotorto, nunha media de 12.103,45 €, actualmente situase en uns 13.267,10 €, tendo unha variación de hai 5 anos que se situaba en 12.639,42 €. Non obstante, aínda que exista este crecemento queda moi lonxe da media da comunidade autónoma e da Provincia.

Hai que destacar que o número de pensionistas foi aumentando dende a primeira estratexia ata agora, isto debese a que a poboación da Terra Chá cada vez e máis





envellecida. Tamén se pode comparar como as pensións dos homes son máis elevadas que a das mulleres, datos que se repiten nas anteriores estratexias contando Riotorto. A finais do ano 2013, a Terra Chá contaba con unha media de 674 €, os homes 712 €, e as mulleres 639 €, a finais do ano 2020, a comarca contaba con unha media de 821 €, os homes 891, e as mulleres 754, en esta estratexia do ano 2021 a media é de 834 €, os homes 900 €, e as mulleres 771 €. Tras estes datos observase que a media das pensión sobe, e a diferenza entre os homes e as mulleres segue estando presente. Esta comparación tamén é un indicador que vimos na participación, onde unha das necesidades demandadas é evitar esta brecha salarial e desigualdade de xénero.

Se falamos de contratos podemos ver como esta cifra está en relación coa xente parada debido a crise, na comarca da Terra Chá, despois de ter un período de descenso dende o ano 2008 ata o ano 2011, comeza o seu ascenso tendo o número máis alto no 2019 con unha cantidade de 13.697 contratos, contando tamén os rexistrados en Riotorto. Se falamos de sectores vemos como o sector servizos tanto nas estratexias anteriores como na actual segue en aumento. O sector industria ata o ano 2010 situábase por debaixo do sector da construción, logo a partir de ese ano comezou a ser o segundo sector con máis contratos. O sector construción é o único que despois da crise, no que todos os sectores tiveran un descenso, este non recuperou, e seguiu tendo un descenso ata o ano 2019, que chegou a ter a cifra máis alta despois da crise, volvendo a ter na actualidade un descenso debido a pandemia sufrida no 2020 entre outros factores. Por último o sector agrícola na estratexia 2007-2013 foi o que xerou menos contratos, a partir da estratexia 2014-2020 comezou a estar por riba do sector construción, sendo así o terceiro sector en número de contratos, datos que continúan na actualidade. Tras obter estes datos vemos como o sector que servizos tantos nas anteriores estratexias como agora é o que máis contratos realiza.

Se falamos de poboación desempregada ou parada podemos ver como no 2008, coincidindo coa crise, a Terra Chá sofre un aumento importante alcanzando o número máximo no 2013, logo estes datos van en descenso, tendo un número de parados máis pequeno. Se analizamos os datos por idades observase que nas anteriores estratexias os maiores de 25 anos seguen sendo o maior número de parados, datos que se manteñen na actualidade. A maiores en esta estratexia podemos ver como Riotorto no ano 2021 conta con un total de 28 parados, dos cales solo 1 é menor de 25 anos, datos que se repiten nas anteriores estratexias, sendo os maiores de 25 anos o número máis grande de parados. A razón disto é que ata os 25 hai moita poboación nova que se esta



formando academicamente o que fai que non este presente nos indicadores económicos extraídos dos datos estatísticos dos institutos oficiais. Extraese tamén os datos por sectores, onde se observa que na actualidade o sector servizos e o sector industria son os que máis paro xeran (tamén os que maior número de contratos rexistran), seguido do sector da construción sendo o terceiro sector en paro, e o último en contratos, polo cal en ámbito de desemprego é o que peor situación ten, e por último o sector agrícola-gandeira que é o que menos paro xera.

Por outra banda se falamos de poboación desempregada por sexos, podemos comprobar como na estratexia do 2007-2013 os homes sempre acadaron os niveis mais alto, logo na seguinte estratexia dos anos 2014-2020 podemos ver como isto cambia, xa que no ano 2018 pasan a ser as mulleres as que acadan mais paro, continuando os datos ata a actualidade. É certo que tamén cada vez son máis as mulleres que procuran exercer a vida laboral e iso fai que aumenten. Fano negativamente porque igual que sucede coas pensións ou os salarios, teñen mais dificultades para a inserción laboral debido as desigualdades laborais que actualmente marcan a comarca, e en xeral, o territorio nacional.

A afiliación da Seguridade Social segundo o réxime de afiliación vemos como tanto nas estratexias anteriores como na actual o predominante é o xeral, seguido dos autónomos, agrario, fogar e por último o marítimo. Observase como tamén se clasifican polo número de afiliados segundo o sector da actividade. Destaca na comarca da Terra Chá o incremento de afiliados no sector industrial entre os anos 2011 e 2016, sendo o único sector que en ese intervalo de anos aumenta o seu numero de afiliados, actualmente o sector que conta con máis afiliados é o sector servizos, o cal ten uns datos en ascendente dende as anteriores estratexias, o sector agricultura e gandeira ocupa igual que nas outra estratexias o segundo lugar, actualmente en descenso comparando coas estratexias anteriores, de seguido observase que o sector industria a diferenza que nas anteriores estratexias segue un movemento ascendente tendo agora un maior número de afiliados, por último atopamos o sector da construción o cal os seus datos seguen en descenso.

No que se refire á o número de empresas, na anterior estratexia vemos como o seu número baixa, tendo no 2014 un total de 5.817, pasando a ter no 2016, 5.580, na actualidade ese número creceu chegando a ter no 2021 unha cantidade de 5.600

empresas das cales, 5.084 xa permanecían, observando que se deron de baixa 506, e de alta 516, tendo así unha evolución ascendente.

Se falamos do número de empresas segundo a composición, comprobase que tanto nas estratexias anteriores como na actual as persoas físicas son as que mas abundan, seguido polas Sociedades Limitadas, datos que van en ascenso, e tendo os datos mais baixos, tanto nas anteriores como na actual estratexia as Sociedades anónimas, e logo as Sociedades Cooperativas, datos que van en descenso. A partir da composición que teñen as empresas, pódese ver o número de asalariados que teñen as empresas na comarca da Terra Chá. Todos os concellos incluído Riotorto contan con un número pequeno que vai de 0 a 2, seguido polo que teñen entre 3 e 5 asalariados que sería o segundo dato mais alto, habendo entre eles unha notable diferenza, xa que en esta estratexia hai un total de 5.600 asalariados, dos cales 5.100 contan entre 0 a 2 asalariados, obtendo estes datos vese como as empresas contan con un número moi reducido de asalariados. Na estratexia do ano 2007-2013 ningunha empresa tiña entre 250 e máis asalariados, foi na estratexia do 2014-2020, cando no ano 2019 unha empresa do concello de Castro de Rei sumou esta cantidade.

Observando o número de empresas segundo a súa actividade principal, vese que os datos das estratexias anteriores o sector con máis empresas é o agrícola-gandeira, seguida do sector servizos, logo o sector industrial e por último o sector construción que vai en descenso. Si partimos de que as empresas que máis abundan son as do sector agrícola-gandeira, podemos dicir que o gando que máis destaca na comarca da Terra Chá é o bovino, seguido do ovino e caprino, sen moita diferenza do porcino e por último as aves de curral.

## C.2 Diagnóstico territorial recollido nas estratexias elaboradas para os períodos anteriores

Neste apartado, teremos en conta as principais debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades que presentaron as anteriores estratexias comparándoas coa actual e engadimos as novidades que aparecen no DAFO da estratexia e que non estaban nas anteriores e tamén os cambios que hai entre elas. Outra das características diferentes é que se introducen novidades non so no análise DAFO se non na recollida de datos ou información.



O turismo da Terra Chá, non se caracteriza por ter un gran potencial ata o de agora aínda que cada vez ten maior relevancia, sobre todo o turismo natural obtendo así un maior número de turistas, por este motivo os aloxamentos en esta nova estratexia tivéronse en conta. Se falamos do Camiño Norte de Santiago, cada ano o número de peregrinos aumenta en esta ruta, pasando de ser no ano 2009 9.183 peregrinos a ser xa no 2017 17.836 peregrinos. Cabe destacar, que no ano 2017 a Xunta sinaliza un novo trazado que pasa pola nosa comarca que supón 7,8 km menos de percorrido pero que ten a desvantaxe de non contar con apenas servizos intermedios. Esta variante pasa por a nosa comarca, en concreto Parga (Guitiriz) o que da un maior valor turístico que ata o ano 2017 non existía. Ocorre o mesmo co Antigo Camiño Real Norte que da comezo en Vieiro, pasando por dous concellos da comarca, Xermade e Vilalba, que non se tivo en conta nas anteriores estratexias porque se está levando acabo a iniciativa de recuperalo nestes últimos par de anos. Outro valor turístico é o Castro de Viladonga en Castro de Rei, non atopa ningunha variante das anteriores estratexias, seguindo sendo un gran atractivo turístico. Cabe destacar que nesta estratexia, a diferenza das outras, tamén gana protagonismo un novo castro, en A Pastoriza, para poñelo en valor e onde se están levando acabo actividades de investigación e estudo.

En esta estratexia introduciuse a maiores unha breve valoración de patrimonio como son o inventario de Cruces, Cristos...a incorporación da torre da Caldaloba (Cospeito) entre outros debido a importancia que ten para a Terra Chá.

Nesta estratexia debido a necesidade incluíuse dentro de equipamentos e infraestruturas a comunicación do acceso ao Internet. Despois de recadar datos dende o 2015, sacase en conclusión que os núcleos residenciais da comarca, non dispoñen dos servizos ou medios a unha boa conexión e que foi unha das necesidades ou debilidades que reflectiron na parte da participación da estratexia actual e que tras a situación vivida por a pandemia Covid-19 ten unha maior demanda.

Por outro lado, nesta estratexia tívose en conta o abastecemento de auga e saneamento, a xestión de residuos urbanos; plantas de transferencia de residuos (concello de Riotorto); programa de recollida de residuos; recollida periódica de residuos sólidos (concello de Vilalba). A intención de incorporala e poder adaptar a elaboración da nosa estratexia ao marco normativo europeo, como é o Pacto Verde, ambición climática, mobilidade sostible e intelixente, ecoloxía da política agraria común... a estratexia sobre a Biodiversidade e a favor dos bosques para o 2030.

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ

Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n  
27800 Vilalba (Lugo)  
T. 982 512 369  
terrachanaturalmente@gmail.com



En esta estratexia tamén se aportan datos dos servizos á sociedade, como as bibliotecas, casas niño, centros educativo por concello, instalación deportivas por concello, centros de saúde e farmacias porque dentro da participación outra das debilidades que se achegaron, é a falta de servizos de atención a terceira idade, servizos públicos ou actividades de ocio.

En canto a infraestruturas de transporte houbo cambios significativos. Hoxe en día contamos con vías de comunicación que no período 2007-2014 non contabamos, como a autoestrada A-8 que conecta Baamonde con Bilbao e percorre os concellos de Guitiriz, Vilalba e Abadín, a autovía Ferrol-Vilalba AG-64, atravesa o concello de Vilalba e Xermade e conecta o norte da comarca co norte da provincia de A Coruña. Outro dos cambios foi a liña de ferrocarril que atravesa na nosa comarca os concellos de Guitiriz e Begonte pero coa diferenza das primeiras estratexias en que decaeu o seu servizo para pasaxeiros chegando a contar con moi poucas paradas ao longo do día o que fai que sexa un servizo de desprazamento cada vez menos empregado.



### DEBILIDADES COMÚNS 2007-2013, 2014-2020, 2023-2027

- Indicadores demográficos negativos. Envellecemento da poboación e despoboación das zonas rurais.
- Escasa transformación dos produtos do sector primario, o que impide fixar un maior valor engadido na zona.
- Sector agroalimentario con insuficiente desenvolvemento da comercialización que representa a perda do valor engadido da produción agropecuaria.
- Falta de promotores e investidores privados, debido a que hai un escaso tecido económico e emprendemento
- Aproveitamento das terras por baixo do o seu potencial produtivo (por ex.: montes en man común)
- Inexistencia de grandes empresas que xeren riqueza e emprego.
- Dispersión do a poboación, que dificulta un adecuado nivel de infraestruturas e servizos e significa un custo elevado de calquera actuación en infraestruturas.
- Baixa competitividade das explotacións (reducida base territorial e dimensión)
- Falta de centros de atención á terceira idade
- Baixa formación da poboación (TICs ...)
- Pouca potencialidade turística ou produto que lle de valor
- Escaseza de puntos de información ao turista
- Recursos e patrimonio rural non aproveitados
- Os recursos no rural non están inventariados, tipificados, coñecidos, valorados e localizados, como primeiro paso para deseñar métodos/estratexias/acciones de valorización
- Brecha tecnolóxica.
- Deficiente ordenación do territorio (concentración parcelaria, ordenación de montes..)
- Mal aproveitamento dos terreos en Monte Veciñal en man común.

### FORTALEZAS COMÚNS 2007-2013, 2014-2020, 2023-2027

- Importancia da superficie forestal que pode supoñer boas perspectivas de aproveitamento da biomasa.
- Potencial agrícola debido á fertilidade das terras do territorio e as características climatolóxicas que posibilitan o éxito do cultivo.
- Potencial da industria agroalimentaria.
- Camiño Norte de Santiago e crecemento turístico.
- Boas condicións climatolóxicas para numerosas producións vexetais (agrícola e forestal, e indirectamente animal).
- Medio natural relativamente ben conservado
- Existencia de patrimonio rural en desuso susceptible de reutilización, recuperación, restauración e posta en valor.
- Saber facer na actividade agraria para as producións tradicionais e sistemas de explotación.
- Primacía do sector lácteo é alta calidade nos produtos lácteos e cárnicos.
- Notable importancia cinexética, actividade ligada ao turismo e susceptible de xerar actividades complementarias como a xestión cinexética, restauración ou aloxamento.
- Denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas xa implantadas
- Monte veciñal en man común como importante atractivo/activo para a fixación de poboación
- Tradición de mercados locais e feiras, nas que dar saída aos produtos de pequenos, produtores e produtos de tempada, ademais de ser un atractivo turístico

### AMEAZAS COMÚNS 2007-2013, 2014-2020, 2023-2027

- Conxuntura económica desfavorable debido a unha crise enerxética e do uso de materias primas.
- Volatilidade dos prezos agrarios, especialmente no sector lácteo.
- Tendencia a unha economía de baixa produtividade, pouco competitiva.
- Excesivo poder de negociación da distribución, coa que os pequenos produtores teñen difícil negociar.
- Excesiva transferencia de recursos do rural cara ao medio urbano.
- Intensificación da agricultura, que supón un risco para a conservación da biodiversidade e Rede Natura 2000
- Desertización poboacional no rural
- Excesiva dependencia das rendas económicas dos subsidios e pensións



- Desaparición de servizos, equipamentos e pequeno comercio por a alta competitividade por as grandes superficies e as compras por internet

#### OPORTUNIDADES COMÚNS 2007-2013, 2014-2020, 2023-2027

- Imaxe de calidade asociada aos produtos galegos
- Potencial da agricultura ecolóxica que é consecuencia da crecente demanda destes produtos que abriron un novo nicho de mercado para o territorio con boas perspectivas para a súa produción e comercialización.
- Demanda crecente de produtos agrarios de calidade e diferenciados: produtos ecolóxicos, de calidade, de maior valor engadido e produtos locais.
- Reclamo turístico do Camiño Norte de Santiago, con efecto chamamento para o desvío a outros territorios rurais
- Potencialidade do sector servizos, en especial dos servizos á poboación
- Ambiente propicio para as políticas emprendedoras debido ao desenvolvemento de estratexias administrativas, axudas económicas e asesoramento dirixidas pola Administración Autonómica para dinamizar a economía do territorio.
- Potencial para a xeración de enerxías limpas polo aproveitamento dos recursos naturais da comarca para a produción de enerxía eléctrica.
- Protección do patrimonio rural: Rede Natura 2000, Reserva da Biosfera.
- Posición xeográfica de rótula entre o Eixo Cantábrico e o Eixo Atlántico peninsular (A-8, A-6, N-634, ferrocarril). Plenitude xeográfica
- Programas LEADER e outras iniciativas e instrumentos europeos para apoiar o Desenvolvemento Rural.
- Demanda e aprecio dun medio rural vivo por parte da sociedade civil.
- Importancia dos distintivos territorial e de calidade recoñecidos nos ámbitos rexionais, nacionais, europeos ou internacionais.
- Recursos rurais susceptibles de aproveitamento (unha vez inventariados, tipificados, coñecidos, valorados, localizados).
- Explotación económica sostible dos Espazos Naturais Protexidos



DEBILIDADES ESPECIFICAS 2007-2013, 2014-2020	DEBILIDADES NOVAS 2023-2027
<ul style="list-style-type: none"><li>• Rexeitamento a adopción das innovacións</li><li>• O alto nivel de desemprego</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Falta de man de obra</li><li>• Escasa formación en novas tecnoloxías</li><li>• Pouca importancia do comercio electrónico nas empresas do territorio</li><li>• Escaseza de puntos de recarga eléctricos</li><li>• Falta de implantación de enerxías renovables e sistemas de aforro enerxético</li></ul>

FORTALEZAS ESPECIFICAS 2007-2013, 2014-2020	FORTALEZAS NOVAS 2023-2027
<ul style="list-style-type: none"><li>• Séguese mantendo as mesmas con respecto as estratexias anteriores</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Uso xeneralizado telefonía móbil e/ou internet</li></ul>

AMEAZAS ESPECIFICAS 2014-2020	AMEAZAS NOVAS 2023-2027
<ul style="list-style-type: none"><li>• Caída da ocupación do turismo rural</li><li>• Crise económica e financeira</li><li>• Crise da construción</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Inflación actual</li><li>• Crise enerxética e das materias primas</li><li>• Alza de prezos de materias primas</li><li>• Brecha dixital nas zonas rurais e no seu uso nos maiores</li></ul>

OPORTUNIDADES ESPECIFICAS 2014-2020	
2020	OPORTUNIDADES NOVAS 2023-2027
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Accesibilidade as TICs.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Directrices de ordenación do Territorio (DOT)</li> <li>• Lei de Recuperación do Solo de Galicia</li> <li>• Fondos comunitarios 2023-2027</li> <li>• Implantación das TICS na xeración de novos servizos (turismo, asistencia social ...)</li> <li>• Maior conciencia ambiental sobre a necesidade de medidas orientadas á conservación da natureza</li> <li>• A xestión de residuos ten un elevado potencial para xerar actividades económicas creando oportunidades de emprego e hai maior oportunidades de valorización dos nosos recursos</li> <li>• Demandas sociais mais respectuosas co medioambiente</li> </ul>

### C.3 Estratexia definida polo GDR para o(s) período(s) anterior(es)

OBXECTIVOS 2007-2013, 2014-2020	ACTUACIÓNS
Obxectivo1: Mellorar a competitividade	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fomentar, dinamizar e potenciar o comercio o por menor e o sector servizos. Instalación e modernización do comercio.</li> <li>- Promover sistemas innovadores de mercadotecnia.</li> <li>- Diversificar a economía das zonas rurais e aumentar os ingresos de as familias</li> <li>- Diversificar a economía agraria cara a actividades non agrícolas.</li> <li>- Fomentar as actividades agrarias a pequena escala complementaria da actividade principal non agrícola.</li> </ul>



	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Promoción da artesanía.</li> <li>- Fomento das novas tecnoloxías.</li> <li>- Investigación, desenvolvemento e innovación industrial.</li> <li>- Axudar á modernización e creación de industrias.</li> <li>- Promover accións de eficiencia enerxética no industrial do país.</li> <li>- Apoio á creación e reforma de restaurantes típicos en comida galega en lugares e recintos únicos.</li> <li>- Promover o aumento da calidade dos establecementos hostaleiros</li> <li>- Promover a mellora da accesibilidade nos establecementos restauradores.</li> <li>- Promover novos aloxamentos colectivos, deportes, aventura e/ou ofertas complementarias.</li> <li>- Actuacións de concentración parcelaria</li> </ul>
<p>Obxectivo 2: Valorización do produto local</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Promover a creación e expansión de empresas de transformación dos produtos agrícolas.</li> <li>- Investigación, desenvolvemento e innovación da produción local.</li> <li>- Promover e valorar os produtos artesanais.</li> <li>- Valorar e promover as feiras locais e a exaltación dos produtos e artesanía locais</li> <li>- Promover a piscicultura.</li> <li>- Fomento e desenvolvemento da produción agroalimentaria de calidade diferenciada. (denominación de orixe, IGP, produción ecolóxico...)</li> <li>- Fortalecemento da I+D+i agroalimentaria.</li> <li>- Potenciar a interiorización dos produtos locais.</li> <li>- Apoio ás razas autóctonas e outras de interese para o seu valor</li> </ul>

	<p>ambiental e empresarial (equino, porcino...)</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Apoio ás pequenas explotacións de agricultura ecolóxica.</li><li>- Fomento do cultivo de especies agrícolas tradicionais.</li><li>- Fomento da plantación de especies propias ou autóctonas</li></ul>
<p>Obxectivo 3: Completar a oferta turística comarcal revalorizando o patrimonio natural e arquitectónico e cultural</p>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Adecuar espazos de interese natural con fins turísticos.</li><li>- Fomento da sinalización e cartografía de rutas.</li><li>- Realizar actuacións sobre elementos emblemáticos da arquitectura da auga.</li><li>- Valoración do Camiño Norte</li><li>- Actuacións sobre restos arqueolóxicos en zonas de concentración parcelaria ou en montes comunais.</li><li>- Potenciación de igrexas, cemiterios, cruceiros...</li><li>- Recuperación de elementos de interese histórico e promoción.</li><li>- Potenciar os museos etnográficos da maquinaria antiga, ferro e liño, así como outras actividades radicado na Terra Chá.</li><li>- Potenciación das tradicións en a comarca da Terra Chá.</li><li>- Fomento do turismo sostible relacionado cos animais.</li><li>- Valoración dos recursos naturais e patrimoniais polos seus uso no ámbito do turismo rural e da natureza.</li><li>- Recuperación da paisaxe e das edificacións rurais tradicionais</li><li>- Impulsar accións dirixidas a aumentar a oferta de ocio, turismo e gastronomía.</li><li>- Fomentar a promoción dos recursos e elementos turísticos de interese rural tradicional.</li><li>- Promover a mellora da calidade do turismo rural.</li><li>- Promoción turística e desenvolvemento de elementos de</li></ul>

		interese histórico: Camiños de Santiago
Obxectivo Valorización dos recursos naturais	4:	<ul style="list-style-type: none"><li>- Promover a xestión dos montes en mans comúns.</li><li>- Apoio ao uso da madeira como materia prima e fonte de enerxía.</li><li>- Valorización da biomasa e dos restos da poda dos montes, sendo un medio de aproveitamento do bosque e un medio de prevención de incendios forestais: aproveitamento e comercialización.</li><li>- Favorecer alternativas ao aproveitamento dos montes. (micoloxía, helicultura,...)</li><li>- Valorización dos recursos cinxéticos e pesqueiros.</li><li>- Impulsar a implantación da Certificación Forestal sostible.</li><li>- Sensibilizar o patrimonio material dos montes.</li><li>- Fomento das empresas transformadoras da madeira.</li><li>- Apoio a novas explotacións forestais e os seus equipamentos.</li><li>- Fomento da investigación, desenvolvemento e innovación forestal</li></ul>
Obxectivo 5: Mellora da calidade de vida e dos servizos básicos no rural.		<ul style="list-style-type: none"><li>- Potenciar o mobiliario urbano, os xogos infantís e a promoción de envellecemento activo e saudable.</li><li>- Potenciar e potenciar o coidado das persoas maiores.</li><li>- Promover a integración e coidado das persoas con discapacidades.</li><li>- Impulsar accións para a poboación e colectivos dependentes desfavorecidos.</li><li>- Promover a accesibilidade ás tecnoloxías da información e comunicación.</li><li>- Promover investimentos relacionados co desenvolvemento de TIC no rural: telecentros, aulas de informática, plataformas de servizos dixitais para a poboación en xeral.</li><li>- Apoio ás asociacións locais con accións de creación,</li></ul>

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ

Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n  
27800 Vilalba (Lugo)  
T. 982 512 369  
terrachanaturalmente@gmail.com

	<p>ampliación, rehabilitación e equipamento dos locais socios.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Fomentar e potenciar as accións de atención á infancia e da mocidade.</li><li>- Potenciar as infraestruturas lectoras (ludotecas, instalacións recreativas, parques ou espazos de lecer)</li><li>- Potenciar e fomentar accións que fomenten o deporte.</li><li>- Promover actividades culturais dirixidas á poboación.</li></ul>
Obxectivo 6: Innovación	<ul style="list-style-type: none"><li>- Promover accións en novas formas de tratar o retos territoriais.</li><li>- Valorar as actuacións que non existen no territorio.</li><li>- Promover e mellorar o uso de ferramentas tecnolóxicas e accións en novas tecnoloxías.</li><li>- Fomento de actuacións en novas tecnoloxías forestais para a transformación da biomasa.</li><li>- Promover accións de transferencia de coñecemento a mediante proxectos cooperativos.</li><li>- Promover a mellora da gobernanza e da administración electrónica a través das TIC.</li><li>- Impulsar accións de I+D+i</li></ul>
Obxectivo 7: Emprego, igualdade e integración social	<ul style="list-style-type: none"><li>- Promover o mantemento e a creación de emprego de grupos desfavorecidos.</li><li>- Promover a integración das persoas con discapacidade ou enfermidades mentais.</li><li>- Promover accións de inclusión social a través de servizos de igualdade e benestar da poboación.</li><li>- Promover a integración das comunidades marxinais e inmigrantes.</li></ul>



	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Favorecer os servizos á poboación dependente.</li> <li>- Impulsar accións para a creación, modernización e mellora de infraestruturas que incidan na creación e mantemento de traballo.</li> <li>- Apoio ás hortas públicas/privadas para a práctica agrícola e inclusión social e económica.</li> <li>- Apoio ás emprendedoras da industria e dos oficios tradicional.</li> <li>- Titorización dos proxectos de mozos emprendedores que queiran viven da actividade agrícola</li> </ul>
<p>Obxectivo 8: Uso racional do medio ambiente, medio natural e recursos enerxético.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Promover a loita contra o cambio climático e potenciar a adaptación cara a unha economía que reduza as emisións carbono.</li> <li>- Recuperación, mantemento e rehabilitación de zonas naturais e patrimoniais</li> <li>- Potenciar as áreas recreativas.</li> <li>- Promover accións de recuperación do patrimonio, paisaxístico, de especial interese e etnográfico.</li> <li>- Difundir eventos ou estudos relacionados coa posta en valor de recursos do territorio.</li> <li>- Impulsar actuacións nos LIC, Rede Natura e espazos de Reserva da Biosfera e en espazos de especial interese.</li> <li>- Impulsar accións no uso das novas tecnoloxías.</li> <li>- Promover a educación ambiental e a agricultura ecolóxica en ambientes educativos.</li> <li>- Plan de xestión propio da ZEC Serra do Xistral</li> </ul>
<p>Obxectivo 9: Animación e promoción territorial.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Colaboración na celebración de feiras de exaltación de produtos e artesanía locais. Accións de promoción feiras.</li> <li>- Catalogación da arquitectura vinculada á auga na rexión.</li> <li>- Actuacións de promoción dos recursos e eventos turísticos</li> </ul>



	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Accións de sensibilización ambiental.</li> <li>- Accións de difusión da estratexia e do programa LEADER 2014-2020.</li> <li>- Sensibilización e información sobre recursos dos bosques do territorio.</li> <li>- Promoción do territorio a través das estradas Norte de Santiago.</li> <li>- Sensibilización e información sobre o uso da enerxía alternativas para reducir as emisións de carbono.</li> </ul>
--	---

## C.4. Concrección da estratexia nos cadros financeiros e no baremo de priorización de proxectos

### C.4.1. Cadros financeiros

Nos periodos 2014-2020 e 2023-2027 o territorio do GDR Terra Chá é igual e está formado por 10 concellos (Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Riotorito, Vilalba e Xermade). Para o periodo 2007-2013 o territorio é o mesmo coa excepción do concello de Riotorto, que pertencía ó GDR3 Asociación Nordés.

Entón o cadro financeiro do periodo 2007-2013 non inclúe o Concello de Riotorto.



Ilustración 24. PERIODO 2007-2013 – CONVOCATORIA ÚNICA

**ANEXO II  
PROGRAMA LEADER GALICIA 2007-2013  
PLAN FINANCIERO  
ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHA**

Importes en Euros

MEDIDA	TIPO PROXECTOS	GASTO PÚBLICO DO PROGRAMA						TOTAL	
		2008	2009	2010	2011	2012	2013		
411. Dinamización do sector agrario e forestal	Productivos	72.618,96	141.851,64	142.846,04	149.026,58	148.063,65	146.699,75	801.106,62	
	Non productivos	12.982,16	25.358,95	25.636,72	26.641,62	26.469,48	26.225,65	143.214,59	
412. Mellora medioambiental e do contorno rural	Productivos	222.319,49	434.272,06	437.316,38	456.237,81	453.289,82	449.114,31	2.452.549,87	
	Non productivos	97.771,89	190.984,61	192.323,44	200.644,73	199.348,26	197.511,95	1.078.584,89	
	<b>TOTAL</b>	<b>320.091,39</b>	<b>625.256,67</b>	<b>629.639,82</b>	<b>656.882,54</b>	<b>652.638,08</b>	<b>646.626,26</b>	<b>3.531.134,75</b>	
<b>TOTAL ESTRATEXIA</b>	Productivos	294.938,45	576.123,70	580.162,42	605.264,39	601.353,47	595.814,05	3.253.656,48	
	Non productivos	110.754,05	216.343,56	217.860,17	227.286,35	225.817,74	223.737,60	1.221.799,48	
	<b>TOTAL</b>	<b>405.692,51</b>	<b>792.467,26</b>	<b>798.022,58</b>	<b>832.550,75</b>	<b>827.171,21</b>	<b>819.551,65</b>	<b>4.475.455,96</b>	
431 Gastos de funcionamento do GDR, adquisición de capacidades e promoción territorial	Funcionamento (1)	64.910,80	126.794,76	127.683,61	133.208,12	132.347,39	131.128,20	716.072,95	
	Promoción	16.227,70	31.698,69	31.920,90	33.302,03	33.086,85	32.782,07	179.018,24	
	<b>TOTAL</b>	<b>81.138,50</b>	<b>158.493,45</b>	<b>159.604,52</b>	<b>166.510,15</b>	<b>165.434,24</b>	<b>163.910,33</b>	<b>895.091,19</b>	
<b>TOTAL PROGRAMA</b>		<b>486.831,01</b>	<b>950.960,71</b>	<b>957.627,10</b>	<b>999.060,90</b>	<b>992.605,45</b>	<b>983.461,99</b>	<b>5.370.547,15</b>	
								<b>FEADER</b>	<b>3.091.286,95</b>
								<b>AXE</b>	<b>1.150.320,30</b>
								<b>XUNTA</b>	<b>1.128.939,91</b>

(1) A submedida 431A aparece cunha dotación prevista máxima equivalente ao 16% dos fondos destinados á estratexia. Nas anualidades 2008 e 2009 o GDR disporá do total da dotación prevista. Segundo se recolle no capítulo VII das bases reguladoras de selección de programas, para as anualidades 2010 a 2013 a dispoñibilidade inicial do GDR terá un importe equivalente ao 12% dos fondos da estratexia e en función do proceso de avaliación do traballo do grupo poderá autorizarse unha porcentaxe superior ao 12% inicialmente previsto, sempre co tope do 16%

Neste periodo houbo unha ampliación do cadro financeiro para as anualidade 2014 e 2015:

Ilustración 25. Anexo I Plan financeiro

**PROGRAMA LEADER GALICIA  
PLAN FINANCIERO ANOS 2013 - 2014 - 2015  
GDR-02 ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHA**

Importes en Euros

MEDIDA	TIPO PROXECTOS	GASTO PÚBLICO DO PROGRAMA			
		2014	2015	TOTAL	
411. Dinamización do sector agrario e forestal	Productivos	64.338,90	78.861,10	143.200,00	
412. Mellora medioambiental e do contorno rural	Non productivos	11.501,93	14.098,07	25.600,00	
413. Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida	Productivos	196.970,47	241.429,53	438.400,00	
	Non productivos	86.623,88	106.176,12	192.800,00	
	<b>TOTAL</b>	<b>283.594,35</b>	<b>347.605,65</b>	<b>631.200,00</b>	
<b>TOTAL ESTRATEXIA</b>	Productivos	261.309,37	320.290,63	581.600,00	
	Non productivos	98.125,80	120.274,20	218.400,00	
	<b>TOTAL</b>	<b>359.435,17</b>	<b>440.564,83</b>	<b>800.000,00</b>	
431 Gastos de funcionamento do GDR, adquisición de capacidades e promoción territorial	Funcionamento	122.340,61	122.340,61	244.681,22	
	Promoción	30.585,15	30.585,15	61.170,31	
	<b>TOTAL</b>	<b>152.925,77</b>	<b>152.925,77</b>	<b>305.851,53</b>	
<b>TOTAL PROGRAMA</b>		<b>512.360,93</b>	<b>593.490,60</b>	<b>1.105.851,53</b>	
				<b>FEADER</b>	<b>829.388,65</b>
				<b>AXE</b>	<b>134.139,79</b>
				<b>XUNTA</b>	<b>142.323,09</b>

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ

Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n  
27800 Vilalba (Lugo)  
T. 982 512 369  
terrachanaturalmente@gmail.com



Suma entón un orzamento para o total do programa **de 6.476.398,60 euros**, distribuidos para a estratexia e gastos de funcionamento do GDR e promoción territorial:

- Estratexia: 5.275.455,90 euros
- Gastos funcionamento e promoción territorial: 1.200.942,70 euros

A estratexia esta dividida en 3 medidas:

*Ilustración 26. Medidas da estratexia*

MEDIDA	TIPO PROXECTOS	GASTO PÚBLICO PROGRAMA 2007-2013
4.1.1 Dinamización do sector agrario e forestal	Productivos	944.306,62
4.1.2 Mellora medioambiental e do contorno rural	<b>Non productivos</b>	<b>168.814,59</b>
4.1.3 Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida	Productivos	2.890.949,89
	<b>Non productivos</b>	<b>1.271.384,89</b>
	TOTAL	5.275.455,90

O **límite máximo ao financiamento** dos proxectos para o período 2007-2013 foi de 250.000 euros, tanto para proxectos productivos como non productivos.

**Existen outros límites máximos** de axuda, dependendo do tipo de proxectos:

- 30.000 euros para proxectos de elaboración de estudos, celebración de eventos, certames ou feiras, edición de libros ou guías e páxinas web.
- 50.000 euros para centros sociais e o seu acondicionamento e equipamento

**As porcentaxes máximas** de axuda para o período 2007-2013 foron de:

- 45% para proxectos productivos
- 100% para proxectos non productivos prioridade máxima
- 70% para proxectos non productivos prioridade media
- 50% para proxectos non productivos prioridade baixa.

**PERIODO 2014-2020 – CONVOCATORIAS ANUAIS**

O orzamento de custos correntes e de animación para as anualidades dende o ano 2016 ata o ano 2022 son as especificadas no convenio de colaboración entre AGADER e a Asociación de Desenvolvemento Comarcal da Terra Chá para a aplicación dunha estratexia de Desenvolvemento Local na medida Leader de Galicia asinado na data de 13 de decembro de 2016 e a addenda do mesmo asinada na data de 11 de decembro de 2020.

*Ilustración 27. Gastos e custos correntes*

Anualidade	Gastos en custes correntes e animación
2016	0
2017	226.789,95 €
2018	226.789,95 €
2019	226.789,95 €
2020	226.789,95 €
2021	178.647,68€
2022	178.647,68€

**CONVOCATORIA 2017-2018**

O Diario Oficial de Galicia publicou o 30 de decembro de 2016 a distribución de fondos para a convocatoria do ano 2017.

*Táboa 76. Distribución de fondos convocatoria do ano 2017.*

<b>CONVOCATORIA 2017</b>	<b>Execución ano 2017</b>	<b>Execución ano 2018</b>
933.874,49	563.337,58	370.536,91

Aprobase incorporar a estratexia 38.397,21 euros de gastos de funcionamento e animación da anualidade 2017

O Cadro financeiro da convocatoria do ano 2017, quedou como segue:

Tabla 77. Cadro financeiro 2017

SUBMEDIDA	TIPO PROXECTO	TOTAL	%
19.2 Apoio a realización de operacións conforme á extratexia de desenvolvemento local participativo	Productivos	513.941,78	52,85%
	Non productivos (entidades públicas locais)	245.899,09	25,29%
	Non Productivos (institucións de carácter privado)	212.430,83	21,85%
	Formación	0,00	0,00
	<b>TOTAL</b>	<b>972.271,70</b>	<b>100%</b>

### CONVOCATORIA 2018-2019

O Diario Oficial de Galicia publicou o 28 de decembro de 2017 a distribución de fondos para a convocatoria do ano 2018.

Tabla 78. Distribución de fondos convocatoria do ano 2017.

CONVOCATORIA 2018	Execución ano 2018	Execución ano 2019
851.747,80	370.536,91	481.210,89

Posteriormente a Xunta Directiva do 25 de xaneiro de 2018 aprobou incorporar a estratexia 52.507,40 euros de sobrantes de gastos de funcionamento e animación da anualidade 2018 e sobrantes da convocatoria de 2017 – anualidade 2018

Polo tanto o cadro financeiro para a anualidade 2018 queda como segue:

Tabla 79. Cadro financeiro para a anualidade 2018

SUBMEDIDA	TIPO PROXECTO	2018-2019	
		TOTAL	%
19.2 Apoio á realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo	<b>Produtivos</b>	564.588,33	61,48%
	<b>Non produtivos</b> (entidades públicas locais)	337.229,75	36,72%
	<b>Non produtivos</b> (institucións de carácter privado)	16.507,77	1,80%
	Formación	-	
	<b>TOTAL</b>	<b>918.325,85</b>	

**CONVOCATORIA 2019-2020**

O Diario Oficial de Galicia publicou o 26 de decembro de 2018 a distribución de fondos para a convocatoria do ano 2019

Táboa 80. Distribución de fondos para a convocatoria do ano 2019

CONVOCATORIA 2019	Execución ano 2019	Execución ano 2020
802.018,15	320.807,26	481.210,89

Na Xunta Directiva do 30 de xaneiro de 2019 aprobou traspasar fondos de gastos de funcionamento e animación á estratexia por importe de 78.409,19 €. Polo tanto o importe total da convocatoria do ano 2019 é de 880.427,34 € (399.216,45 para o ano 2019 e 481.210,89 € para o ano 2020)

O cadro financeiro para a anualidade 2019 queda como segue:

Tabla 81. Cadro financeiro para a anualidade 2019

SUBMEDIDA	TIPO PROXECTO	GASTO PÚBLICO DA ESTRATEXIA					
		2.019	%	2.020	%	TOTAL	%
Apoio a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo	Productivos	382.519,1	45,2%	463.688,7	54,8%	846.207,8	96,1%
	Non productivos (entidades públicas locais)	0	0	0	0	0	0
	Non Productivos (institucións de carácter privado)	16.697,3	48,8%	17.522,1	51,2%	34.219,4	3,89%
	Formación	0	0	0	0	0	0
	<b>TOTAL</b>	<b>399.216,4</b>	<b>45,3%</b>	<b>481.210,9</b>	<b>54,6%</b>	<b>880.427,3</b>	<b>100%</b>

### CONVOCATORIA 2020-2021

O Diario Oficial de Galicia publicou o 30 de decembro de 2019 a distribución de fondos para a convocatoria do ano 2020

Táboa 82. distribución de fondos para a convocatoria do ano 2020

CONVOCATORIA 2020	Execución ano 2020	Execución ano 2021
394.312,58	197.156,29	197.156,29

A Xunta Directiva do 21 de xaneiro de 2020 acorda incorporar á submedida 19.2 (Apoio á realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo) a cantidade de de 75.608,41 € correspondentes á diferenza entre a asignación para anualidade 2020 de gastos de funcionamento e animación e o realmente orzamentado

O cadro financeiro para a anualidade 2020 queda como segue:

Tabla 83. Cadro financeiro para a anualidade 2020

SUBMEDIDA	TIPO PROXECTO		2020		2021		
		TOTAL	%				
19.2 Apoio á realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo	Productivos	413.926,4	88,1%	239.773,2	57,9%	174.153,1	42,1%
	Non productivos (Entidades Locais)	55.994,6	11,9%	32.991,5	58,9%	23.003,1	41,1%
	<b>Non productivos</b> (Institucións de carácter privado)						
	Formación						
	<b>TOTAL</b>	<b>469.920,9</b>	<b>100%</b>	<b>272.764,7</b>	<b>58.0%</b>	<b>197.156,3</b>	<b>41,9%</b>

### CONVOCATORIA 2021-2022

O Diario Oficial de Galicia publicou o 3 de maio de 2021 a distribución de fondos para a convocatoria do ano 2021.

Tabla 84. Distribución de fondos para a convocatoria do ano 2021.

CONVOCATORIA 2021	Execución ano 2021	Execución ano 2022
651.057,05	272.264,41	378.792,64

O cadro financeiro para a anualidade 2021 queda como segue:



Tabla 85. Cadro financeiro para a anualidade 2021

SUBMEDIDA	TIPO PROXECTO			2021		2022	
		TOTAL	%				
19.2 Apoio á realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo	<b>Productivos</b>	455.739,9	0,7	<b>190.585,1</b>	0,4	<b>265.154,9</b>	0,6
	<b>Non productivos</b> (entidades públicas locais)	136.722,0		<b>57.175,5</b>	0,4	<b>79.546,5</b>	0,6
	<b>Non productivos</b> (institucións de carácter privado)	58.595,1	0,1	<b>24.503,8</b>	0,4	<b>34.091,3</b>	0,6
	Formación	-					
	<b>TOTAL</b>	<b>651.057,1</b>		<b>272.264,4</b>	0,4	<b>378.792,6</b>	0,6

### CONVOCATORIA 2022-2023

Non houbo convocatoria de axudas Leader.

### TOTAL

Entón a suma total da Estratexia dende as convocatorias 2017 ata a 2022 queda como segue:

Tabla 86. Convocatorias 2017 ata a 2022

SUBMEDIDA	TIPO PROXECTO		2017-2022
		TOTAL	%
19.2 Apoio á realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo	Productivos	2.794.404,31	71,80%
	Non productivos (Entidades Locais)	775.845,42	19,93%
	<b>Non productivos</b> (Institucións de carácter privado)	321.753,19	8,27%
	Formación	0,00	0
	<b>TOTAL</b>	<b>3.892.002,92</b>	<b>100%</b>

Conforme á estratexia aprobada o GDR2 Terra Chá, na Asemblea Xeral de 30 de xuño de 2016 aprobouse a seguinte distribución de porcentaxes das submedidas 19.2:

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ

Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n  
27800 Vilalba (Lugo)  
T. 982 512 369  
terrachanaturalmente@gmail.com

Tabla 87. Distribución de porcentaxes das submedidas

SUBMEDIDA	Tipo proxectos	% Distribución Inicial
19.2 Apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo	<b>Proxectos Productivos</b>	<b>Mín. 70%</b>
	<b>Non Productivos</b>	<b>Máx. 30%</b>
	<i>Entidades Locais</i>	<i>Máx. 21%</i>
	<i>Entidades Privadas</i>	<i>Máx. 9%</i>
<b>Total Submedida 19.2</b>		<b>100%</b>

Pódese comprobar que a distribución do cadro do GDR2 Terra Chá, as porcentaxes de distribución dos fondos na distinta tipoloxía de proxectos adáptanse ó aprobado para a Estratexia 2014-2020

En total traspasáronse do orzamento de gastos de funcionamento e animación un total de 244.922,91 euros á submedida 19.2 Apoio á realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo.

Sinalar que dentro da submedida Apoio á realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo, no GDR2 Terra Chá acordouse en Asemblea Xeral non realizar proxectos de formación.

O total de orzamento de gastos de funcionamento e animación dende as convocatorias 2017 ata a 2022 é de 1.264.455,16 euros que, deducindo a cantidade que se traspasou para a estratexia quedan en 1.019.532,90 euros.

Suma en total a convocatoria Leader do GDR2 Terra Chá un orzamento total de **4.911.535,70 euros**.

Ademais, na data de 12/12/2022 asinouse unha nova addenda ó convenio de colaboración entre AGADER e a Asociación de Desenvolvemento Comarcal da Terra Chá na que se orzamenta **226.789,95 euros** para custos correntes e de animación **para a anualidade 2023**.

**O límite máximo ao financiamento** dos proxectos para o período 2014-2020 foi de 200.000 euros, tanto para proxectos productivos como non productivos.

**Existen outros límites máximos** de axuda, dependendo do tipo de proxectos:

- 10.000 euros para proxectos de elaboración de estudos, celebración de eventos, certames ou feiras, edición de libros ou guías e páxinas web.
- 50.000 euros para centros sociais e o seu acondicionamento e equipamento

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ

Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n  
27800 Vilalba (Lugo)  
T. 982 512 369  
terrachanaturalmente@gmail.com



As **porcentaxes máximas** de axuda para o período 2007-2013 foron de:

- 50% para proxectos produtivos
- 90% para proxectos non produtivos prioridade máxima
- 70% para proxectos non produtivos prioridade media
- 50% para proxectos non produtivos prioridade baixa.

#### C.4.2. Baremo de priorización de proxectos

Antes de presentar os criterios para a selección e priorización de proxectos é interesante sinalar unhas diferencias entre os períodos 2007 -2013 e 2014 -2020.

A convocatoria de axudas, no período 2007 - 2013, foi única ó principio do período (a finais de 2013 houbo unha prórroga ata 2015 e asináronse mais fondos) e os proxectos eran seleccionados segundo os verificaba AGADER, é dicir, utilizouse o principio de concorrencia non competitiva. Neste período a puntuación servía para obter a porcentaxe de axuda.

No período 2014 - 2020 hai unha convocatoria anual para solicitar as axudas Leader, publicada no DOGa, e o procedemento que se aplica na selección de proxectos é o de concorrencia competitiva, é dicir, a puntuación sirve para priorizar os proxectos (son seleccionados os de maior puntuación ata cubrir o importe de axuda da convocatoria) e para obter a porcentaxe de axuda. En caso de empate en puntuación, o proxecto é seleccionado por orde de entrada. Neste período é obrigatorio a presentación de solicitudes de axuda e pagamento polo REXEL dende o principio para as persoas xurídicas e dende o 2020 para todos os solicitantes.

Tabla 88. Proceso para solicitar axudas

Características	Período 2007 -2013	Período 2014 -2020
Convocatoria	Única (inicio período)	Anual
Procedemento	Concurrencia non competitiva	Concurrencia competitiva.
Puntuación sirve para	Calcular a porcentaxe de axuda	<ul style="list-style-type: none"><li>• Priorizar os proxectos</li><li>• Calcular a porcentaxe de axuda</li></ul>
Presentación solicitudes de axuda, pagamento...	En papel nas oficinas GDR	Rexistro electrónico (REXEL)

### Proxectos produtivos

As bases reguladoras para a selección da estratexia (DOGa 02/03/2016) do Leader 2014 -2020 indicaban que na estratexia se podían limitar os investimentos das actividades económicas do sector servizos e do comercio polo miúdo. A Asamblea Xeral, do 30 de xuño de 2016, do GDR na que se aprobou a estratexia Leader 2014 -2020 non limitou ningún investimento en actividades económicas do sector servizos e tampouco nos investimentos do comercio polo miúdo. O que si fixo foi, por unha banda de esixir a creación de 2 UTAs para a implantación de servizos ou comercio polo miúdo xa existente nas entidades singulares de Vilalba, Guitiriz e Castro de Ribeiras de Lea e, por outra banda, esixir a creación de 1,5 UTAs para a implantación (creación) no resto do territorio de servizos ou comercio polo miúdo xa existente. Isto está recollido nos criterios de selección de proxectos (baremos)



Tabla 89. Período e requisitos

	Período 2007 -2013	Período 2014 -2020
CONDICIÓN	REQUISITOS	
Creación actividade de servizos ou comercio polo miúdo na entidade singular de Vilalba, Guitiriz e Castro Ribeiras de Lea	-	Creación 2 UTAs
Creación actividade de servizos ou comercio polo miúdo no resto de territorio.	-	Creación 1,5 UTAs

Presentase, nas táboas seguintes, un resumo dos baremos de priorización de proxectos produtivos dos período 2007 -2013 e período 2014 -2020.

Criterios de selección e baremación de proxectos 2007 -2013

Tabla 90. Proxectos produtivos

PROXECTOS PRODUTIVOS 2007-2013	
CRITERIOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA
<b>1.- SITUACIÓN XEOGRÁFICA.</b>	<b>40</b>
1.1.- Características económicas do concello no que se localiza o proxecto.	10
1.2.- Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto.	15
1.3.- Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto.	10
1.4.- Outros criterios xeográficos.	5
<b>2.- CRITERIOS RELATIVOS Ó PROMOTOR.</b>	<b>10</b>
2.1.-Tipoloxía do promotor	9
2.2.- Utilización de idioma.	1
<b>3.- CRITERIOS DE INCIDENCIA NO EMPREGO</b>	<b>25</b>
3.1.- Incidencia na creación de emprego.	5
3.2.- incidencia da inversión na creación do emprego.	10
3.3.- Determinados colectivos	10
<b>4.- CRITERIOS DE IMPACTO SOBRE O TERRITORIO</b>	<b>25</b>
4.1.- Capacidade de arrastre do proxecto.	18
4.2.- Incidencia Ambiental. Grado de mellora, protección do entorno e impacto medio ambiental.	7
<b>TOTAL</b>	<b>100</b>

1. Para que un proxecto poida ser subvencionado ten que ter unha puntuación mínima de 10 puntos sendo esta a nota de corte. A porcentaxe que lle corresponderá de subvención será dun 25%
2. A porcentaxe máxima de axuda para os proxectos produtivos será dun 45% para unha puntuación de 90 puntos. Sendo o importe máximo subvencionable 250.000 €
3. As porcentaxes de axuda entre o máximo e o mínimo calcularase mediante unha relación proporcional directa cos puntos obtidos no baremo, axustada esa porcentaxe a un decimal.

## Criterios de selección e baremación de proxectos 2014 -2020

Tabla 91. Proxectos produtivos

PROXECTOS PRODUTIVOS 2014-2020	
CRITERIOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA
<b>1.- SITUACIÓN XEOGRÁFICA.</b>	<b>40</b>
1.1.- Características económicas do concello no que se localiza o proxecto.	10
1.2.- Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto.	15
1.3.- Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto.	10
1.4.- Outros criterios xeográficos.	5
<b>2.- CRITERIOS RELATIVOS Ó PROMOTOR.</b>	<b>10</b>
<b>3.- CRITERIOS DE INCIDENCIA NO EMPREGO</b>	<b>35</b>
3.1.- Incidencia na creación de emprego.	15
3.2.- incidencia da inversión na creación do emprego.	10
3.3.- Determinados colectivos	10
<b>4.- MELLORA E CONSERVACIÓN DO AMBIENTE. ADAPTACIÓN E MITIGACIÓN DO CAMBIO CLIMÁTICO.</b>	<b>5</b>
<b>5.- PROXECTOS QUE SE DESENVOLVAN EN DETERMINADOS ÁMBITOS.</b>	<b>5</b>
<b>6.- EN FUNCIÓN DA TIPOLOXÍA DO PROXECTO.-</b>	<b>5</b>
<b>TOTAL</b>	<b>100</b>

1. Para que un proxecto poida ser subvencionado ten que ter unha puntuación mínima de 20 puntos sendo esta a nota de corte. A porcentaxe que lle corresponderá de subvención será dun 30%
2. A porcentaxe máxima de axuda para os proxectos produtivos será dun 50% para unha puntuación de 60 puntos. Sendo o importe máximo subvencionable 200.000 €
3. As porcentaxes de axuda entre o máximo e o mínimo calcularase mediante unha relación proporcional directa cos puntos obtidos no baremo, axustada esa porcentaxe a dous decimais.

Tabla 92. As diferencias mais sinalables

Craterios	Período 2007 -2013	Período 2014 -2020
Nota corte (puntuación mínima)	10 puntos	20 puntos
Porcentaxe subvención mínima	25%	30%
Puntuación para obter a subv. máxima	90 puntos	65 puntos
Porcentaxe subvención máxima	45%	50%
Axuda máxima	250.000 €	200.000€

En liñas xerais os baremos, de ambos períodos, potencian os investimentos que se sitúen no mais rural do territorio, potencian a tipoloxía do promotor (dentro deste criterio ten mais puntuación si o promotor é unha muller ou persoas con discapacidade que si é unha sociedade limitada), potencian tamén a creación de emprego e a incidencia deste sobre o investimento aceptado (a maior investimento menor puntuación) e potencian a creación de emprego en determinados colectivos.

No período 2007 -2013 existe o criterio de impacto sobre o territorio con 25 puntos o cal xa non existe no período 2014 – 2020. No período 2014-2020 existen os criterios (que non existen no período 2007 – 2013) como criterio de mellora e conservación do ambiente e adaptación e mitigación do cambio climático, o criterio proxectos que se desenvolvan en determinados ámbitos e o criterio en función da tipoloxía. Neste último existe un índice corrector para investimentos de creación comercio polo miúdo ou servizo existente. Este índice é para desencentivar os investimentos dos mesmos servizos ou comercio polo miúdo nos núcleos onde xa existe eses servizos ou comercios polo miúdo.

No período 2014 -2020 deuse mais puntuación o criterio de incidencia no emprego que no período 2007 – 2013. E tamén ten mais puntuación, no período 2014 -2020, o criterio relativo o promotor xa que se eliminou o subcriterio 2.2 utilización do idioma (do período 2007 -2013).

A modo comparativo, pódese observar no cadro seguinte que no período 2014 -2020 que 3 proxectos alcanzaron a porcentaxe máxima de axuda pero ningún proxecto alcanzou a axuda máxima. Non obstante no período 2007 – 2013 ningún proxecto alcanzou a porcentaxe máxima de axuda pero si 2 proxectos conqueriron a axuda



máxima. Tamén se pode observar que a porcentaxe de axuda media é mais alta no período 2014 – 2020 que no período 2007-2013.

Tabla 93. Cadro comparativo

Cráterios	Período 2007 -2013	Período 2014 -2020
Nº proxectos que levaron axuda máxima	2	0
Nº proxectos con porcentaxe de axuda máxima	0	5
Porcentaxe Axuda media por proxecto	31,02%	44,66%
Investimento Medio por proxecto	254.414,19 € (*)	127.378,67 €
Axuda media por proxecto	78.242,55 € (*)	53.184,34 €

(\*) Non se teñen datos dos investimentos produtivos no concello de Riotorto no período 2007 -2013.

### Proxectos non produtivos

Os proxectos non produtivos clasifícanse en proxectos non produtivos de entidades públicas e proxectos non produtivos de entidades privadas.

É de resinar que no período 2014 – 2020 os criterios de selección e baremación dos proxectos recollen os centros sociais identificados na estratexia que necesitan ou ben unha reforma ou ampliación ou ben hai unha necesidade de creación. Estes son os únicos centros sociais sobre os que se pode solicitar axuda Leader. A contía máxima de axuda para este tipo de proxecto non poderá exceder de 50.000,00 €. No período 2007 – 2013 a axuda máxima para este tipo de proxectos tamén foi de 50.000 € pero non tiñan que estar identificados na estratexia.

Nos criterios de selección de proxectos do período 2014 -2020 identificáronse os seguintes centros sociais:

Tabla 94. Centros sociais que poden solicitar axudas

Concello	Parroquia	Necesidade	Propiedade
Abadín	Castromaior	Adecuación local e equipamento.	Privada
A Pastoriza	San Andrés de Loboso	Reforma e equipamento	Pública

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ

Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n  
27800 Vilalba (Lugo)  
T. 982 512 369  
terrachanaturalmente@gmail.com

A Pastoriza	Bretoña (Cruz da Pedra)	Reforma e adecuación (Local Social Tecor Terra Chá)	Privada
Begonte	Begonte	Rehabilitación do antigo edificio da Cámara Agraria de Begonte	Pública
Begonte	Trobo	Rehabilitación de local social e equipamento	Pública
Begonte	Baamonde	Rehabilitación de local e	Pública
Begonte	Santalla	Creación e equipamento local	Pública
Begonte	Uriz	Creación e equipamento local	Pública
Castro de Rei	Dumpín	Rehabilitación e equipamento da escola de Santalla de Dumpín	Pública
Cospeito	Feira do Monte	Rehabilitación e acondicionamento do edificio	Pública
Cospeito	Muimenta (Polígono)	Rehabilitación e acondicionamento edificio	Pública
Guitiriz	Lagostelle (Barrio Asende. Rúa Perexil)	Rehabilitación e equipamento Casa Peóns Camiñeiros	Pública
Guitiriz	Buriz	Rehabilitación e equipamento Escola Municipal da Ventisca.	Pública
Guitiriz	Pígara	Rehabilitación e equipamento da escola municipal	Pública
Guitiriz	Labrada	Rehabilitación e equipamento do local social	Privado
Muras	A Balsa	Rehabilitación e equipamento escolas unitarias	Pública
Muras	Irixoa	Rehabilitación e equipamento escolas unitarias	Pública
Muras	Silán	Rehabilitación e equipamento escolas unitarias	Pública
Muras	Viveiró	Rehabilitación e equipamento escolas unitarias	Público
Muras	Paio	Rehabilitación e equipamento escolas unitarias	Pública
Riotorto	Ferreiravella	Creación local social e	Pública
Riotorto	Vilar de	Rehabilitación e equipamento	Pública
Riotorto	Galegos	Rehabilitación e equipamento	Pública
Vilalba	Lanzós	Rehabilitación e equipamento escola de Lanzós	Privada

Vilalba	Insua	Rehabilitación e equipamento local social casa rectoral de Insua.	Privada
Vilalba	Santa María de Vilalba	Rehabilitación e equipamento local do Centro Cultural e	Privada
Xermade	Momán	Rehabilitación e equipamento local social (antigua nave do	Pública
Xermade	Candamil	Rehabilitación e equipamento local social (escola unitaria)	Pública
Xermade	Roupar	Rehabilitación e equipamento local social	Privado
Xermade	Xermade	Rehabilitación e equipamento local social (biblioteca)	Pública

Dos anteriores solicitaron e conqueiron axuda Leader os seguintes:

Concello	Parroquia	Necesidade	Propiedade
Riotorto	Vilar de Santiago	Rehabilitación e equipamento	Pública
Riotorto	Galegos	Rehabilitación e equipamento	Pública

Tanto no período 2007-2013 como no período 2014 -2020 os proxectos non produtivos son categorizados en proxectos de prioridade alta, media e baixa.

A clasificación dun proxecto en cada prioridade (alta, media ou baixa) é igual nos dous períodos, unicamente foi engadido (no ano 2021) para o período 2014-2020 un punto nos proxectos de prioridade alta para potenciar os proxectos vinculados a Lei de recuperación de Terras Agrarias (parágrafo en sonbreado). Preséntanse a clasificación de proxectos por prioridades:

- Proxectos Non Produtivos de Prioridade Alta.
  - Proxectos que fomenten a inclusión social mediante servizos de igualdade e benestar á poboación, a integración de comunidades marxinais e de inmigrantes, o coidado e atención das persoas maiores, a infancia e discapacitados (xeriatricos, garderías, apartamentos tutelados, aloxamentos para maiores, centros de día, centros de atención de colectivos desfavorecidos, centros de atención a discapacitados...)

- Proxectos promoción dun envellecemento activo como os parques biosaúdaes.
  - Proxectos que promovan a mellora da accesibilidade ás tecnoloxías da información e comunicación (TIC), así como o seu uso no medio rural (telecentros, aulas de informática, plataformas dixitais de servizos a poboación en xeral)
  - Proxectos de actuacións de recuperación patrimonial, paisaxística e etnográfica, tales como actuacións ambientais, aulas de natureza, centros de interpretación, museos, intervencións arqueolóxicas, recuperación de construción de interese arquitectónico, catalogación do patrimonio como mámoas, medorras, castros..., conxuntos etnográficos, mazos...
  - Proxectos de mobilización ou recuperación de terras, así como as actuacións no solo de núcleo rural das aldeas modelo, vinculadas a proxectos de rehabilitación, rexeneración e renovación do espazo urbano, enerxías renovables, TIC, e economía circular, así como actuacións de plans estratéxicos ou actuacións integrais promovidos por AGADER.
- Proxectos Non Produtivos de Prioridade Media.
    - Centros de promoción de recursos e puntos de información turística
    - Creación, ampliación e rehabilitación de edificios destinados a locais sociais.
    - Adquisición de equipamento destinado a locais sociais.
    - Infraestruturas de lecer: lóitechas, áreas recreativas, parques ou espazos de ocio, sendas peonís e ciclo turistas, mobiliario urbano e xogos infantís.
    - Proxectos e plans de ordenación dos montes promovidos por comunidades de montes.
    - Creación, reforma e ampliacións de instalacións para feiras locais.
    - Servizos innovadores nos concellos.
  - Proxectos Non Produtivos de Prioridade Baixa.
    - Sinalización de recursos turísticos
    - Participación en certames, eventos, feiras, edición de libros, mapas, guías, páxinas web

- Instalacións deportivas (campos de fútbol....)
- Instalacións hípicas e cinexéticas
- Eventos de difusión ou estudos vinculados á valorización dos recursos do territorio.
- Outros non incluídos nos epígrafes anteriores.

Preséntanse agora as táboas, resumo dos criterios de selección de proxectos non produtivos dos dous períodos

*Tabla 95. Táboa resumo dos criterios de selección e baremación de proxectos non produtivos 2007 – 2013.*

<b>PROXECTOS NON PRODUTIVOS PERIODO 2007 -2013</b>	
<b>CRITERIOS</b>	<b>P. Max.</b>
<b>1.- UBICACIÓN XEOGRÁFICA.</b>	<b>40</b>
1.1.- Características económicas do concello no que se localiza o proxecto.	<b>15</b>
1.2.- Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto.	<b>15</b>
1.3.- Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto.	<b>10</b>
<b>2.- CARACTERÍSTICAS DO PROMOTOR E ÁMBITO DE ACTUACIÓN DO PROXECTO.</b>	<b>20 (*)</b>
2.1.- Proxectos de entidades públicas.	<b>20</b>
2.2.- Proxectos de promoción privada.	<b>20</b>
<b>3.- CRITERIOS DE IMPACTO SOBRE O TERRITORIO.</b>	<b>40</b>
3.1.- Poboación beneficiada co proxecto e incidencia sobre a mellora da súa calidade de vida.	<b>10</b>
3.2.- Potencialidade para favorecer o xurdimento de novas iniciativas empresarias e a creación de emprego.	<b>10</b>
3.3.- Incidencia ambiental.	<b>10</b>
3.4.- Incidencia sobre colectivos determinados	<b>10</b>
<b>TOTAL</b>	<b>100</b>

(\*) A puntuación deste criterio non pode superar os 20 puntos. Neste criterio existen dous tipos de promotores excluíntes entre si que son os proxectos executados por entidades públicas e os de promoción privada. Dentro de cada tipo de promotor inclúense varios subcriterios de puntuación, tendo en conta que si quen realiza o proxecto é unha entidade pública como máximo pode alcanzar 20 puntos e se é un proxecto de promoción privada a puntuación máxima que pode alcanzar é tamén de 20 puntos.



1. Os proxectos non produtivos clasificaranse en proxectos de prioridade alta, media e outros proxectos. En canto as tipoloxías de proxectos non produtivos se manteñen as propostas nas Bases Reguladoras.
2. Para que un proxecto non produtivo poida ser subvencionado ten que ter unha puntuación mínima de 15 puntos sendo esta a nota de corte, neste caso corresponderalle unha porcentaxe do 40% de subvención. A porcentaxe máxima de axuda para os proxectos non produtivos de prioridade alta será dun 100% para unha puntuación de 85 puntos. As porcentaxes de entre o máximo e o mínimo calcularase mediante unha relación proporcional directa cos puntos obtidos no baremo, axustada a un decimal.
4. Nos proxectos non produtivos de prioridade media a subvención non poderá superar o 70% do importe non subvencionable do proxecto. Nos proxectos non produtivos de prioridade baixa a subvención non poderá superar o 50% do importe subvencionable do proxecto. Por último o importe máximo subvencionable, independentemente da súa prioridade, é 250.000 €
6. Os proxectos de elaboración de estudos, celebración de eventos, certame ou feiras, edición de libros ou guías, páxinas web terán un límite máximo de axuda de 30.000 € por proxecto.
7. Os centros sociais e o seu acondicionamento e equipamento. So serán subvencionables proxectos en centros de uso aberto á poboación en xeral, sendo a axuda máxima de 50.000 € por proxecto.

Tabla 96. Táboa resumo dos criterios de selección e baremación de proxectos non produtivos 2014 – 2020.

PROXECTOS NON PRODUTIVOS PERIODO 2014 -2020	
CRITERIOS	P. Max.
<b>1.- UBICACIÓN XEOGRÁFICA.</b>	<b>40</b>
1.1.- Características económicas do concello no que se localiza o proxecto.	15
1.2.- Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto.	15
1.3.- Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto.	10
<b>2.- CRITERIOS DE IMPACTO SOBRE O TERRITORIO.</b>	<b>30</b>
2.1.- Poboación beneficiada co proxecto e incidencia sobre a mellora da súa calidade de vida.	10
2.2.- Potencialidade para favorecer o xurdimento de novas iniciativas empresarias e a creación de emprego.	10
2.3.- Incidencia sobre colectivos determinados	10
<b>3.- INCIDENCIA AMBIENTAL DO PROXECTO</b>	<b>10</b>
3.1.- Incidencia ambiental.	10
<b>4.- CARACTERÍSTICAS DO PROMOTOR</b>	<b>16</b>
4.1.- Características do promotor.	12
4.2.- Peso dentro das persoas ou entidades que promovan o proxecto de determinados colectivos	4
<b>5.- CAPACIDADE DE ARRASTRE DO PROXECTO</b>	<b>4</b>
5.1.- Capacidade de arrastre dos proxectos.	4
<b>TOTAL</b>	<b>100</b>

Tabla 97. As notas de corte do período 2014 – 2020

	Nota de Corte	% Axuda	Nota Máxima	% Axuda
<b>Proxecto Non Produtivo Prioridade Alta</b>	20	70%	60	90%
<b>Proxecto Non Produtivo Prioridade Media</b>	20	50%	60	70%
<b>Proxecto Non Produtivo Intensidade Baixa</b>	20	30%	60	50%

Tabla 98. Comparando ambos períodos temos o seguinte resultado

	Períodos	Nota de Corte	% Axuda	Nota Máxima	% Axuda
<b>Proxecto Non Produtivo Prioridade Alta</b>	2007-	15	70%	85	100%
	2014- 2020	20	70%	60	90%
<b>Proxecto Non Produtivo Prioridade Media</b>	2007-	15	50%	85	70%
	2014- 2020	20	50%	60	70%
<b>Proxecto Non Produtivo Intensidade Baixa</b>	2007-	15	40%	85	50%
	2014- 2020	20	30%	60	50%

Pódese observar que as porcentaxes de axuda do período 2007-2013 son mais altas (si se chega a puntuación máxima) nos proxectos de prioridade alta e se parte dunha porcentaxe de axuda mais alta nos proxectos de intensidade baixa. Tamén pode observarse que as notas de corte son mais baixas no período 2007-2013 que no período 2014-2020. E as notas de puntuación máxima son mais alta no período 2007-2013 que no período 2014-2020.

No período 2007-2013 a axuda máxima para proxectos non produtivos era de 250.000 € e no período 2014 -2020 a axuda máxima é de 200.000 €. En cada período houbo un proxecto que alcanzou a axuda máxima.

Tabla 99. Período e axuda máxima

	Período 2007-2013	Período 2014-2020
Axuda Máxima	250.000	200.000
Nº proxectos que alcanzaron axuda máxima	1	1
Tipoloxía do promotor	Asociación privada	Asociación privada

Os promotores dos proxectos que obtiveron a axuda máxima foron entidades privadas.



Tendo en conta os criterios de selección de proxectos de proxectos non produtivos hai que indicar que no período 2007-2013, no GDR Terra Chá, unicamente recibiron axuda dous proxectos non produtivos (un público e un privado) fronte os 24 (18 públicos e 6 privados) que se levan executados no período 14-20. É de resinar que o Concello de Riotorto realizou 3 proxectos no período 2007-2013 noutro GDR, estes non se teñen en conta a efectos de comparar os criterios de selección do GDR Terra Chá.

Tabla 100. Proxectos non produtivos

Número Proxectos Non Produtivos	Públicos	Privados	Total
Período 2007-2013	1	1	2
Período 2014-2020	6	18	24

- Proxectos non produtivos públicos

En canto a distribución, por prioridades, dos proxectos non produtivos públicos

Tabla 101. Proxectos non produtivos

Proxectos non produtivos públicos				
Nº de proxectos	P. Baixa	P. Media	P. Alta	Total
Período 2007-2013		1		1
Período 2014-2020		4	14	18

No período 2014-2020 obtiveron axuda 17 proxectos mais que no período 2007-2013

Tabla 102. A axuda media por intensidades de proxectos non produtivos públicos

Proxectos non produtivos públicos			
Porcentaxe axuda Media por proxecto	P. Baixa	P. Media	P. alta
Período 2007-2013		58,42%	
Período 2014-2020		60,07%	82,23%

A axuda media é mais alta no período 2014- 2020 que no período 2007-2013.

- Proxectos non produtivos de entidades privadas

En canto ós proxectos non produtivos de entidades privadas temos que solicitaron e recibiron axuda 6 proxectos no período 2014-2020 e, unicamente, 1 no período 2007-2013. No cadro seguinte vemos a distribución de proxectos por períodos e prioridades:

Tabla 103. distribución de proxectos por períodos e prioridades

Proxectos non produtivos privados				
Nº de proxectos	P. Baixa	P. Media	P. Alta	Total
Período 2007-2013			1	1
Período 2014-2020		1	5	6

En canto a porcentaxe de axuda media que recibiron os proxectos é a seguinte:

Tabla 104. Proxectos non produtivos privados

Porcentaxe axuda Media por proxecto	P. Baixa	P. Media	P. Alta
Período 2007-2013			75,16%
Período 2014-2020		54,50%	42,94% (* )

(\* ) No período 2014-2020 a porcentaxe media de axuda é un 42.94%. Esta porcentaxe está distorsionada xa que un proxecto realizou un investimento moi alto (568.443,22 €) e a axuda que conquisou foi a máxima (200.000,00 €) limitada polas bases Leader, polo que esta axuda representa o 35,18% do investimento. Realmente a este proxecto corresponderíalle unha porcentaxe de axuda do 89,50%. Sen ter en conta este proxecto a porcentaxe de axuda media foi dun 79,35%.

O motivo destes incrementos no período 2014-2020 é debido a que neste período distribuíuse a submedida 19.2 nas seguintes porcentaxes de axuda:

Tabla 105. Porcentaxes de axuda

SUBMEDIDA	Tipo proxectos	% Distribución Inicial
19.2 Apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo	<b>Proxectos Produtivos</b>	<b>70%</b>
	<b>Non Produtivos</b>	<b>30%</b>
	<i>Entidades Locais</i>	21%
	<i>Entidades Privadas</i>	9%
<b>Total Submedida 19.2</b>		<b>100%</b>

Esta distribución unido a labor de sensibilización do GDR Terra Chá axudou a que entidades públicas e privadas solicitaran axudas ó Leader 2014 -2020.

Por último indicar que as pretensións das estratexias Leader foron articular un “proxecto de territorio” que promova un proceso de desenvolvemento sostible que permita a dito espazo xeográfico soportar a competencia do mercado e garantir ó mesmo tempo a viabilidade medioambiental, económica, social e cultural, implicando a toda poboación no desenvolvemento da mesma.

En xeral a estratexia do Leader 2024-2020 (obxectivos, criterios de selección de proxectos, plan de actuación) están orientados a correxir as debilidades e a aproveitarse das fortalezas do territorio.

Como exemplo indícanse a continuación algunhas das actuacións que contribuen a mitigar algunha das debilidades e a aproveitar algunha das fortalezas plasmadas na DAFO do periodo 2014-2020





DEBILIDADES (DAFO ESTRATEXIA 2014-2020)	PROXECTOS LEVADOS A CABO
Escasa transformación de produtos agrarios	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Creación de un obradoiro de cociña vexetariana</li> <li>- Posta en funcionamento dun muiño hidráulico para a moenda de cereais</li> <li>- Adquisición de maquinaria para mellora productiva nunha fábrica de queixos</li> <li>- Maquinaria para manipulado de patacas</li> <li>- ...</li> </ul>
Sector agroalimentario con insuficiente desenvolvemento da comercialización	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obra para ampliar e mellorar tenda de venta directa</li> <li>- Adquisición e acondicionamento de nave para distribución de equipos de ordeño robotizados</li> </ul>
Falta de inversores e promotores privados	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Crearonse 16 empresas/actividades novas.</li> </ul>
Falta de centros de atención á terceira idade	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Creación de Centro de día en Guitiriz</li> <li>- Reforma do Centro de día de Abadín</li> </ul>
Pouca tradición turística	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaboración do plan de desarrollo turístico do Territorio</li> <li>- Apartamentos turísticos en Riotorto</li> </ul>
Rexeitamento á adopción de innovacións	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Creación de empresa de servicios industriales con drones</li> </ul>
Recursos e patrimonio rural non aproveitados	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Rehabilitación de elementos etnográficos para creación de centro de interpretación en Folgoso</li> </ul>
Recursos no rural non están inventariados, tipificados, ciñecidos, valorados e localizados	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Escolma de rutas do territorio do GDR</li> <li>- Mapas dos concellos do GDR</li> </ul>

<b>FORTALEZAS (DAFO ESTRATEXIA 2014-2020)</b>	<b>PROXECTOS LEVADOS A CABO</b>
Importancia da superficie forestal que pode supoñer boas perspectivas de aproveitamento da biomasa	<ul style="list-style-type: none"><li>- Centro de transformación de produtos maderables en leñas para calefacción</li><li>- ...</li></ul>
Potencial da industria agroalimentaria	<ul style="list-style-type: none"><li>- Plan de mellora tecnolóxica e competitividade para o afianzamento no mercado internacional do queixo DOP San Simón da Costa</li></ul>
Camiño Norte de Santiago	<ul style="list-style-type: none"><li>- Creación de Pensión en Parga – Camiño Norte</li></ul>
Primacía do sector lácteo	<ul style="list-style-type: none"><li>- Varios proxectos de eficiencia enerxética en granxas do territorio</li></ul>
Notable importancia cinexética e piscícola	<ul style="list-style-type: none"><li>- Mellora das infraestructuras do local de Bretoña para atracción de visitantes – Tecor Terra Chá</li></ul>
Denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas xa implantadas	<ul style="list-style-type: none"><li>- 2 proxectos en queixerías DOP San Simón da Costa</li></ul>
Tradicción de mercados locais e feiras	<ul style="list-style-type: none"><li>- 3 actuacións en recintos das feiras de Castro de Rei, Muimenta e Feira do Monte</li></ul>

As ameazas e oportunidades da DAFO son externas ó territorio, aínda que sí inflúen nas actuacións que se levan a cabo e as actuacións que se levan a cabo contribúen tamén a aproveitarse das oportunidades e, en menor medida, a mitigar as ameazas.



## **Avaliación das acción de dinamización e formación:**

O GDR, no período 2007-2013, realizou un proxecto de dinamización turístico que contiña unhas pequenas charlas de formación e visitas a distintos lugares do territorio. E, no período 2014-2020, a Estratexia non contemplou a formación (acordo da Asemblea Xeral). Polo tanto, o GDR non realizou formación.

As actividades de dinamización, tanto do período 2007-2013 como do período 2014-2020, foron deseñadas para dar visibilidade ó GDR, as axudas do Leader e o territorio do GDR. Así mesmo, tamen, período 2014-2020 empezou a darse visibilidade nas redes sociais (cada mes ten mais repercusión, e mais visitas).

Neste senso, no período 2014-2020, realizouse un video de promoción do territorio que ten sobre 38.000 visitas en youtube (un alto contenido en visitas para un GDR). Tamen realizáronse 14 videos de proxectos que reciben axuda Leader (están todos no canal de youtube do GDR) unidos a difusión dos mesmos nas redes sociais están dando lugar a solicitudes de información das axudas Leader.

Polo tanto cabe concluir que a dinamización que está realizando o GDR está dando os seus frutos. (coñecemento do GDR, difusión das axudas e visibilidade do territorio do GDR)

- As temáticas das acción de dinamización e formación estiveron directamente relacionadas cos obxectivos da estratexia?

As actividades de dinamización están totalmente relacionadas cos obxectivos da estratexia. De feito realizouse un proxecto de valorización da produción local no que se creou un buscador (na web do GDR) de produtores locais, realizáronse proxectos de difusión das convocatorias Leader, publireportaxe de proxectos financiados polo Leader, videos de proxectos financiados polo Leader, repartíronse, entre a poboación, bolsas reutilizables a fin de evitar o uso de plásticos, tamén realizouse difusión do territorio cun video do mesmo, cun libro guía do territorio e cunha colección de mapas do territorio.

Todas as actuacións están relacionadas coas áreas temáticas clave que desenvolven as actuacións para conquistar os obxectivos da estratexia.

Como xa se comentou o GDR non realizou formación por non estar contemplada na Estratexia.

- Existe un perfil diverso nos promotores das acción de formación?

O GDR non realizou formación por non estar contemplada na Estratexia.

- Tiveron incidencia esas acción sobre outras actuación financiadas?

A difusión que realizou o GDR dos proxectos que recibiron axuda Leader (O GDR realizou dos proxectos de difusión de proxectos financiados polo Leader, unha publireportaxe (formato papel) e outro foron videos de proxectos que se colgaron en youtube e nas redes sociais do GDR) unido as campañas de difusión da convocatoria anual Leader nos periódicos dan lugar o coñecemento das axudas Leader e polo tanto dan lugar ás solicitudes de axuda.

Tamén, a difusión do territorio (difusión turística do mesmo) deu lugar os proxectos produtivos de creación dunha pensión en Parga, un hotel de dúas estrelas en Bretoña e uns apartamentos turísticos en Riotorto

### **Avaliación global das realizacións e resultados de execución da estratexia en comparación co previsto.**

O GDR Terra Chá é o cuarto grupo con mais fondos asignados e ademáis en varias anualidades o GDR traspasou fondos de gastos de funcionamento á Estratexia. En total o GDR dispuso, para proxectos da estratexia, duns 3,9 millóns de euros dos que se comprometeron o 99,31 %. Si se analizan as porcentaxes de comprometido por tipoloxía de proxectos temos un compromiso do 99,5% de proxectos produtivos e un 98,36% e un 99,93% de proxectos non produtivos públicos e privados, respectivamente. Podese decir que o nivel de compromiso de fondos foi moi alto.



En cuanto a execución dos fondos (a día de hoxe aínda están en prazo de xustificación os expedientes da convocatoria 2021) o nivel de execución atópase nun 83,70% (este nivel subirá cando xustifiquen os expedientes da convocatoria 2021). Si se analiza a execución por tipoloxía de proxectos, temos que a execución de proxectos produtivos está nun 80,04%, e nun 90,16% e nun 99,93% de proxectos non produtivos públicos e privados, respectivamente. As porcentaxes de execución subirán xa que están pendentes varios expediente de presentar as súas xustificacións. Tendo en conta o anterior o nivel de execución é alto.

O número total de proxectos aprobados da estratexia foron 72 (48 produtivos, 24 non produtivos, dos que 18 son públicos e 6 son privados). O investimento total comprometido foi de 3,86 millóns de euros (2,78 millóns de proxectos produtivos e 1,08 millóns de euros en proxectos non produtivos (0.76 millóns e 0.32 millóns de euros en proxectos non produtivos públicos e privados, respectivamente). Na estratexia aprobarase que para proxectos produtivos foran destinados como mínimo o 70% de fondos, para proxectos non produtivos, como máximo, o 30% dos fondos (21% para proxectos públicos e 9% para proxectos privados).

A axuda pagada (a mediados de decembro) de proxectos produtivos foi de 2, 2 millóns de euros (aínda hai expedientes pendentes de presentar a xustificación), de proxectos non produtivos públicos pagaronse 0,68 millóns de euros (tamén hai proxectos pendentes de xustificación) e de proxectos non produtivos privados pagaronse 0,32 millóns de euros (esta tipoloxía de proxectos xa está toda certificada)

As porcentaxes de axuda media dos proxectos produtivos foi dun 44,66% (hai que ter en conta que 5 proxectos tiveron a porcentaxe máxima de axuda), dos proxectos non produtivos de entidade pública a porcentaxe media foi dun 77,69% (nesta tipoloxía hai 4 proxectos de prioridade media e 14 de prioridade alta que tiveron unha axuda media de 60,07% e do 82,23%, respectivamente) ningún proxecto obtivo a porcentaxe máxima de axuda. E a axuda media dos proxectos non produtivos de entidades privadas foi dun 43,01% (\*). Recibiron axuda 6 proxectos (1 de prioridade media e 5 de prioridade alta. O proxecto de prioridade media recibiu unha porcentaxe de axuda dun 54,50% e recibiron axuda 5 proxectos de prioridade alta que recibiron unha porcentaxe de axuda media dun 42,94% (\*).

(\*). Esta porcentaxe está distorsionada xa que un proxecto realizou un investimento moi alto (568.443,22 €) e a axuda que conqueirou foi a máxima (200.000,00 €) limitada polas

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ

Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n  
27800 Vilalba (Lugo)  
T. 982 512 369  
terrachanaturalmente@gmail.com



bases Leader, polo que esta axuda representa o 35,18% do investimento. Realmente a este proxecto corresponderíalle unha porcentaxe de axuda do 89,50%. Sin ter en conta este proxecto a porcentaxe de axuda media foi dun 79,35%.

Con todos estes fondos mobilizados crearonse 38,08 postos de traballo, un posto de traballo foi creado por un proxecto non produtivo de entidades privadas e o resto son creados por proxectos produtivos. Podese destacar que 48 proxectos produtivos con resolución crearon 31 postos de traballo. Da totalidade de postos de traballo creados, 1,5 pertencen ó colectivo de persoas maiores de 50 anos, 12,75 corresponden ó colectivo de xóvenes de menos de 41 anos e 9,75 postos de traballo pertencen ó colectivo de mulleres.

Non hai que olvidar que tamén se consolidaron 331,15 postos de traballo. Neste sendo é de reseñar que algunha empresa que tiña obrigación de crear 1 traballador e consolidar 14 e no momento da xustificación tiña 32 traballadores.

Tendo en conta o anterior, a execución do Leader 2014-2020 é moi boa e conforme a estratexia.

### **Análise do reparto territorial de fondos, tanto de proxectos produtivos como de non produtivos.**

Recibiron subvención 48 proxectos produtivos e 24 de proxectos non produtivos.

A distribución territorial dos proxectos produtivos non é homoxénea. O territorio do concello de Vilalba tivo 16 proxectos, o do concello de Castro de Rei tivo 9 proxectos e o do concello de Riotorto 7 proxectos. Hai dous concellos que non tiveron proxectos produtivos no seu territorio (Begonte e Muras).

En canto o reparto de fondos por concellos, o concello de A Pastoriza realizou 6 proxectos e é o que mais fondos leva, seguido de Vilalba e Castro de Rei. Isto é así debido ós criterios de selección de proxectos.

Respecto ós proxectos non produtivos, recibiron axuda 18 proxectos non produtivos de entidades públicas. Os 10 concellos do territorio solicitaron e recibiron polo menos unha axuda Leader. Catro concellos solicitaron e, polo tanto, recibiron mais dunha axuda e o concello que mais proxectos presentou foi o concello de Riototo (4 proxectos). Os concellos que so recibiron unha axuda Leader cobraron un importe entre 62.000 e

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ

Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n  
27800 Vilalba (Lugo)  
T. 982 512 369  
terrachanaturalmente@gmail.com



67.000 €. O concello que mais fondos recibiu foi o concello de Riotorto (104.000 €). Esta tipoloxía de proxectos ten reservada na estratexia o 21% dos fondos, actualmente levanse distribuídos case 800.000 €

En canto ós proxectos non produtivos de entidades privadas, podese comentar que recibiron axuda Leader 6 proxectos. Un deles de prioridade media e o resto foron de prioridade alta. Estes proxectos foron realizados en 4 concellos (Castro de Rei, Cospito, A Pastoriza e Vilalba). Cinco proxectos foron realizados por entidades que traballan con persoas discapacitadas, maiores e menores de idade tutelados. En cuanto a distribución de proxectos foi a seguinte: Vilaba 2 proxectos, Cospito 2 proxectos, A Pastoriza 1 proxecto e Castro de Rei 1 proxecto. Unha entidade (Fogares Lar) recibiu dúas axudas Leader. Tamén é de mencionar á Fundación de Dano Cerebral (FUDACE) que é a única (tanto de proxectos produtivos como de non produtivos) que recibiu o máximo de axuda Leader (200.000 €). Excluíndo esta entidade o resto de promotores recibiu entre 21.000 E e 74.000 €. Os proxectos non produtivos de prioridade media recibiu unha porcentaxe de axuda dun 62,87%. E os proxectos non produtivos de prioridade alta teñen unha porcentaxe de axuda media do 79,35%.

Para este tipo de proxectos a estratexia ten reservado o 9% dos fondos. Na actualidade levanse distribuído 321.000 €

### **Análises das tipoloxías de proxectos executados.**

- Os proxectos apoiados están ben axustados ós obxectivos? O reparto de proxectos e fondos entre sectores correspóndese co establecido na estratexia?

A estratexia estableceu unhas áreas temáticas clave (actuacións) para conquistar os obxectivos polo tanto, todos os proxectos que recibiron axuda están dirixidos a cumprir os obxectivos.

O reparto de fondos está totalmente axustado á estratexia. Como xa se comentou a estratexia estableceu un reparto de fondos entre proxectos produtivos (70%, non produtivos públicos (21%) e non produtivos privados(9%). Esta distribución cumpre o 100%.



- Valorización da participación dos distintos tipos de promotores (mulleres, mozos e mozas...). Correspondese co establecido na estratexia?

O 15,73% dos proxectos que recibiron apoio Leader foron promovidos por mulleres e o 6,25% dos proxectos que recibiron apoio foi promovido por mozos/mozas. A estratexia non estableceu nada neste senso. O que si é interesante e que todos os proxectos promovidos por mulleres ou mozos/as quedou foron apoiado polo Leader. Isto é debido ós criterios de selección de puntuación dos proxectos.

- Valoración da aplicación dos baremos establecidos. Resultaron suficientemente discriminantes? Levaron a unha porcentaxe de apoio público excesiva? Cumpriron a función de seleccionar proxectos axustados ás medidas e obxectivos da estratexia?

Os criterios de selección e puntuación dos proxectos establecen unha nota de corte, o normal é que os posibles promotores se informen nas oficinas do GDR sobre a posibilidade de solicitar a axuda Leader. Neste caso, sempre se realiza un cálculo da posible puntuación do proxecto, no caso de que non supere a nota de corte os promotores non presentan a solicitude de axuda. Polo tanto os baremos axudan a discriminar proxectos xa no momento inicial (antes de solicitar)

Por outra banda, os criterios de selección de proxectos, claro que discriminaron proxectos, na convocatoria 2017 oito proxectos quedaron sen axuda, na convocatoria 2018 quedaron sen axuda 3 proxectos e na convocatoria 2020 quedaron sen axuda 11 proxectos. Os baremos impulsaron ós proxectos que, entre outros, crean mais emprego e os proxectos que se sitúan nas zonas mais rural do territorio.

Os proxectos públicos levaron unha axuda media sobre un 44% tendo en conta que a porcentaxe máxima de axuda é o 50% e, por outra banda, só obtiveron a porcentaxe de axuda máxima (50%) 5 proxectos. Ningún proxecto produtivo levou o importe máximo de axuda (200.000,00 €). Tendo en conta o anterior, non se considera que os proxectos produtivos levaran un excesivo apoio público.

A porcentaxe de axuda media dos proxectos non produtivos públicos de prioridade alta (82,23%), atópase xusto na media do rango establecido para estes proxectos (70%-



90%). O mesmo ocorre coa porcentaxe de axuda media dos proxectos non produtivos públicos de prioridade media (60,07%) que se atopa no medio de rango das porcentaxes establecidas para estes proxectos (50%-70%).

Os proxectos non produtivos de entidades privadas de prioridade alta teñen unha porcentaxe media de axuda dun 79,35% que está no medio do rango das porcentaxes de axuda para proxectos non produtivos de prioridade alta (70%-90%).

Tendo en conta o anterior, non se considera que o apoio público para proxectos non produtivos (públicos/privados) sexa alto, mais ben ésta no rango medio das porcentaxes para esta tipoloxía de proxectos.

Os baremos cumpren a función de seleccionar proxectos axustados ás actuacións establecidas nas áreas temáticas clave da estratexia .

### C.6.3 Proxectos considerados casos de éxito a destacar

Como casos de éxito, identificamos 2 proxectos produtivos que naceron no Leader 2007-2013 ou que tiveron na axuda Leader 2007-2013 un punto de inflexión no seu crecemento.

1. **Grupo On, S.L. – “Central de Alarmas”** - Solicitou unha axuda para iniciar a súa actividade do Leader 2007-2013 no ano 2011.

Nese momento non tiña empregados e ía empezar. A actividade emplazase no polígono industrial de Vilalba. Solicita axuda para a construción dunha nave industrial e para a adquisición de equipamentos varios.

Promotor	Título	Orzamento	% axuda	Importe axuda	Empregos a consolidar	Empregos a crear
Grupo On Seguridade, S.L.	Central receptora de alarmas e sistemas de seguridade	594.944,76	31,62%	188.121,53	-	10

Para ver a súa evolución con datos reais, contrastamos os datos cos achegados coa presentación de un proxecto ás axudas Leader 2014-2020 no ano 2017 (6 anos despois):

Promotor	Título	Orzamento	% axuda	Importe axuda	Empregos a consolidar	Empregos a crear
Grupo On Seguridade, S.L.	Adecuación de instalacións para realización de proxecto de I+D+D, e CPD, para recepción de eventos	136.166,33	42,25%	57.530,27	20,58	1

Este proxecto contemplaba a adecuación das instalacións que permitan contar con un laboratorio de I+D+D propia para desenrolar novos produtos e testear os existentes antes da súa comercialización. Inclúe ademáis a creación dun Centro de Proceso de Datos que permita xestionar procesos de eficiencia enerxética, de análise de video ou sistemas contra incendios, por exemplo, e poder ofrecer ó mesmo tempo ós terceiros servizos de almacenamento de información on-line. I

No periodo de 6 anos, dende que solicitou a primeira axuda no Leader 2007-2013 ata a segunda no Leader 2014-2020, creou un total de case 21 empregos, comprometendose ademáis á creación dun posto mais.

Observase ademáis no expediente unha facturación para o ano 2015 de case 700.000 euros, e non tivo perdas.

Na actualidade a empresa segue mantendo a súa actividade

Por todo o anterior, e por ser un sector de traballo tecnolóxico, e no seu momento o único no territorio, consideramos que podemos tratalo como caso de éxito.

2. **Academia Newton, S.L. – “Formación e colocación na Terra Chá”** – Solitounha axuda no ano 2010, para a ampliación da súa actividade no Leader 2007-2013.

Partía dunha situación de empresa en local no centro de Vilalba, muy limitado para a súa actividade. Daba formación a pequenos grupos de alumnos.

Solicita axuda para a construción dunha nave no Polígono industrial de Vilalba, xunto con equipos necesarios:

Promotor	Título	Orzamento	% axuda	Importe axuda	Empregos a consolidar	Empregos a crear
Academia de Enseñanza Newton Villalba, S.L.U.	Formación e colocación na Terra Chá	378.126,93	34,40%	130.075,66	2	2

Para ver a súa evolución con datos reais, contrastamos os datos cos achegados coa presentación de un proxecto ás axudas Leader 2014-2020 no ano 2019 (9 anos despois):

Promotor	Título	Orzamento	% axuda	Importe axuda	Empregos a consolidar	Empregos a crear
Academia de Enseñanza Newton Villalba, S.L.U.	Escola de traballos en altura e verticais	43.067,53	33,75%	14.535,29	10,44	

Este proxecto consista na adaptación dunha nave industrial para a impartición de formación en alturas, traballos verticais, extinción de incendios e espazos confinados. É unha ampliación da liña de negocio en formación, aplicando as técnicas propias de PPRLL en traballos de altura, verticais, espazos confinados e extinción de incendios.



Está a facer formación para empresas , ampliando as súas liñas de traballo, adaptándose ás esixencias do mercado actual.

Observase ademáis no expediente unha facturación para o ano 2017 de case 520.000 euros, e non tivo perdas.

Na actualidade a empresa segue mantendo a súa actividade.

Xunto con estes dous proxectos no GDR hai outros promotores que teñen unha traxectoria similar en canto á súa relación co Leader, solicitando axudas en distintos periodos para proxectos que lles vai marcando a súa evolución e crecemento: Xardinor, S.L, SMI Solucións Integrales, S.L., Demaq, S.L., Leitigal, S.L., Carnicos Rio, S.L., Queixería Cas-Leiras ...

A destacar como éxito, dentro de proxectos non productivos os promovidos por FUDACE no Centro de Daño Cerebral en Castro Riberas de Lea. Son proxectos de atención a persoas con daño cerebral e neste Leader 2014-2020 tamén de persoas con patoloxía dúal.

No Leader 2007-2013 solicitou unha axuda para a construción dunha Sala de rehabilitación de persoas dependentes, con un orzamento de 603.526,91 euros e unha axuda pública de 250.000 euros.

No Leader 2014-2020 solicitou unha axuda para a creación dun centro de atención a persoas con trastorno e patoloxía dúal, con un orzamento de 568.443,22 euros e unha axuda pública de 200.000 euros.

Todos estes proxectos, tanto os 2 productivos como o non productivo, son susceptibles de ser replicados noutros territorios, pois cubren necesidades e/ou prestan servizos comúns e necesarios en todos os territorios.

O éxito destes procesos productivos pode radicar en centrarse en nichos de mercado nos que non hai promotores suficientes que presten o servizo e o seu saber facer adquirido co paso do tempo.

## C.7. Orientacións e leccións extraídas para o novo periodo 2023-2027

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ

Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n  
27800 Vilalba (Lugo)  
T. 982 512 369  
terrachanaturalmente@gmail.com



Pola conxuntura económica actual xurden novos retos para os distintos territorios, que levan a orientar os obxectivos cara uns territorios e economías mais sostibles, facendo fincapé en obxectivos de aforro e eficiencia enerxética e de conservación de medioambiente. Outro reto para a poboación é a adaptación á transformación dixital.

Obxectivos medioambientales:

- Uso sostible e protección dos recursos hídricos
- Economía circular
- Protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas

Como territorio eminentemente agrario e con abundancia de explotacións agro-gandeiras ós que concienciar de actuacións de conservación de medioambiente.

Dentro destes obxectivos a innovación ten un papel moi importante, coa finalidade de que se poidan xerar produtos, servicios que melloren a eficiencia do uso dos recursos e a redución da xeración de residuos.

Outro dos obxectivos a marcar para o Leader 2023-2027 é o de Xestión ordenada do Solo. No proceso participativo do GDR, en moitas das reunións levadas a cabo, marcábase como unha debilidade do territorio. Existen terreos abandonados e polo tanto improductivos. Marcábase tamén como debilidade o escaso tamaño das propiedades que non permite xestionalos dun xeito correcto. Outra posibilidade productiva son as extensións de terreo pertencentes a Montes Veciñais en man común e que na maioría dos casos están mal xestionados. A lei do Solo de Galicia pode ser un instrumento que axude a mitigar este problema no territorio.

Durante este periodo observouse tamén un aumento do turismo. A pandemia mundial COVID-19 fixo que o turismo de natureza tivese un certo repunte. O territorio ten como recursos turísticos mais importantes o Camiño Norte de Santiago, que pasa por 4 dos 10 concellos do territorio e os recursos naturais. Parte do territorio esta incluído na Reserva da Biosfera Terras do Miño, hai zonas de Rede Natura...

Dadas as posibilidades do territorio e o aumento do turismo nestes últimos anos faise necesario tamén para a próxima estratexia 2023-2027, a potenciación, valorización e posta en valor dos recursos do territorio (natural, cultural e patrimonial), co obxectivo de atraer visitantes á comarca.



En canto ó baremo de priorización de proxectos, e dado que neste periodo houbo proxectos que non acadaron axuda por esgotarse os fondos disponibles (sobre todo proxectos productivos), e tendo en conta que os fondos previstos para o Leader 2023-2027 van a ser menores, valorarase a posibilidade de poder baixar as porcentaxes de axuda (a axuda media para proxectos productivos no Leader 2014-2020 foi aproximadamente do 44%) do proxectos e/ou baixar os límites máximos de axuda.

Outra opción que se poderá plantexar é a de incrementar puntuación dos proxectos en función do importe do investimento, coa finalidade de potenciar os proxectos de menor importe con respecto ós de maior importe. Isto faría que puidesen aumentar o número de proxectos beneficiarios de axuda e, a súa vez tamén os proxectos de novos emprendedores, que suelen ser de menor importe. Neste senso tamén se pode potenciar proxectos promovidos por mulleres e mozos/as.

Tamén se valorará a posibilidade de redefinir os proxectos non productivos das distintas prioridades marcadas (Baixa, media, alta) en función dos obxectivos que se marquen na estratexia.

Nos baremos tamén haberá que definir que tipo de actividades se queren priorizar e/ou limitar.

#### Proxectos de Cooperación:

No periodo Leader 2014-2020 levaronse a cabo 2 proxectos de cooperación: “ Alimentos da biosfera: rede para la promoción de circuitos cortos alimentarios bajo la Reserva de Biosfera españolas” e “Incorporando Ilusións”

O primeiro busca unha mellora no servizo de comedores dos centros escolares, promovendo unha alimentación saudable, con alimentos de proximidade, ecolóxicos, de tempada, na búsqueda do fomento da economía circular e desenvolvemento socioeconómico do entorno, mellora da calidade dos menús escolares, e mitigación do cambio climático. Buscase ademáis a potenciación da marca Reserva da Biosfera para os produtos do territorio.



O segundo ten como obxectivo principal incentivar e facilitar o retorno e a inserción laboral da xuventude nas zonas rurais, fomentando o emprendemento e a mellora da empregabilidade, cunha páxina web que conecta as empresas do rural coa xuventude. Estes proxectos están en liña cos obxectivos do territorio, fomentando a economía circular e intentando frear o éxodo do rural da xuventude.

Calquera destes dous proxectos poderán ser liñas de traballo en proxectos de Cooperación para o territorio do GDR2 no periodo 2023-2027. Faise importante a continuidade dos mesmos, que evolucionarán en función da aprendizaxe adquirida dos anteriores.

Podería ser interesante tamén un proxecto relacionado cos instrumentos de recuperación de terras agrarias, como pode ser un proxecto de xestión de agrupacións forestais de xestión conxunta. Os posibles GDRs cos que cooperar serían os da provincia de Lugo, por ter nalgúns casos territorios moi similares.

Tamén nas reunións de grupos focais pode saír algún proxecto de cooperación non previsto nestes intres.



## D. Análise do novo marco normativo e institucional e impacto previsible na futura estratexia.

Dentro do análise normativo, institucional e estratéxico centrarémonos no máis relevante e de interese directo para o noso GDR. A intención é coñecer que incidencia deste marco ten no noso territorio e a forma en como pode condicionar na estratexia e especificar cales destas prioridades da normativa e documentos son incorporadas co fin de maximizar as sinerxías e a complementariedade, especialmente coas restantes medidas de desenvolvemento rural que se van apoiar no marco da PAC 2023-2027 e das recentes políticas europeas (Pacto Verde, Estratexia da Granxa á Mesa, Estratexia de Biodiversidade 2030, Estratexia forestal, etc.). Para iso, é importante recalcar que a Terra Chá encádrase dentro do sector primario onde destaca a especialización leiteira, a cárnica e, en canto ao forestal, a explotación da especie *Pinus radiata*. Conta tamén cunha superficie ampla dedica ao cultivo, explotacións gandeiras e uso forestal e boas condicións ambientais, de aí a que a incidencia da nova PAC e das recentes políticas europeas teñan importante cabida na estratexia de desenvolvemento local e especialmente, sexa importante ter en conta a Lei de recuperación da terra agraria.

Partindo do coñecemento que temos do ámbito xeográfico da comarca vamos analizar e incluír na futura estratexia de desenvolvemento local as estratexias que detallaremos nos seguintes apartados.

### D.1 Estratexias da UE

#### D.1.1 Pacto Verde

O Pacto Verde é a estratexia da UE para conseguir a neutralidade climática. Engloba un amplo abano de iniciativas políticas en ámbitos moi diversos, destinadas a encamiñar á UE nesa transición ecolóxica polo que é importante para considerar dentro da estratexia do GDR. Partindo das actuacións que propón o Pacto Verde Europeo, das características do noso territorio e da información aportada pola período de participación desta estratexia, teremos en conta as seguintes actuacións en función da súa incidencia no GDR é como se poden incorporar:



Táboa 153 Obxectivos, incidencia e incorporación do Pacto Verde na estratexia

Obxectivos do Pacto Verde	Incidencia no territorio do GDR-02	Incorporación na estratexia
AMBICIÓN CLIMÁTICA: Apoio a iniciativas que supoñan a redución de gases de efecto invernadoiro	Xera un aforro económico global  Acada a neutralidade climática (redución de emisións, subministro de enerxía segura e limpa...)	O apoio a iniciativas que supoñan a redución de gases de efecto invernadoiro  Campañas ou iniciativas para concienciar sobre os logros da neutralidade climática
ENERXÍA LIMPA, ASEQUIBLE E SEGURA: Produción e utilización de enerxía limpa	Non efectúa emisións de gases de efecto invernadoiro  Protexer, manter e mellorar o capital natural, a saúde e o benestar dos cidadáns fronte os riscos medioambientais	Intensificar a produción e utilización de combustibles alternativos e sostibles para o transporte  Prioridade a eficiencia enerxética
PRESERVACIÓN E PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE	Eliminación da pegada de carbono no desempeño da actividade diaria  Valor das áreas paisaxísticas e das reservas do territorio	Impulsando proxectos que poñan en valor a capacidade de espazos naturais e a redución de emisións
SISTEMA ALIMENTARIO XUSTO E RESPECTUOSO CO MEDIO AMBIENTE (Estratexia da granxa á mesa)	Harmonizar o sistema, a produción, transformación e comercialización da alimentación coas necesidades do planeta con prácticas e produción sostibles	Fomento da economía circular
INTEGRACIÓN DA SOSTENIBILIDADE: Contribución a un entorno sen substancias tóxicas	Mellora da calidade de vida e da produción	Apoiar as iniciativas con producións tradicionais, as actividades ecolóxicas, a eliminación de químicos e sulfatos na produción  Incentivar aos proxectos que procuran a calidade do alimento e o ben estar animal

### D.1.2 Estratexia da granxa á mesa

É unha das iniciativas clave no marco do Pacto Verde Europeo ao fin de contribuír o logro da neutralidade climática de aquí ao 2050, período no que abarca tamén a nosa estratexia 2023-2027. O que se pretende e facer evolucionar o sistema alimentario cara un modelo sostible. Os principais obxectivos desta estratexia que podemos encaixar na nosa comarca e debemos dar prioridade podemos encadralos tendo en conta cales son os obxectivos da UE: reducir a pegada ambiental e climática do sistema alimentario europeo e reforzar a súa resiliencia, asegurar a seguranza alimentaria encarando o cambio climático e a perda de biodiversidade ao tempo que lidera a transición global cara unha sustentabilidade competitiva da granxa á mesa.

*Táboa 154 Obxectivos, incidencia e incorporación da granxa á mesa na estratexia*

<b>Obxectivos ou elementos da estratexia da Granxa á mesa</b>	<b>Incidencia no territorio do GDR-02</b>	<b>Incorporación na estratexia</b>
1. Produción sostible de alimentos	Aumento do autoconsumo Aumento do valor dos produtos locais e potenciar novas oportunidades de negocio, ao valor tradicional de mercados locais, feiras e mercados tradicionais xa existentes	Fomentar o autoconsumo, a economía circular, a agricultura tradicional, a produción ecolóxica...
- Modelos de negocio verdes: secuestro de carbono por agricultores e silvicultores ('EU carbón farming' initiative)	Aproveitamento a abundancia dos recursos propios e obter proveito das variedades locais, razas autóctonas etc.	Fomentar os métodos de produción máis rápido a través de solucións tecnolóxicas ou dixitais baseadas na natureza e no territorio para proporcionar mellores resultados ambientais, climáticos e aumentar a resiliencia climática.  Fomentar reducir a dependencia de determinadas materias primas (ex. soia procedente de zonas deforestadas)
- Bioeconomía circular (enerxía renovable, biodigestión, enerxía solar...)	Emprego dos nosos residuos en recursos  Reducir o consumo de combustibles fósiles	Apoio á economía circular e a produción de enerxías renovables  Incentivar proxectos bioeconómicos



- Redución do uso de pesticidas químicos	Aumento da fertilidade das terras do territorio e aproveitamento das características climatolóxicas que posibilitan o éxito do cultivo.	Potenciar a agricultura tradicional impulsar prácticas que reduzan a utilización de pesticidas químicos e o exceso de fertilización
- Redución da perda de nutrientes e do uso de fertilizantes	Aumenta a calidade ou mantén a calidade dos produtos primarios da zona	Motivar os pequenos produtores e a utilización dos produtos de tempada e garantir a competitividade e a seguridade alimentaria, a saúde pública e alcanzabilidade  Crear investimentos que con leven estudos ou traballos dos solos para coñecer as propiedades e necesidades
- Redución do impacto ambiental e climático da produción animal (aditivos, impulso proteaxinosas, métodos de menores emisións...)	Mellora do benestar animal do territorio, da súa produción e polo tanto do produto que se comercialice.  Calidade dos produtos primarios en xeral, da calidade ambiental e na zona	Impulso dunha cadea alimentaria sostible
- Redución do uso de antimicrobianos	Mellorar a calidade de vida, a utilización dos recursos naturais e crear un ambiente neutro, reverter a perda da biodiversidade	Facilitar as inversións sostibles na loita contra a resistencia dos antibiomicobianos  Fomentar o uso controlado e limitado dos medicamentos
- Mellora do benestar animal	Calidade dos alimentos e polo tanto aumento do seu valor.  Garantir a estabilidade dos animais do territorio e os seus coidados e alimentación	Incentivar iniciativas que con leven a mellora do benestar animal

- Sanidade vexetal (incluído impulso de variedades tradicionais e locais)	Protexe a natureza e a biodiversidade da zona  Apoio e fomento ao cultivo, plantación de especies propias ou autóctonas xunto coas que manteñen características de agricultura tradicionais, favorecer a utilidade dos terreos a través da ordenación e dos usos actuais dos terreos.  Valoración das granxas e actividades que fomenten o ben estar animal	Estímulo de prácticas sustentables na transformación de alimentos, no comercio, na hostalaría e nos servizos de comidas  Apoio a produción de sementes de calidade, adaptadas ás condicións locais e fomentar este tipo de agricultura  Impulso de cadeas de comercialización cortas e iniciativas de cooperación que reforcen a posición dos agricultores na cadea alimentaria
- Impulso da agricultura ecolóxica	Aumento do valor dos produtos locais	Fomentar o consumo de produtos ecolóxicos
2.Seguridade alimentaria (en particular en situacións de crise)	Garantir unha estabilidade alimentaria	Fomentar o uso responsable dos alimentos  Impulsar iniciativas que acheguen os alimentos a colectivos de poboación (colexios, centros de día...)
3.Cadea alimentaria sostible	Incorpora na sociedade o uso responsable dos alimentos e dos residuos	Incentivar a produción e o consumo final dos nosos alimentos a que queden no noso territorio, a través de axudas, garantías de calidade, publicidade..
- Fortalecer os circuitos curtos e sistemas alimentarios locais	Aumento do valor dos produtos locais e potenciais, xera novas oportunidades de negocio ao valor tradicional de mercados locais, feiras e mercados tradicionais xa existentes	Apoiar a economía da zona, a economía circular
- Reforzo das DOP e IXP	Aumento de valor dos DOP e IXP que xa temos e da súa comercialización	Mais publicidade e fomento dos produtos con DOP e IXP
- Envasado sostible (redución de químicos, materiais renovables, reciclables...)	Reducir os residuos	Incentivar a produción sen envasados, uso de materiais renovables na produción actual (leite, cárnica, alimentos de tempada...)
- Economía circular na cadea de procesado e distribución	Crecemento e riqueza dos produtores e empresas de transformación	Axudas económicas as empresas actuais que xeran o produto que tamén queiran transformalo e vender o produto final
- Integración da sustentabilidade como elemento de estratexia corporativa	Maior valor e calidade da cadea de produción e do produto final	Crear iniciativas que teñan en conta a integración da sustentabilidade e poder levalas acabo na industria, comercialización...

- Inducir dietas máis saudables (reducindo graxas, azucre ou sal)	Poboación con maior calidade de vida e mais saudable	Publicidade de produtos naturais e da zona.  Impulsar campañas da necesidade do consumo alimentario mais saudable
- Prácticas empresariais e de marketing responsables	Maior valor as empresas actuais.  Creación de empregos mais innovadores e orientados ao uso responsable	Apoiar empresas que leven acabo marketing e publicidade responsable ou que realicen a súa actividade nesa liña
- Etiquetaxes harmonizadas de sustentabilidade	Mais transparencia para os nosos cidadáns, maior coñecemento e facilidades para estar informado	Colaborar con empresas que queira mellorar o seu etiquetaxe.  Apoiar as empresas para que procuren un alimento con etiquetaxe mais sostible e responsable
- Licitación pública de alimentos sostibles	Maior equidade e igualdade nos alimentos	Fomentar a redución de desperdicios e menús equilibrados en centros públicos
4.Redución do desperdicio de alimentos	Redución de residuos e perdas de alimentos	Fomentar o emprego de materiais reutilizables, a distribución de produtos de proximidade e ecolóxicos...

### D.1.3 Nova Estratexia en favor dos bosques 2030

Os bosques desempeñan un papel importante na Terra Chá, xeran emprego, proporcionan alimentos, menciñas, materiais e auga limpa entre outros. Ademais, ocupa unha superficie significativa que engade valor ao territorio. Actualmente a superficie forestal na Terra Chá ocupa case o 60% da superficie total polo que é importante ter en conta a estratexia en favor dos bosques 2030. Está baseada no Pacto Verde e na estratexia sobre a biodiversidade e inclúe medidas para reforzar a protección e restauración dos bosques, así como mellorar a xestión forestal sustentable de cara a garantir uns ecosistemas forestais resilientes e multifuncionais. Durante o proceso participativo unha das demandas mais aportadas tiña que ver co sector forestal, a propia poboación ou axentes viron relevante dar mais protagonismo e importancia a nosa capacidade forestal. Con este fin, nesta estratexiaponse en valor as zonas forestais pero tamén vai unida a necesidade da biodiversidade. Esta prospera mellor en espazos protexidos e actualmente a Terra Chá conta con unha importante rede de espazos protexidos, de especial conservación, reservas da biosfera... que se localizan da seguinte maneira dentro do territorio:

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ

Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n  
27800 Vilalba (Lugo)  
T. 982 512 369  
terrachanaturalmente@gmail.com

Táboa 155 Espazos e áreas de especial protección ou conservación

Medio ambiente	
Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN)	Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, Vilalba, Xermade
Rede Natura 2000: Zona de Especial Conservación (ZEC)	Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, Vilalba, Xermade
Espazo Privado de Interese natural (EPIN)	Xermade
Árbores senlleiras	Begonte, Castro de Rei, Vilalba e Xermade
Reservas da Biosfera	Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Riotorto, Vilalba, Xermade
Zonas de protección avifauna	Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Vilalba, Xermade
Áreas prioritarias avifauna	Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Vilalba, Xermade

Tamén o territorio conta con varias áreas paisaxísticas:

Táboa 156 Áreas paisaxísticas do GDR e superficie e concellos que abarcan

Grande área paisaxística	Nome	Superficie total (ha)	Superficie afectada do GDR (ha)	Concellos do GDR afectados
Chairas e Fosas Luguesas	Serra da Carba	3542,95	3542,95	Muras, Vilalba e Xermade
Chairas e Fosas Luguesas	Monseivane	3851,8	3851,8	Abadín e Vilalba
Chairas e Fosas Luguesas	Lagoa de Cospeito	132,83	132,83	Cospeito
Chairas e Fosas Luguesas	Veigas de Muimenta	468,06	468,06	Castro de Rei e Cospeito
Chairas e Fosas Luguesas	Fonmiñá	66,78	66,78	A Pastoriza
Chairas e Fosas Luguesas	Río Parga-Guitiriz	136,05	136,05	Guitiriz

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ

Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n  
27800 Vilalba (Lugo)  
T. 982 512 369  
terrachanaturalmente@gmail.com

Chairas e Fosas Luguesas	Alto Miño	1591,98	745,93	Begonte
Chairas e Fosas Luguesas	Castro de Viladonga	101,18	101,18	Castro de Rei
Galicia Setentrional	Fraga de Ambosores-Alto Sor	300,75	45,74	Muras
Galicia Setentrional	Serra do Xistral	6555,97	3761,75	Abadín e Muras
Galicia Setentrional	Serra da Toxiza-Tronceda-Fragavella	3426,13	1306,54	Abadín

Si se ten en conta a capacidade forestal e a biodiversidade do territorio do GDR e os obxectivos que se queren alcanzar coa estratexia a favor dos Bosques 2030 pódense sacar as seguintes propostas que sirvan para coñecer que incidencia ten o territorio e a estratexia e como podemos incorporalos a esta.

*Táboa 157 Obxectivos, incidencia e incorporación da Estratexia a favor dos bosques na nosa estratexia do GDR Terra Chá*

Obxectivos da Estratexia a favor dos Bosques para o 2030	Incidencia no territorio do GDR-02	Incorporación na estratexia
Apoiar funcións socioeconómicas dos bosques para lograr zonas rurais prósperas e impulsar a bioeconomía forestal dentro dos límites da sustentabilidade	<p>Importancia da superficie forestal que pode supoñer boas perspectivas de aproveitamento da biomasa.</p> <p>Aproveitamento das terras por baixo do o seu potencial produtivo (por ex.: montes en man común)</p> <p>Ofrece múltiples funcións e beneficios socioeconómicos, en particular empregos adicionais e oportunidades de crecemento en zonas rurais, así como funcións recreativas que contribúen á</p>	<p>Promover unha bioeconomía forestal sostible para os produtos de madeira de longa duración</p> <p>Garantir o usos sostible dos recursos baseados na madeira para a bioenerxía</p> <p>Promover a bioeconomía forestal non destinada a madeira, en particular ao ecoturismo</p> <p>Desenvolver capacidades e capacitar as persoas para unha bioeconomía forestal sostible</p>

	saúde física e mental da cidadanía.	
Protexer, restaurar e ampliar os bosques da UE para loitar contra o cambio climático, investir a perda de biodiversidade e garantir uns ecosistemas forestais resilientes e multifuncionais	Protección do patrimonio rural: Rede Natura 2000, Reserva da Biosfera  Maior almacenaxe importante de reservas de carbono e tamén eliminación do carbón da atmosfera, ademais de dar maior valor a nosa biodiversidade e a prestación de servizos ecosistémicos.  Maior valor patrimonial e turístico  A longo prazo melloraría a adaptabilidade e a capacidade dos bosques para recuperarse e organizarse por si mesmos	Protección dos últimos bosques primarios e maduros do GDR  Garantir a restauración forestal e o reforzo da xestión forestal sostible para adaptación ao cambio climático e a resiliencia dos bosques, en especial ás árbores senlleiras  Apoio a reforestación e forestación de bosques ricos en biodiversidade (partindo de que contamos con zonas protexidas e de gran valor natural)  Incentivar as actividades que procuren a mellora da cantidade e calidade dos paisaxes e bosques do GDR
Seguimento estratéxico dos bosques, presentación de información e recompilación de datos	Favorecer que recursos no rural estean inventariados, tipificados, valorados e localizados, como primeiro paso para deseñar métodos/estratexias/accións de valorización  Facilitar a ordenación dunha gran parte do territorio (lembreos que a superficie forestal ocupa un 60%)	Estudos ou investigacións sobre o estado dos nosos bosques, o seu valor social e económico que fomenten a información e a recompilación de datos  Diminuír a necesidade de indicadores e limiares de xestión forestal sostible mais detallados sobre as características climáticas e biodiversidade do noso GDR
Unha axenda sólida de investigación e innovación para mellorar os nosos coñecementos sobre os bosques	Dar valor a superficie forestal que pode supoñer boas perspectivas de aproveitamento da biomasa.	Fomentar actividades de investigación e innovación relacionadas coa nosas áreas paisaxísticas, zonas protexidas, plantacións autóctonas...  Inversións na mellora do so de datos e desenvolvemento de infraestruturas,





	Capacitar á poboación do GDR para unha economía forestal sustentable	<p>tecnoloxías e modelos que aceleren a aplicación de innovacións dixitais na silvicultura, zonas rurais e cadeas de valor...</p> <p>Apoia o intercambio de coñecementos, cooperación, educación, formación e asesoramento en apoio de prácticas de xestión forestal</p>
Marco integrador e coherente de gobernanza forestal da EU e intensificar a aplicación e o cumprimento do acervo vixente da UE	Conservar o medio natural actual, en especial as áreas protexidas, as reservas e os recursos forestais.	<p>Fomentar a participación dunha ampla variedade de expertos e partes interesadas a través dun intercambio multidisciplinar que facilite o coñecemento dos nosos bosques ou áreas paisaxísticas e poder introducir os obxectivos da estratexia da EU</p> <p>A nivel GDR fomentar as reunións conxuntas nas que se xeren debates que procuren o compromiso da sociedade civil, propietarios, xestores forestais, industrias... do GDR para ampliar o compromiso coa nosa paisaxe e economía</p>

Actualmente xa existen exemplos de boas prácticas de xestión forestal para conservar e restaurar a biodiversidade a nivel internacional das cales algunhas poderían adaptarse perfectamente ao territorio do GDR. Dentro dos obxectivos temos en conta que algunha delas poderíamos utilizala para usar como ferramentas nos obxectivos e estratexias que nos marquemos.

#### D.1.4 Nova Estratexia sobre a biodiversidade 2030

Dentro do Pacto Verde podemos ter en conta a estratexia sobre a biodiversidade 2030. Trata de protexer a natureza e contribuír á recuperación dos ecosistemas, particularmente a biodiversidade. A biodiversidade proporciona moitos beneficios para o ser humano por desempeñar un papel importante no funcionamento dos ecosistemas e nos numerosos servizos que proporciona. O que se pretende con esta estratexia e reforzar á resiliencia da sociedade fronte a ameazas (cambio climático, incendios forestais, inseguridade alimentaria...). Esta vai unida as demais estratexias europeas nomeadas anteriormente (estratexia a favor dos bosques, da granxa á mesa..) polo que é una iniciativa que temos que ter en conta na nosa estratexia e que dará mais valor ao noso contorno, a nosa economía, a poboación e a calidade de vida. Ademais, a biodiversidade xoga un papel mais importante tras a pandemia Covid-19, xa que fixo que aumente a concienciación acerca dos vínculos que existen entre a saúde da poboación e a dos ecosistemas, entre as cadeas de subministro e os hábitos de consumo sostible dentro dos límites do planeta. En particular, na nosa estratexia podemos abordar tendo en conta os obxectivos da estratexia da UE os seguintes aspectos tendo en conta a súa incidencia e forma e incorporación no noso GDR:

*Táboa 158 Obxectivos, incidencia e incorporación da Biodiversidade 2030 na estratexia*

<b>Obxectivos da estratexia sobre a biodiversidade 2030</b>	<b>Incidencia no territorio do GDR-02</b>	<b>Incorporación na estratexia</b>
Unha rede coherente de espazos protexidos	Recuperación e valoración de un medio rural ben conservado Potenciar a nosa Rede Natura 2000, ZEC Ladra-Parga-Támoga, ZEC Serra do Xistral, Reserva da Biosfera...	Apoia o intercambio de coñecementos, cooperación, educación, formación e asesoramento en apoio a valorar os espazos protexidos Actuacións de recuperación de áreas protexidas do territorio
Plan de recuperación da natureza na UE	Dar apoio ao contorno	Impulso de prácticas agrarias sustentables Apoio á ecoloxización de áreas rurais e núcleos urbanas
Propiciar un cambio transformador	Diversidade territorial: paisaxes naturais e culturais	Apoio a iniciativas empresariais que contribúan a recuperación da biodiversidade

Ambicioso plan mundial sobre a biodiversidade	Explotación económica sostible dos Espazos naturais Protexidos Valoración das áreas protexidas e da biodiversidade do GDR	Contribución á recuperación de ecosistemas degradados do noso GDR Apoio a ecolixación en áreas con maior núcleo poboacional ou mais urbanas
---	--	--

Dentro do Pacto Verde presentando pola Comisión Europea podemos englobar as estratexias nomeadas ata o de agora. Todas elas van orientadas cara un ben común onde en conxunto se da prioridade, tendo as características da comarca, os seguintes aspectos:

- O apoio a iniciativas que supoñan a redución de gases de efecto invernadoiro.
- A produción e utilización de enerxía limpa.
- O fomento da economía circular.
- O impulso dun sistema alimentario xusto, saudable e respectuoso co medio ambiente. (Estratexia da granxa á mesa).
- O apoio a iniciativas para protexer a biodiversidade (Estratexia sobre biodiversidade).
- A contribución a un entorno sen substancias tóxicas.
- O fomento de prácticas que contribúan ao secuestro de carbono.
- O apoio á economía circular e á produción de enerxías renovables.
- O impulso de prácticas que reduzan a utilización de pesticidas químicos e o exceso de fertilización.
- O apoio á produción de sementes de calidade, adaptadas ás condicións locais.
- O fomento da agricultura ecolóxica.
- O impulso de iniciativas de cooperación que reforcen a posición dos agricultores na cadea alimentaria.
- O estímulo de prácticas sustentables na transformación de alimentos, no comercio maiorista e minorista, na hostalaría e nos servizos de comidas.
- O impulso de cadeas de comercialización curtas.
- As actuacións en áreas protexidas do territorio.
- A contribución á recuperación de ecosistemas degradados.

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ

Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n  
27800 Vilalba (Lugo)  
T. 982 512 369  
terrachanaturalmente@gmail.com

- O impulso de prácticas agrarias sustentables.
- O apoio a iniciativas empresariais que contribúan á recuperación de biodiversidade.
- O fomento do abastecemento sustentable de enerxías renovables.
- O apoio á ecoloxización de áreas urbanas e periurbanas.
- A promover a bioeconomía forestal sustentable para os produtos de madeira de longa duración.
- A garantir o uso sustentable dos recursos baseados na madeira para a bioenerxía.
- A promover a bioeconomía forestal non madeireira, particularmente o ecoturismo.
- A capacitar ás persoas para unha economía forestal sustentable.

## D.2 Plan Estratéxico da PAC 2023-2027 e a súa aplicación en Galicia

### D.2.1 Aclaración inicial sobre os documentos relevantes a nivel español

O que procura a Política Agraria Común e ofrecer un firme apoio aos agricultores contribuíndo a proporcionarlles un nivel de vida acorde ao resto da sociedade e que define as condicións que permiten que o sector agrario cumpra as súas importantes funcións para a sociedade. Dentro destes beneficios para a sociedade podemos resumilos da seguinte maneira:

Alimentación	Medioambiente	Emprego	Poboación
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Suministro de produtos a prezos estables e asequibles</li> <li>• Incrementar a competitividade</li> <li>• Reequilibrar o poder da cadea alimentaria</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Conservación do medioambiente e loita contra o cambio climático</li> <li>• Conservar a paisaxe e a biodiversidade</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Fixación da poboación e xeración de emprego no medio rural</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Xeración de maneira directa e indirecta de traballo no sistema agroalimentario</li> <li>• Zonas rurais vivas</li> </ul>



A nivel español durante o 2000-2020 a produción na rama agraria incrementouse un 46%, as exportacións un 226% e a renda agraria por unidade de traballo anual un 96% (traballo a tempo completo dunha persoa durante un ano). A última reforma da PAC finalizou no 2022 e aplicarase xunto o período da nosa estratexia, de 2023 a 2027. Entre outras, o plan estratéxico da PAC 2023-2027 engade os seguintes puntos:

- Agricultor activo
- Axuda básica da renda (ABRS)
- Pago redistributivo
- Condicionalidade forzada
- Eco-rexímenes
- Axudas asociadas
- Intervención sectorial
- Reforzo ao relevo xeracional e a incorporación de mulleres
- Reforzo da formación e asesoramento, innovación e dixitalización

Dentro destas 9 novidades ou obxectivos específicos e do obxectivo transversal, a intervención LEADER vai contribuír co obxectivo “Reforzo ao relevo xeracional e a incorporación de mulleres” dedicado a promover o emprego, o crecemento, a igualdade de xénero, incluída a participación das mulleres na agricultura, a inclusión social e o desenvolvemento local nas zonas rurais, entre elas a bioeconomía circular e a silvicultura sustentable

## D.2.2 Orientacións e indicacións prácticas en relación co Plan Estratéxico da PAC

a. Necesidades identificadas no PEPAC ás que contribúe a estratexia do GDR  
Vamos centrar o análise en como pode contribuír a estratexia do GDR nas necesidades identificadas no PEPAC pero, principalmente, no obxectivo indicado anteriormente: O reforzo ao relevo xeracional e a incorporación de mulleres.

Galicia, historicamente é un dos territorios máis poboados de España, sofre desde hai décadas unha intensa perda de poboación que afecta de forma especial ás zonas rurais menos poboadas. En moitas delas a baixa densidade e a elevada dispersión poboacional dificultan que exista unha masa social e un tecido asociativo e empresarial que facilite procesos de desenvolvemento local participativo tal e como sucede no noso territorio da Terra Chá. O envellecemento e a baixa taxa de natalidade son especialmente intensos no territorio e acentuáronse no último decenio. Por outra banda,

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ

Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n  
27800 Vilalba (Lugo)  
T. 982 512 369  
terrachanaturalmente@gmail.com

a dinámica galega do emprego esconde grandes contrastes territoriais: incremento nos núcleos urbanos e, sobre todo, nas zonas periurbanas, fronte a unha contracción nas áreas rurais e especialmente naquelas que teñen unha base menos diversificada. O GDR ademais, non se caracteriza por contar con varios núcleos urbanos o que fai que a procura de asentarse aquí, tamén, condiciona a despoboación na propia comarca. A brecha de xénero no emprego é máis intensa nas zonas rurais. O proceso de desagrarización (aínda non completamente finalizado) unido á ausencia de diversificación económica explican nunha alta proporción a deterioración demográfica, o diferencial de renda e o reducido nivel de participación das áreas rurais no PIB galego.

O salario medio anual que perciben as traballadoras do sector agrario é significativamente menor que o dos homes; con todo, a titularidade das explotacións pódese considerar igualitaria entre homes e mulleres. En cambio, é moi escasa a representación de mulleres en órganos de decisión de empresas e cooperativas agroalimentarias.

A brecha das infraestruturas e os servizos é aínda unha realidade: a situación desfavorable de acceso aos diferentes servizos, as desiguals relacionadas co coidado de dependentes, a escasa dispoñibilidade de ferramentas de mobilidade e a deficiente conectividade e baixo desenvolvemento e uso de TIC, continúan sendo un importante obstáculo á hora de viabilizar demográfica e economicamente as zonas rurais.

En resumo, podemos concluír na seguinte táboa como estas necesidades se ven reflexadas na nosa estratexia da seguinte maneira:

*Táboa 159 Sinerxías e complementariedade da estratexia do GDR con outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Xunta de Galicia no marco do PEPAC*

<b>Medida de desenvolvemento rural de interese para o GDR</b>	<b>Relación co DAFO do GDR</b>	<b>Rol do GDR</b>	<b>Outras posibles accións do GDR sinérxicas</b>
Permanencia e asentamento de nova poboación, xoves e mulleres.	Indicadores demográficos negativos  Falta de asentamento da poboación moza, mais ofertas en outros sectores que non sexa o primario	Beneficiario potencial	Apoio a rehabilitación das vivendas, aldeas, zonas deprimidas  Favorecer os servizos básicos, públicos e actividades de ocio

Sistemas agroalimentario e forestal sustentables e diversificados e xestión forestal sustentable.	Potente sector forestal e primario  Pouca diversificación e valoración dos recursos naturais, o rural e o sector primario	Colaborador	Apoio e fomento ao cultivo, plantación de especies propias ou autóctonas xunto coas que manteñen características de agricultura tradicional  Favorecer alternativas ao aproveitamento de montes (micoloxía, helicultura...)
Emprendemento e talento innovador.	Falta de promotores e investidores privados, debido a que hai un escaso tecido económico.	Promover	Titorar proxectos de mozos emprendedores que queiran vivir da actividade agrogandeira ou calquera negocio innovador e sostible  Apoio a emprendedores na industria e oficios tradicionais  Procurar a retención do talento innovador
Infraestruturas e servizos en áreas rurais.	Carencia de polígonos e zonas empresarias  Servizos rurais escasos ou concentrados en núcleos sen ter en conta a dispersión xeográfica	Colaborar na implementación	Mellorar a dotación de infraestruturas e servizos das áreas rurais  Fomentar actuacións de creación e mellora de infraestruturas
Mellora de colectivos en risco de exclusión social.	Calidade de vida no rural  Falta de servizos e medios mínimos  Uso das tecnoloxías de calidade	Divulgación e promotor	Asegurar e fomentar a implementación de un desenvolvemento endógeno  Actividades adaptadas e que involucren os colectivos de exclusión social
Formación, divulgación e transferencia de coñecemento en bioeconomía.	Novas tecnoloxías e innovacións  Imaxe de calidade asociada aos produtos baseados na bioeconomía  Aproveitamento do auge dos novos modelos de negocio	Divulgador e colaborador	Difundir o coñecemento e a utilización de recursos, procesos para proporcionar bens e servizos de forma sostible  Facilitar o aumento da inversión en bioeconomía  Fomentar as actividades que procuren a economía circular

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ

Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n  
27800 Vilalba (Lugo)  
T. 982 512 369  
terrachanaturalmente@gmail.com



Explotacións de mulleres.	Mulleres formadas, en especial, mozas.  Incorporación cada vez maior no mundo laboral  Pouca man de obra	Promotor	Mellorar a dimensión física e económica das explotacións de mulleres  Mais difusión e valoración en certos sectores laborais  Axudas para facilitar o seu emprendemento
Incorporación e permanencia de mulleres.	Desigualdade e brecha salarial por xénero  Falta de concienciación do papel que desempeña	Promotor	Mellorar as condicións para incorporación e permanencia na actividade agraria  Incentivar a través de axudas económicas as mulleres emprendedoras
Órganos de decisión e mulleres.	Desigualdade e brecha salarial por xénero  Falta de concienciación do papel que desempeña  Desfeminización	Promotor	Un enfoque estratéxico e integrado do relevo xeracional que favorezan a simplificación e redución da burocracia  Fomentar aspectos culturais e actividades que empoderen a muller  Priorizar na asignación de dereitos na  Fomentar a incorporación das mulleres nos órganos de decisión vinculados ao sector agrario





b. Sinerxías e complementariedades coas outras medidas de desenvolvemento rural que vai xestionar a Xunta de Galicia

Medida de desenvolvemento rural de interese para o GDR	Relación co DAFO do GDR	Rol do GDR	Outras posibles accións do GDR sinérxicas
Compromisos ambientais, climáticos e demais compromisos de xestión	Concienciación da necesidade do coidado do medio ambiente	Colaboración	Compromiso de fomentar os cultivos sostibles, a economía circular e as pequenas explotacións
Inversións en mellora e modernización das instalacións	Necesidade de inversión en Tics, innovación e modernización que dan valor a produción do sector primario  Potencial da industria agroalimentaria	Colaboración	Inversións nas explotacións, maquinaria ou equipamentos
Cooperación para promover os produtos agrarios e alimentarios	Abundancia de recursos naturais  Falta de promotores e investidores privados	Divulgador	Cooperar con medidas, asociacións, agrupacións... que favorezan a produción agrícola.
Intercambio de coñecementos e información (akis)	Necesidade de I+D+i e de obter información e formación para o desenvolvemento das actividades	Divulgador	Fomentar o intercambio de coñecementos e experiencias entre os diferentes actores agrarios  Apoio as inversións en coñecementos e innovacións agrarios



c. Interese potencial das intervencións de desenvolvemento rural supra-autonómicas (xestionadas polo MAPA)

No período 2014-2020 desenvólvese un Programa Nacional de Desenvolvemento Rural (PNDR) con intervencións de ámbito nacional baseado en Acordo en Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural (24 e 25 de xullo de 2013) que aposta pola continuidade en 2023-2027 da maior parte de medidas incluídas no PNDR 2014-2020:

- Investimentos en regadíos con obxectivos ambientais
- Cooperación de Grupos Operativos da Asociación Europea para a Innovación
- Dixitalización do sector agroalimentario
- Apoio á Integración Asociativa
- Conservación de recursos xenéticos

A partir destas apostas que desexa levar acabo o Programa Nacional de Desenvolvemento Rural podemos sacar algunha que pode ser relevante para o noso territorio ou ter un papel relevante o GDR para a súa aplicación e complementarse na estratexia do GDR

Táboa 160 Sinerxías e complementariedade da estratexia do GDR coas intervencións de desenvolvemento rural supra-autonómicas

<b>Intervención supra-autonómica</b>	<b>Relación co DAFO do GDR</b>	<b>Rol do GDR</b>	<b>Outras posibles accións do GDR sinérxicas</b>
Dixitalización do sector agroalimentario	Formación da poboación en TICs  Falta de innovación e modernización das actividades agrarias e gandeiras	Colaborador na implementación	Financiación de un programa temático que de interese xeral para o sector agroalimentario  Formación aos profesionais do sector agroalimentario e asesoramento en materia de dixitalización
Apoio á Integración Asociativa	Falta de promotores e investidores privados  Pouco emprendedor ou xerador de emprego	Colaborador	Axudas para a creación de servizos de asesoramento  Inversións que deben contribuír a mellora da competitividade e do rendemento global das entidades asociativas
Conservación de recursos xenéticos		Colaborador	Recollida e difusión de información relativa aos recursos xenéticos;  Axuda a construción e conservación de infraestruturas para a conservación de recursos  Elaboración de rexistros e bases de datos; estudos e informes; actividades formativas.
Servizos de asesoramento e transferencia de coñecementos e actuacións de formación e información	Necesidade de obter información e formación para o desenvolvemento das actividades  Falta de acompañamento nos proxectos	Divulgador	Apoio na elaboración de proxectos ou iniciativas emprendedoras  Difundir información para a procura de melloras na actividades e a conseguir os obxectivos normativos



## D.3 Estratexias sectoriais e iniciativas da Xunta de Galicia relacionadas co medio rural

### D.3.1 Documentos de maior relevancia a considerar

Dentro das iniciativas e estratexias sectoriais impulsadas pola Consellería do Medio Rural existen algunhas que teñen unha incidencia significativa no territorio do noso GDR. Entre estas estratexias e iniciativas podemos destacar:

- Lei da recuperación da terra agraria de Galicia
- Estratexia de dinamización do sector lácteo galego 2020-2028
- Estratexia de dinamización do sector cárnico en Galicia.
- Plan Forestal de Galicia 2021-2040
- Plan estratéxico do castiñeiro e da produción de castaña.

#### Lei da recuperación da terra agraria de Galicia

O principal obxectivo da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia é loitar contra o abandono e a infrautilización das terras e facilitar unha base territorial suficiente a aquelas explotacións que a precisan, á vez que procurar anticiparse aos incendios e traballar, en definitiva, pola recuperación demográfica e pola mellora da calidade de vida da poboación no rural. A xestión adecuada da terra agraria é imprescindible para conseguir os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030, os obxectivos do Pacto Verde da UE e os do Pacto Europeo polo clima. Ademais, a seguridade esixe garantir a competitividade das explotacións agrícolas e a resiliencia dos sistemas alimentarios locais e rexionais, polo que resulta esencial protexer un recurso escaso e non renovable como é a terra agraria, así como asegurar o seu acceso aos produtores agroalimentarios. Esta lei é importante tala en conta debido a que o territorio do noso GDR sofre o abandono da terra e o seu desaproveitamento na maior parte do territorio pero para non repetirmos e dado que no análise do uso e ocupación do territorio rural a vamos ter en conta so planearemos neste punto os aspectos e instrumentos de maior relevancia para o territorio e como o GDR pode promocionar e implementar os obxectivos establecidos no artigo dous desta lei. Dentro dos obxectivos e actuacións relevantes deste plan temos os seguintes:



1. Promover a recuperación produtiva das terras agroforestais de Galicia, desenvolvendo para iso mecanismos de posta en valor baseados nos arrendamentos, nas cesións, nas permutas ou nas transmisións da titularidade das terras por calquera medio válido en dereito, así como na xestión conxunta das terras.
2. Previr e loitar contra o abandono das terras agroforestais, establecendo medidas de recuperación, agrupación, redimensionamento, mellora estrutural e de infraestruturas que faciliten a súa mobilización e prestando atención especial ao fomento de iniciativas de xestión e aproveitamento conxunto das terras recuperadas.
3. Facilitar a posta en contacto entre as persoas emprendedoras de proxectos agroforestais e as persoas titulares de terras.
4. Favorecer o mantemento da poboación vinculada á actividade agroforestal, promovendo e recoñecendo o papel da muller en condicións de igualdade e a remuda xeracional.
5. Afianzar a actividade agroforestal fomentando o seu desenvolvemento, así como o doutras actividades complementarias que sexan compatibles co respecto dos valores naturais, a conservación do patrimonio cultural de interese agrario e a integridade da contorna.
6. Incentivar as producións agroforestais sustentables e, en especial, a produción ecolóxica, os sistemas gandeiros de carácter extensivo e a xestión forestal sustentable.
7. Impulsar instrumentos innovadores en materia de acceso á terra que favorezan a incorporación de persoas mozas á actividade agraria.

Segundo estes obxectivos, quedarémonos co 1, 2, 3, 4 e 7, non porque non consideremos relevantes os outros dous, senón porque ademais da lei de recuperación agraria centraremos a nosa estratexia no Plan Forestal de Galicia, e estes obxectivos enfocáremoslos a este plan para non repetirmos.

Táboa 161 Aliñamento da estratexia do GDR coas estratexias da lei de recuperación da terra agraria de Galicia

Obxectivos da Lei recuperación da terra agraria	Relación co DAFO do GDR	Rol do GDR	Outras posibles accións do GDR sinérxicas
1 e 2	<p>Pouco aproveitamento das terras por baixo do o seu potencial produtivo</p> <p>Deficiente ordenación do territorio</p> <p>Boa calidade da terra e climatoloxía</p> <p>Abandono do terreo</p>	<p>Divulgador</p> <p>Beneficiario potencial</p>	<p>Fomento da creación de polígonos agroforestais</p> <p>Localización de zonas para aldeas modelo ou aldeas intelixentes</p> <p>Bancos de terra</p> <p>Favorecer a creación del catálogo de solos agropecuarios y forestais</p> <p>Planificación e estudos para o aproveitamento e transformación do solo</p> <p>Actuacións de concentración parcelaria, ordenación de terreos</p> <p>Iniciativas de xestión e aproveitamento conxunto das terras recuperadas.</p>
3, 4 e 7	<p>Falta de emprendemento, xente moza e motivación para emprender no rural</p> <p>Persoal mozo con formación</p> <p>Importancia a muller na actividade</p>	<p>Divulgador</p>	<p>Localizar áreas para os novos proxectos (polígonos agroforestais, banco de terras, permutas...) e fomentar o contacto cos titulares das propiedades</p> <p>Motivar e incentivar a poboación (en especial mulleres e a idade moza) para a produción forestal e a información</p>

A maiores hai que ter en conta que a consellería do medio rural está lexislando a través a través das ferramentas da normativa da PAC 2023-2027, como o banco de terras, aldeas modelo, polígonos agroforestais... un borrador que favorece ou reserva dereitos para poder optar ao pago único da reserva nacional e axudas especiais vinculadas a terreos incluídos dentro destas ferramentas e outras axudas vinculadas.



## Estratexia de dinamización do sector lácteo galego 2020-2028

O sector lácteo en Galicia é a principal rexión produtora de España, cunhas entregas de 2,8 millóns de toneladas no 2019, que representan o 38,6% do total estatal. O peso das Comunidades nas entregas de leite as industrias sufriu modificacións durante as últimas dúas décadas, Galicia aumentou a produción de leite de forma continua, mentres que na meirande parte das restantes comunidades a produción sufriu un descenso ata os anos previos á desaparición das cotas, momento no que algunhas aumentaron a produción e outras mantivérona. Debido a isto, Galicia pasou de representar o 28,8% das entregas no ano 2001 ao 38,6% no ano 2019. No territorio do GDR da Terra Chá o sector lácteo tamén xoga un papel importante, sendo unha das comarcas con maior produción de leite e transformación deste en produtos (maioritariamente queixo, contando incluso con denominación de orixe). Segundo os datos aportados polo FOGGA, entre os concellos galegos que mais producen tres son do territorio do GDR (A Pastoriza, Castro de Rei e Cospeito en orde de produción). Por iso é importante ter en conta a estratexia de dinamización do sector lácteo no noso territorio e analizar a súa contribución nos obxectivos xerais desta estratexia.

Si temos en conta os obxectivos desta estratexia:

1. Consolidar a Galicia como unha das primeiras rexións produtoras de leite de Europa en equilibrio coas capacidades do territorio.
2. Aumentar a industrialización do leite en Galicia apostando pola diversificación dos produtos.
3. Mellorar o posicionamento dos produtos lácteos galegos no mercado español e impulsar a internacionalización.
4. Reforzar as relacións entre os axentes integrantes da cadea de valor do leite.
5. Reforzar o ecosistema de formación e I+D+i conectándoo coas necesidades do sector.

Dende o noso territorio, calquera deles son relevantes porque repercutirá na produción e na zona. Polo tanto, partindo dos obxectivos en conxunto da estratexia de dinamización do sector lácteo e do noso territorio podemos resumir a súa repercusión na nosa estratexia da seguinte maneira.

Táboa 162 Aliñamento da estratexia do GDR coas estratexias ou plans sectoriais de dinamización do sector lácteo galego 2020-2025

Relación co DAFO do GDR	Rol do GDR (divulgador, beneficiario potencial, colaboración na implementación...)	Outras posibles accións do GDR sinérxicas
Escasa transformación dos produtos do sector primario Primacía do sector lácteo é alta calidade nos produtos lácteos Pouca man de obra	Divulgador Beneficiario Colaborador	Identificar as principais necesidades do sector no territorio para o seu fortalecemento, tanto no eido da produción, da industria, dos mercados, nas relacións ao longo da cadea e das estruturas de formación e de I+D+i. Divulgación da importancia deste sector na nosa economía Apoiar a empresas xa creadas ou a emprendedores neste sector Fomentar sucesión e o relevo xeracional, o fortalecemento das relacións entre produción, industria e distribución

### Estratexia de dinamización do sector cárnico en Galicia

A estratexia de dinamización do sector cárnico de Galicia pretende construír de forma colaborativa, coa participación de todos os axentes dos diferentes elos da cadea, o marco de actuación conxunto que potencie o potencial do sector da produción e o transformación da carne no período 2021-2030. Entre os sectores asociados á produción alimentaria galega, destaca a carne, cuxa actividade xera un importante impacto económico na Galicia rural. Neste sentido, Galicia conta cunha destacada cabana gandeira e é apreciada polo resultado da unha alimentación de calidade, as melloras xenéticas, a promoción de razas autóctonas e a aplicación dos protocolos de sanidade animal existentes. O GDR Terra Chá non queda atrás neste sentido, tendo o sector primario como o sector potencial da economía da zona fai que tanto o sector lácteo como o cárnico teña un peso importante non so no territorio dos concellos que o forman senón tamén a nivel Galego. Por esa razón é importante valorar este sector e telo en conta para os obxectivos que expomos coa nosa estratexia tendo en conta o noso DAFO e os obxectivos deste plan que poidan ser sinérxicas coa acción do noso GDR.

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ

Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n  
27800 Vilalba (Lugo)  
T. 982 512 369  
terrachanaturalmente@gmail.com



Obxectivos da estratexia:

1. Avanzar cara a unha produción sustentable, respectuosa co medio ambiente, que aposte polo benestar animal e que xere riqueza e oportunidades nos espazos rurais.
2. Impulso dos sistemas de explotación ligados á protección do medio ambiente (produccións extensivas e semiextensivas).
3. Mellora do nivel de transformación da industria cárnica e da xeración de valor engadido en todos os elos da cadea.
4. Aumentar o peso das marcas de calidade.
5. Manter ou aumentar os volumes de produción e o consumo.
6. Mellorar a imaxe e o recoñecemento social dos produtores e contribuír á remuda xeracional nas explotacións cárnicas.
7. Avanzar na promoción da carne galega.
8. Mellorar o ecosistema de investigación, innovación e formación.

*Táboa 163 Aliñamento da estratexia do GDR coas estratexias ou plans sectoriais de dinamización do sector cárnico*

Relación co DAFO do GDR	Rol do GDR	Outras posibles accións do GDR sinérxicas
Primacía do GDR no sector cárnico  Indicación xeográfica protexida xa implantada	Divulgador  Beneficiario  Colaborador	Promocionar a carne galega  Avanzar cara unha produción sostible, comprometida co benestar animal e que xere riqueza no medio rural  Mellorar o ecosistema de investigación, innovación e formación  Divulgación da importancia deste sector na nosa economía  Apoiar a empresas xa creadas ou a emprendedores neste sector  Mellorar a imaxe e o recoñecemento dos produtores do territorio e das explotacións cárnicas

## Plan Forestal de Galicia 2021-2040

A finalidade do Plan Forestal de Galicia é actualizar o instrumento básico de planificación forestal estratéxica para o deseño da política forestal galega, cumprindo os requisitos esixibles e procurando a súa adecuación tanto ás novas circunstancias, necesidades, retos e oportunidades de futuro que se presentan para o monte e o sector forestal galego, como ás demandas e tendencias emerxentes xurdidas a nivel nacional e internacional. A través deste plan podemos entender que vai da man do Pacto Verde, da estratexia da biodiversidade e da recuperación dos bosques, para non repetirmos centrarémonos só nos obxectivos específicos (que non comparte coas anteriores estratexias) adaptándoos ao noso territorio:

1. Contribución do monte galego á conservación da natureza e á prestación doutros servizos ambientais.
2. Protección, sanidade forestal e prevención e defensa contra incendios forestais.
3. Xestión forestal e loita contra o abandono do monte.
4. Recursos forestais e cadea monte-industria.
5. Estatística, formación e investigación forestal.
6. Planificación, ordenación e gobernanza.

*Táboa 164 Aliñamento da estratexia do GDR con Plan sectorial 2021-2040*

Relación co DAFO do GDR	Rol do GDR	Outras posibles accións do GDR sinérxicas
<p>Territorio potencial no sector forestal</p> <p>Medio natural ben conservado</p> <p>Capacidade produtiva de biomasa</p> <p>Necesidade de unha planificación e ordenación do territorio</p>	Colaborador	<p>Procurar a actividade produtiva que revalorice e mellore a calidade, eficiencia, produtividade, rendibilidade...</p> <p>Procurar un desenvolvemento socioeconómico sustentable con maior contribución á produción final agraria e ao produto interior bruto de Galicia,</p> <p>Fomentar o inventariado e estatística forestal, programas de formación, investigación e desenvolvemento e innovación forestal</p> <p>Programa de dinamización da ordenación e xestión forestal e da certificación forestal.</p> <p>Favorecer a sustentabilidade do monte galego, en concreto do noso territorio</p> <p>Colaborar coa protección, prevención e defensa contra incendios forestais</p> <p>Colaborar na implementación de recursos forestais non madeireiros e madeireiros e a industria do territorio</p>

## Plan estratéxico do castiñeiro e da produción de castaña.

O castiñeiro está considerado unha das árbores cunha maior variedade de aplicacións e utilidades nos ámbitos rurais, polo que é un recurso de gran relevancia desde o punto de vista da alimentación (humana, de animais domésticos ou fauna silvestre), como tamén polo seu valor para usos madeireiros. Ademais desas utilidades como materia prima básica para a industria alimentaria ou madeireira, o ecosistema creado nos soutos orientados á produción de castaña ou á produción de madeiras repercute tamén positivamente na creación de valor como recurso turístico e paisaxístico. Desde o punto de vista medioambiental, actúa como elemento de defensa contra os incendios forestais e a protección do solo ou como hábitat para a proliferación doutras especies animais e vexetais que poden ser compatibles dentro do propio soto. Por todo iso, o castiñeiro veu sendo a especie arbórea cunha maior tradición e apego sociocultural das economías rurais en Galicia durante moito tempo. A produción de castañas en montes ou terreos forestais recoñécese como un aproveitamento forestal na normativa vixente, que establece o dereito das persoas propietarias dos montes ao acoutamento das súas propiedades. Pero, ademais desta enorme importancia económico-productiva, deben terse en conta os valores sociais, ecolóxicos e culturais que achegan á nosa sociedade as formacións arboradas desta especie. Dada a importancia que ten esta especie tanto na economía rural como na paisaxe e na preservación dos hábitats naturais galegos, é prioritario manter os soutos nun bo estado de conservación. A comarca da Terra Chá, que constitúe a maior parte do territorio do GDR, conta con un total de 1.021,31 hectáreas da súa superficie dedicada ao castiñeiro, sendo a oitava con maior superficie na comunidade. En canto aos soutos a superficie que ocupa son 427,15 ha da superficie total.

Dentro dos obxectivos globais que se propón este plan son os seguintes:

- Recuperación de soutos tradicionais
- Novos soutos, produción de castaña
- Novos soutos, produción de madeira
- Planificación, seguimento e control da produción do castiñeiro en Galicia.
- Investigación, transferencia e apoio ao sector viverístico.
- Desenvolvemento e revitalización de aproveitamentos.
- Impulso da comercialización e fomento da calidade da castaña, impulso ao desenvolvemento da IXP."
- Mellora da competitividade e do valor engadido das empresas.

Calquera dos obxectivos poderían ter cabida na noso territorio, polo que os teremos en conta a todos

*Táboa 165 Aliñamento da estratexia do GDR con plan estratéxico do castiñeiro e produción de castaña*

<b>Relación co DAFO do GDR</b>	<b>Rol do GDR</b>	<b>Outras posibles accións do GDR sinérxicas</b>
Medio natural ben conservado  Potenciar os nosos recursos naturais  Riqueza dos produtos naturais da zona  Importante valor dos nosos bosques	Divulgador	Fomentar a plantación de castiñeiros multifuncionais  Apoiar o sistema de aproveitamento micolóxico organizado arredor dos soutos de castiñeiro  Promover novas plantacións con destino á produción de madeira e modelos silvícolas acaídos a este obxectivo  Impulso da IXP, a través da difusión, publicidade  Apoio das iniciativas que poñan en valor a calidade da castaña

Habería mais iniciativas para poñer en aliñamento co plan estratéxico do castiñeiro e da produción da castaña pero van enfocados aos plans anteriores e que en conxunto axudarán a favorecer a biodiversidade, o sector forestal, a recuperación dos nosos bosques e en particular manter as nosas árbores senlleiras e os produtos autóctonos.

## E. Análise da situación actual de uso e xestión do territorio correspondente.

### E.1 Análise do uso e ocupación do territorio rural

#### E.1.1 Usos do solo

Nos seguintes epígrafes realízase unha **análise comparativa dos últimos anos das coberturas e usos actuais da terra do GDR Terra Chá**, tomando como referencia diferentes fontes: Sistema de Información sobre Ocupación del Suelo de España (SIOSE), Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas (SIXPAC) e o Mapa Forestal de España MFE 50).

##### E.1.1.1 Análise cobertura e usos do solo a nivel GDR

- *SIOSE*

Nas seguintes táboas recóllese a información sobre a superficie total, e porcentaxe de uso do solo para cada unha das clasificacións que se recollen no SIOSE, ademais de realizarse unha comparativa dos cambios acaecidos entre as últimas dúas edicións, a de 2005 e a de 2014.

No 2005, **as principais clases de coberturas do solo predominantes e por orde de importancia en superficie eran o cultivo herbáceo, a combinación de cultivos e vexetación, o matogueira, o bosque de coníferas e o bosque mixto** (mestura de coníferas e perennifolias).

- *Usos 2005*

Táboa 166 Clasificación usos do solo SIOSE 2005

Clasificación	Superficie (ha)	% uso 2014 sobre o total
<b>Cultivo herbáceo</b>	48.689,60	25,78
<b>Combinación de cultivos con vexetación</b>	30.443,80	16,12
<b>Bosque de frondosas</b>	27.056,82	14,33
<b>Matogueira</b>	23.038,29	12,20
<b>Bosque de coníferas</b>	20.142,14	10,67
<b>Bosque mixto</b>	19846,18	10,51
<b>Combinación de vexetación</b>	1.2442,55	6,59
<b>Pasteiro ou herbal</b>	1.320,23	0,70
<b>Asentamento agrícola e horta</b>	1.253,07	0,66

Clasificación	Superficie (ha)	% uso 2014 sobre o total
Rede viaria ou ferroviaria	865,03	0,46
Casco	599,37	0,32
Prado	462,09	0,24
Turbera	426,25	0,23
Infraestrutura de subministración	419,37	0,22
Descontinua	380,70	0,20
Extracción mineira	311,34	0,16
Industrial	238,68	0,13
Instalación agrícola e/ou gandeira	192,16	0,10
Temporalmente desarborado por incendios	183,79	0,10
Servicio Dotacional	117,41	0,06
Solo nu	97,20	0,05
Rochedo	93,17	0,05
Lago ou lagoa	68,28	0,04
Infraestrutura de residuos	56,17	0,03
Curso de auga	49,77	0,03
Instalación forestal	17,51	0,01
Aeroporto	13,93	0,01
Ensanche	7,55	0
Embalse	4,24	0
Invernadoiro	2,36	0

Logo da análise dos datos ano 2014, **as principais ocupacións dos usos do solo mantéñense, cambiando de posición a superficie correspondente ao matogueira que pasa da cuarta posición a sexta.** Isto débese ao aumento de parte da superficie arborada (bosque de coníferas e mixto). O resto dos usos do solo mantéñense sen variacións significativas.

- *Usos 2014:*

Táboa 167 Clasificación usos do solo SIOSE 2014

Clasificación	Superficie (ha)	% uso 2014 sobre o total
Cultivo herbáceo	47.451,67	25,13
Combinación de cultivos con vexetación	30.061,77	15,92
Bosque de frondosas	27.632,42	14,63
Bosque mixto	22.095,72	11,70

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ

Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n  
27800 Vilalba (Lugo)  
T. 982 512 369  
terrachanaturalmente@gmail.com

Clasificación	Superficie (ha)	% uso 2014 sobre o total
Bosque de coníferas	21.721,87	11,50
Matogueira	20.664,50	10,94
Combinación de vexetación	9.905,00	5,25
Pasteiro ou herbal	2.227,74	1,18
Casco	1.300,98	0,69
Rede viaria ou ferroviaria	1.244,38	0,66
Asentamento agrícola e horta	654,22	0,35
Turbera	583,83	0,31
Prado	534,76	0,28
Solo nu	515,42	0,27
Infraestrutura de subministración	427,94	0,23
Descontinua	394,53	0,21
Extracción mineira	358,60	0,19
Industrial	303,72	0,16
Instalación agrícola e/o gandeira	260,86	0,14
Servizo Dotacional	125,22	0,07
Rochedo	96,12	0,05
Lago ou lagoa	84,86	0,04
Infraestrutura de residuos	71,84	0,04
Curso de auga	49,72	0,03
Froiteira non cítrico	14,44	0,01
Aeroporto	13,94	0,01
Instalación forestal	13,14	0,01
Temporalmente desarborado por incendios	11,32	0,01
Ensanche	7,56	0
Zona verde urbana	6,79	0
Encoro	4,24	0

Como pode distinguirse claramente, **o cultivo herbáceo é o maioritario no período sometido a análise (2007-2014)**, superando o **25%** sobre o total da superficie ocupada, inda que en cifras absolutas perdeu peso, pasou de **48.689,60 ha** a **47.451,67 ha**.

Como xa mencionamos nos parágrafos anteriores, **a superficie de matogueira viuse reducida en 2.373,78 ha**, sendo o máis significativo desta variación, non tanto a perda de superficie para o período, se non ao **aumento paralelo da superficie de arborado**, que suma **4.404,85 ha**, con respecto ao período 2014.

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ

Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n  
27800 Vilalba (Lugo)  
T. 982 512 369  
terrachanaturalmente@gmail.com

En liñas xerais, **existen variacións significativas en canto a variación das cifras absolutas da superficie dedicada a algunhas das clases**. En especial diminúen o número de hectáreas que ocupan os *cultivos herbáceos, de combinación de cultivos con vexetación, de matogueira, de asentamentos hortícolas* e horta, e en menor medida as de *instalación forestal e desarborado por incendios*. **Pola contra o resto de clases aumenta**, fano en especial o *bosque mixto, de frondosas e de coníferas*, pero tamén a *combinación de vexetación e os pasteiros*. **En cando a variación porcentual, apenas se observan cambios significativos** entre o período 2005-2014.

Asemade, **existen clasificacións do uso do solo que non son susceptibles dunha análise comparativa**. No ano 2005 existía o uso *invernadoiro* que pasou a desaparecer no ano 2014. Pola contra, no 2014 apareceron as usos de *froiteiras non cítricas*, e a distinción de *zona verde urbana*.

- *Comparativa coberturas SIOSE 2007-2014*

Táboa 168 Evolución da cobertura do solo SIOSE 2005-2014

COMPARATIVA COBERTURAS SIOSE 2005-2014						
Clase	2007		2014		DIFERENCIA	
	Superf. (ha)	% uso	Superf. (ha)	% uso	Superf. uso	%uso
Cultivo herbáceo	47.451,67	25,13	48.689,60	25,78	-1.237,93	-0.66
Combinación de cultivos con vexetación	30.061,77	15,92	30.443,80	16,12	-382,03	-0.20
Bosque de frondosas	27.632,42	14,63	27.056,82	14,33	575,60	0.30
Bosque mixto	22.095,72	11,70	19.846,18	10,51	2.249,54	1.19
Bosque de coníferas	21.721,87	11,50	20.142,14	10,67	1.579,72	0.84
Matogueira	20.664,50	10,94	23.038,29	12,20	-2.373,78	-1.26
Combinación de vexetación	9.905,00	5,25	12.442,55	6,59	-2.537,55	-1.34
Pasteiro ou herbal	2.227,74	1,18	1.320,23	0,70	907,50	0.48
Casco	1.300,98	0,69	599,37	0,32	701,60	0.37
Rede viaria ou ferroviaria	1.244,38	0,66	865,03	0,46	379,35	0.20
Asentamento agrícola e horta	654,22	0,35	1.253,07	0,66	-598,86	-0.32
Turbera	583,83	0,31	426,25	0,23	157,58	0.08
Prado	534,76	0,28	462,09	0,24	72,66	0.04
Solo nu	515,42	0,27	97,20	0,05	418,22	0.22
Infraestrutura de subministración	427,94	0,23	419,37	0,22	8,57	0
Descontinua	394,53	0,21	380,70	0,20	13,83	0.01
Extracción mineira	358,60	0,19	311,34	0,16	47,26	0.03



COMPARATIVA COBERTURAS SIOSE 2005-2014						
Clase	2007		2014		DIFERENCIA	
	Superf. (ha)	% uso	Superf. (ha)	% uso	Superf. uso	%uso
Industrial	303,72	0,16	238,68	0,13	65,04	0.03
Instalación agrícola e/o gandeira	260,86	0,14	192,16	0,10	68,69	0.04
Servizo Dotacional	125,22	0,07	117,41	0,06	7,81	0
Rochedo	96,12	0,05	93,17	0,05	2,95	0
Lago ou lagoa	84,86	0,04	68,28	0,04	16,58	0.01
Infraestrutura de residuos	71,84	0,04	56,17	0,03	15,66	0.01
Curso de auga	49,72	0,03	49,77	0,03	-0,05	0
Froiteira non cítrico	14,44	0,01	-	-	-	-
Aeroporto	13,94	0,01	13,93	0,01	0,01	0
Instalación forestal	13,14	0,01	17,51	0,01	-4,36	0
Temporalmente desarborado por incendios	11,32	0,01	183,79	0,10	-172,4	-0.09
Ensanche	7,56	0,00	7,55	0	0	0
Zona verde urbana	6,79	0,00	-	-	-	-
Encoro	4,24	0,00	4,24	0	0	0
Invernadoiro	-	-	2.36	0	-	-

Atendendo ao análise das principais clases de usos da terra (*Superficie Agraria Utilizada, Mato, Arborado e outros usos*), **observamos que a Superficie Agraria Utilizada (S.A.U)**, que integra a superficie de terras labradas e terras para pastos permanentes **atópase preto do 43% sobre o total de hectáreas para ambos períodos**. Esta **viuse reducida en 1.157 ha entre 2005 e 2014**, supoñendo apenas diminución en canto ao valor porcentual. Do mesmo xeito, a **superficie de mato** (na que se inclúen as clasificacións de *matogueira e combinación de vexetación* do SIOSE) **sufre unha perda de -4.911,34 ha, o que se traduce nunha redución do 2,60% de superficie sobre o total, en detrimento do aumento do 2,33% de arborado** (*bosque frondoso, caducifolio e mixto*). A clasificación *otros usos* (que son o resto de clases), aumenta en 1.668,72 ha, pero apenas supón unha variación do -0,89%.

## ○ Principais usos SIOSE 2005-2014

Táboa 169 Principais usos da terra SIOSE 2005-2014

PRINCIPAIS CLASES DE USOS DA TERRA						
	SIOSE 2014		SIOSE 2005		DIFERENCIA	
	Superficie (ha)	%	Superficie (ha)	%	Diferencia superficie (ha)	%
<b>SAU</b>	81.205,43	43,00	82.363,31	43,62	-1.157,88	-0,62
<b>Mato</b>	30.569,50	16,19	35.480,84	18,79	-4.911,34	-2,60
<b>Arborado</b>	71.463,15	37,84	67.062,65	35,51	4.400,49	2,33
<b>Outros usos</b>	5.600,99	2,97	3.932,27	2,08	1.668,72	-0,89

## • SIXPAC

A continuación achégase unha análise con datos obtidos a partir das últimas publicacións do SIXPAC, onde analizaremos as diferentes clases nas que se descompoñen os usos do solo, a superficie que ocupan e a porcentaxe que supón cada tipoloxía dentro do total de terras clasificadas. Ademais, o acceso as edicións de 2007 e 2015 permiten ver a evolución dos usos do solo nese período.

Observamos que, nos datos obtidos no ano 2007 do SIXPAC, os usos *Forestal*, *Pradería*, *Pasto arbustivo* e *Terra arable* son os usos con maior representación, só entre os catro suman un **87,16%**. No outro extremo sitúanse os terreos *Improdutivo*, *Zonas urbana*, *Correntes de auga superficiais*, *Froiteiras*, *Edificacións*, *Horta* e *Viña*, ningún deles chega ao **1%** de representación.

○ Usos 2007

Táboa 170 Usos do solo SIXPAC 2007

Clasificación	Superficie (ha)	% uso 2014 sobre o total
Forestal	51.409,95	27,20%
Pradería	44.381,95	23,48%
Pasto arbustivo	43.984,79	23,27%
Terra arable	24.971,04	13,21%
Zona concentrada	9.800,03	5,19%
Viais	5.951,64	3,15%
Pasto arborado	4.090,65	2,16%
Improdutivo	1.740,57	0,92%
Zona urbana	1.273,52	0,67%
Correntes de auga superficiais	873,39	0,46%
Froiteira	432,01	0,23%
Edificacións	41,10	0,02%
Horta	24,34	0,01%
Viña	5,29	0,00%
<b>TOTAL</b>	<b>188.980,27</b>	<b>100%</b>

No 2015 a situación mantense practicamente igual, con pequenas variacións nas partes altas da táboa.

○ Usos 2015

Táboa 171 Usos do solo SIXPAC 2015

Clasificación	Superficie (ha)	% uso 2014 sobre o total
Forestal	58.604,22	31,38%
Pradería	47.926,10	25,66%
Pasto arbustivo	39.905,46	21,37%
Terra arable	25.372,97	13,59%
Zona concentrada	-	-
Viais	6.909,14	3,70%
Pasto arborado	3.781,14	2,02%
Improdutivo	2.217,86	1,19%
Zona urbana	877,43	0,47%
Correntes de auga superficiais	576,50	0,31%
Froiteira	471,39	0,25%
Edificacións	69,11	0,04%

<b>Horta</b>	29,52	0,02%
<b>Viña</b>	0,51	0%
<b>TOTAL</b>	<b>186.741,34</b>	<b>100%</b>

Na vista conxunta dos datos do SIXPAC para os anos 2007 e 2015 (táboa 96), vemos que existe un aumento, tanto de superficie como da porcentaxe que representan sobre o total, dos usos *Forestal* e de *Pradaría*. Tamén é destacable que, inda que o *Pasto Arbustivo* diminúe ata en **4.079,33 ha** a súa extensión, a porcentaxe que representa no conxunto do mosaico de terras só se reduce un **1,91%**.

Obsérvase un incremento da superficie de *Edificacións*, en **28,01 ha**, que concorda co aumento da *Zona urbana* en case **400 ha**, e que en valores porcentuais significa apenas un **0,02%**.

○ *Comparativa coberturas SIXPAC 2007-2015*

Táboa 172 Evolución da cobertura do solo SIXPAC 2007-2015

<b>COMPARATIVA COBERTURAS SIXPAC 2007-2015</b>						
<b>Clase</b>	<b>2007</b>		<b>2015</b>		<b>VARIACIÓN</b>	
	<b>Superf.</b>	<b>% uso</b>	<b>Superf.</b>	<b>% uso</b>	<b>Superfici</b>	<b>% uso</b>
	<b>(ha)</b>		<b>(ha)</b>		<b>e</b>	
					<b>(ha)</b>	
<b>Forestal</b>	51.409,95	27,20%	58.604,22	31,38%	7.194,27	4,18%
<b>Pradería</b>	44.381,95	23,48%	47.926,10	25,66%	3.544,15	2,18%
<b>Pasto arbustivo</b>	43.984,79	23,27%	39.905,46	21,37%	-4.079,33	-1,91%
<b>Terra arable</b>	24.971,04	13,21%	25.372,97	13,59%	401,93	0,37%
<b>Zona concentrada</b>	9.800,03	5,19%	-	-	-	-
<b>Viais</b>	5.951,64	3,15%	6.909,14	3,70%	957,50	0,55%
<b>Pasto arborado</b>	4.090,65	2,16%	3.781,14	2,02%	-309,52	-0,14%
<b>Improdutivo</b>	1.740,57	0,92%	2.217,86	1,19%	477,29	0,27%
<b>Zona urbana</b>	877,43	0,47%	1.273,52	0,67%	396,09	-0,20%
<b>Correntes de auga superficiais</b>	873,39	0,46%	576,50	0,31%	-296,89	-0,15%
<b>Froiteira</b>	432,01	0,23%	471,39	0,25%	39,37	0,02%
<b>Edificacións</b>	41,10	0,02%	69,11	0,04%	28,01	0,02%
<b>Horta</b>	24,34	0,01%	29,52	0,02%	5,18	0%
<b>Viña</b>	5,29	0,00%	0,51	0%	-4,78	0%
<b>TOTAL</b>	<b>188.980,27</b>	<b>100%</b>	<b>186.741,34</b>	<b>100%</b>	<b>-2.238,94</b>	<b>100%</b>

- Principais usos SIXPAC 2007-2015

○

En canto ao aglutinamento das clases para formar os principais usos da terra: SAU, Matogueira, Arboredo e Outros usos, atopamos diferenzas marcadas en canto ao número de hectáreas que ocupa cada uso do solo en comparación ao SIOSE, no período 2005-2014 máis non as hai en canto a tendencia.

Agás para a SAU, que nos datos recollidos polo SIXPAC medra da orde dun 2,44%, ocupando en 2015 unha superficie de 77.581,62 ha, mentres que nos datos do SIOSE tende a reducirse (1.157,88 ha), inda que ten un valor absoluto máis alto, de 81.205,43 ha.

O arboredo tamén amosa cifras absolutas dispares entre estas dúas fontes de datos, 67.062,65 e 71.463,15 (SIOSE 2014-2005), 51.409,95 e 58.604,22, medrando un 4,18% (SIXPAC 2007-2015), máis non tanto co Mato, que mantén valores semellantes e a tendencia a reducirse, segundo esta fonte para o período sinalado na táboa, fíxoo un 1,91%.

A clasificación Outros usos é a que maior alteración presenta, non sendo estatisticamente comparábel entre as fontes anteriormente mencionadas. Ademais, para o caso do SIXPAC, no 2015 non aparecen datos da categoría Zona concentrada, o que explica a merma de case 9.030,20 ha do ano 2007 ao 2015.

Táboa 173 Principais usos da terra SIXPAC 2007-2015

PRINCIPAIS CLASES DE USOS DA TERRA						
Concello	SIXPAC 2007		SIXPAC 2015		VARIACIÓN	
	Superficie	%	Superficie	%	Diferencia superficie	%
	(ha)		(ha)		(ha)	
Outros usos	19.680,24	10,41%	10.650,04	5,70%	-9.030,20	-4,71%
SAU	73.905,29	39,11%	77.581,62	41,54%	3.676,33	2,44%
Mato	43.984,79	23,27%	39.905,46	21,37%	-4.079,33	-1,91%
Arboredo	51.409,95	27,20%	58.604,22	31,38%	7.194,27	4,18%
<b>Total</b>	<b>188.980,27</b>	<b>100,00%</b>	<b>186.741,34</b>	<b>100,00%</b>	<b>-2.238,94</b>	<b>-1,18</b>

- Mapa Forestal de España 2011

O Mapa de Usos Forestais de España ofrécenos unha clasificación moi detallada dos usos do solo. Na táboa 98 expoñemos os datos extraídos desta capa. En primeira instancia, os catro primeiros usos da táboa: Cultivo, Bosque, Prados e Arbustedo, representan el **78,86%** de toda a superficie.

Táboa 174 Clasificación dos usos do solo MFE 2011

Clase	Superficie (ha)	% sobre el total
Cultivo	36.778,92	19,47%
Bosque	33.147,62	17,55%
Prados	28.109,93	14,88%
Arbustedo	26.370,56	13,96%
Bosque de Plantación	24.570,31	13,01%
Prados con sebes	10.448,1	5,53%
Mosaico de repoboacións	9.195,14	4,87%
Msc arb/desarborado	6.154,51	3,26%
Msc arb/cultivo e/o prado	4.596,71	2,43%
Aliñacións	1.588,67	0,84%
Bosquetes	1.558,67	0,83%
Herbal-Pasteiro	1.013,89	0,54%
Bosque de Galería	995,44	0,53%
Tallas	609,59	0,32%
Urbano continuo	604,86	0,32%
Transportes	508,1	0,27%
Msc matogueira/cultivo e/o prado	484,55	0,26%
Urbano descontínuo	460,47	0,24%
Primario	431,79	0,23%
Enerxía	385,53	0,20%
Superficies arborizadas queimadas	206,61	0,11%
Mosaico agrícola con artificial	200,17	0,11%
Cavado non agrícola	125,74	0,07%
Devasa	98,68	0,05%
Equipamento/Dotacional	71,28	0,04%
Zonas pantanosas	45,93	0,02%
Outras superficies artificiais	40,87	0,02%
Terciario	25,99	0,01%
Msc de pasteiro sobre Cultivo e/o prado	22,6	0,01%
Galerías arbustivas	21,85	0,01%
Cursos da auga	20,26	0,01%
Sup. forestal residual	14,33	0,01%
Cultivos con arboledo disperso	8,48	0%
Pantano, encoro	7,89	0%

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ

Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n  
27800 Vilalba (Lugo)  
T. 982 512 369  
terrachanaturalmente@gmail.com

Clase	Superficie (ha)	% sobre el total
Afloramentos rochosos	6,75	0%
<b>TOTAL</b>	<b>188930,79</b>	<b>100%</b>

Táboa 175 Principais clases de usos da terra do MFE 2011

PRINCIPALIS CLASES DE USOS DA TERRA		
Clasificación	Superficie (ha)	% uso 2014 sobre o total
<b>Arborado</b>	81.821,25	43,31%
<b>SAU</b>	75.939,23	40,19%
No GDR da Terra Chá, é preciso a reorganización do territorio para mellorar as condicións estruturais, técnicas e económicas das explotacións agrarias da zona, istoponse de manifesto coa solicitude de 29 titulares de explotacións para a Concentración Parcelaria en Moncelos, no concello de Abadín. Esta solicitude foi apoiada polo concello co obxectivo de incrementar e mellorar a xestión da base territorial das explotacións, reducindo costes de produción.

Na actualidade xa foi declarada de utilidade pública e reorganizará, segundo datos da Xunta de Galicia 813 hectáreas.

Outro posible instrumento de recuperación e/ou xestión de terras, estase a contemplar na parroquia de Triabá, no concello de Castro de Rei. Trátase dun polígono agrario, por mor de que a Confederación Hidrográfica exclúe unha zona moi grande da Concentración Parcelaria que está en tramitación.



## F. Coordinación coas estratexias globais de desenvolvemento rural de Galicia

Os mecanismos e actuacións que se describen a continuación reflicten o marco de coordinación previsto á data de entrega deste documento. A coordinación da estratexia do GDR Terra Chá coas dos restantes territorios de Galicia, e con outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Administración autonómica no marco da PAC, concíbese como unha actividade continua ao longo de todo o período. Polo tanto, os citados mecanismos e actuacións adaptaranse e desenvolveranse de forma dinámica, en función das necesidades derivadas da execución da estratexia do GDR así como do contexto de planificación e gobernanza no que esta se insire, especialmente a nivel galego.

### F.1. Procedementos e actuacións durante a elaboración da estratexia para a súa coordinación coas dos restantes territorios de Galicia, co fin de maximizar as sinerxías e complementariedades

#### F.1.1 Mecanismos xerais de coordinación no proceso de elaboración da estratexia

O marco de partida para coordinar a elaboración da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP) cos restantes GDR de Galicia veu dado pola *Resolución de AGADER do 18 de maio de 2022 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección do 20 de abril de 2022 polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño das futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para a aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como a correspondente convocatoria, para as anualidades 2022 e 2023* (DOG de 2 de xuño de 2022). O artigo 6.1 destas bases reguladoras establece que “*Co fin de optimizar os resultados da medida Leader en Galicia no período 2023-2027, requírese que a preparación das diferentes estratexias*





*de desenvolvemento local estea coordinada a través dunha asociación de GDR de Galicia que agrupe polo menos a dous terzos dos GDR de Galicia”.*

O GDR Terra Chá decidiu adherirse a ese marco xeral de coordinación a través da Asociación de GDR de Galicia, o que se plasmou na súa participación nas seguintes accións concretas:

- Subscrición do Convenio de colaboración entre a Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Universidade de Vigo (UVigo) para a coordinación das propostas de estratexias de desenvolvemento local LEADER dos 24 GDRs de Galicia no período de programación 2023-2027.
- Utilización da “plantilla” ou guía común que se confeccionou no marco do citado Convenio para a elaboración das EDLP dos GDR de Galicia, así como do repositorio de documentos e o visor SIX-Web asociados. Isto permitiu coordinar cos restantes territorios de Galicia o contido dos diferentes apartados da estratexia, así como contar cunha información e documentación de partida común para a elaboración das estratexias dos diferentes GDR.
- Participación do Grupo nas reunións organizadas pola Asociación de GDR de Galicia para discutir e afinar os instrumentos de coordinación antes mencionados. En concreto, o Grupo participou nas seguintes reunións de coordinación:

18/03/2022	Reunión GDRs con Agader para a presentación do Programa Aldeas Intelixentes de Galicia
08/06/2022	Reunión Comité Seguimento Agader cos GDRs
13/06/2022	Reunión 30 Aniversario Avaliación LEADER (Concello de Cenlle)
20/06/2022	Asemblea Xeral ordinaria da Asociación de GDR, debatindo e acordando posibles accións de coordinación das Estratexias
28/07/2022	Reunión de Agader cos GDRs para coordinación de Estratexias
11/08/2022	Asemblea xeral da Asociación de GDR de Galicia para aprobación do Convenio
29/09/2022	Reunión de coordinación AGADER – GDRs

8/11/2022	Participación GDRs en proxecto GAL X CLIMA (online)
10/11/2022	Asemblea Xeral da Asociación de GDR para a coordinación de Estratexias
17/11/2022	Reunión de Coordinación das estratexias en Sergude (GDR/Agader/Universidades)
2/12/2022	Xornada funcionamento Visor para recuperación terras agrarias
12/12/2022	Seminario Redes, Grupos e Retos para o novo LEADER (2023-2027)
13/12/2022	Participación GDRs en proxecto GAL x CLIMA (2) (online)
15/12/2022	Participación Xornada de formación Aldeas Modelo e polígono agroforresal en Muimenta (Carballeda de Avia)

Ademais por medio dos representantes da Asociación de GDRs o GDR Terra Chá participou en:

27/05/22	Reunión da Xunta Directiva da Asociación de GDR para preparar Asemblea
22/09/2022	Comité de seguimento do PDR (2014 – 2020)
16/09/2022	Comité seguimento Convenio Asociación GDR - Universidades
24/10/2022	Comité seguimento Convenio Asociación GDR - Universidades
07/11/2022	Comité seguimento Convenio Asociación GDR - Universidades
28/11/2022	Comité seguimento Convenio Asociación GDR - Universidades

- GDR Terra Chá participou nas seguintes xornadas coordinadas por REDER

07/07/2022	Jornada formativa sobre contratación pública para Grupos de Acción Local
29/09/2022	Los procedimientos de gestión del Leader en España: presente y futuro.
24/10/2022	Reunión sobre sistemas agroalimentarios locales y nuevas tecnologías
1/12/2022	Los GAL gestores del Leader frente a reto demográfico

- Ademais, o Grupo traballou de forma conxunta coa Asociación de GDR e o equipo de apoio técnico das Universidades, especialmente en certos apartados específicos da súa estratexia:
  - C. Análise da actuación retrospectiva do desenvolvemento local participativo no territorio de actuación: avaliación dos resultados obtidos nos programas anteriores.
  - E. Análise da situación actual de uso e xestión do territorio correspondente.
  - G. Propostas de proxectos piloto.

### F.1.2. Grupos de traballo (GT)

De modo complementario, o GDR Terra Chá en colaboración cos restantes GDR de Galicia a través da Asociación de GDR, está a participar na definición e posta en marcha de grupos de traballo, tanto grupos focais temáticos como por tipos de territorios. Estes grupos de traballo iniciarán a súa actividade durante a elaboración das EDLP, en particular na fase de definición dos obxectivos e liñas estratéxicas e de concreción do Plan de acción de cada GDR. Os grupos de traballo están concibidos para axudar a identificar ámbitos de colaboración e sinerxías a medio e longo prazo entre os diferentes territorios, así como posibilitar o intercambio de ideas no deseño das accións da EDLP. En concreto, a participación nos GT facilitaralle ao GDR Terra Chá, entre outros, os seguintes aspectos:

- Poñer en común a experiencia dos períodos anteriores, tratando de extraer leccións aprendidas para o período 2023-2027.

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ

Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n  
27800 Vilalba (Lugo)  
T. 982 512 369  
terrachanaturalmente@gmail.com

- Intercambiar ideas sobre os obxectivos para este novo período.
- Explorar as posibilidades de coordinar proxectos e actuacións e buscar unha mellor definición dos tipos de proxectos a apoiar.

Como primeiro paso, xa se ten realizado, por parte do conxunto dos GDR de Galicia a través da Asociación de GDR, un inventario inicial dos temas de maior interese para ser abordados en grupos focais temáticos, cuxos resultados se resumen a continuación:

TEMÁTICA	GDR Terra Chá
A.-Telecomunicacións e innovación dixital	
B.-Novos modelos enerxéticos e eficiencia	x
C.-Auga e cambio climático	
D.-Recuperación de terras agrarias-novos empregos	x
E.-Ferramentas para a xestión do territorio	
F.-Turismo en espazos rurais	x
G.-Innovación ambiental, infraestrutura verde e conectividade ecolóxica	
H.-Novos modelos xestión do monte, loita contra incendios e sostenibilidade	x
I.-Sector agrario e produtos alimentarios	x
H.-Dinamización e retos de xénero e coa xuventude	

As temáticas dos grupos focais presentadas son todas de gran interese para o territorio do GDR Terra Chá pero é materialmente imposible abarcar todas elas polo tanto escollense colaborar, por ser eixos da estratexia do GDR, nos seguintes grupos focais:

- Grupo focal temático B – Novos modelos enerxéticos e eficiencia:
  - o O principal interese para participar neste grupo de traballo radica na procura de utilización de modelos enerxéticos eficientes que supoñan a

redución de gases efecto invernadoiro a efectos de poder contribuir a neutralidade climática (Pacto Verde).

- Grupo temático D – Recuperación de terras agrarias-novos empregos:
  - O principal interese para participar neste grupo de traballo radica en que é unha das oportunidades que ten este territorio tanto para recuperar terras agrarias en desuso como para consolidar e/ou crear novos empregos vinculados a terra.
  - O GDR Terra Chá está participando en dous proxectos de cooperación que fometan o emprendemento da xuventude no medio rural.
- Grupo temático F – Turismo en espacios rurais:
  - O principal interese para participar neste grupo de traballo radica en que agora se está traballando nun plan de desenvolvemento turístico do territorio (proxecto de animación executado no ano 2022). Ademais ten unha gran potencialidade de turismo en espacios naturais.
- Grupo temático H – Novos modelos de xestión do monte, loita contra incendios e sostenibilidade:
  - O principal interese para participar neste grupo de traballo radica en que o sector forestal no territorio do GDR é unha fortaleza e unha oportunidade e pode vincularse a estratexia da UE a favor dos bosques 2030.
- Grupo temático I – Sector agrario e produtos alimentarios:
  - O principal interese para participar neste grupo de traballo radica en que unha das fortalezas do territorio do GDR é o sector agrario e os produtos alimentarios e pode vincularse coa estratexia da UE da granxa a mesa.
  - O GDR Terra Chá está participando en dous proxectos de cooperación que fomentan os circuitos cortos e os produtos ecolóxicos, de tempada e proximidade.

Nese marco de traballo colaborativo o GDR Terra Chá partirá da súa experiencia nas seguintes actividades ou proxectos de cooperación previos:

- “Alimentos da Biosfera, rede para a promoción de circuitos corto alimentarios baixo a marca da reservas da biosferas españolas”

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ

Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n  
27800 Vilalba (Lugo)  
T. 982 512 369  
[terrachanaturalmente@gmail.com](mailto:terrachanaturalmente@gmail.com)

- “Incorporando ilusións” (Nó Rural).

O interese nestas temática acredítanse na concorrência, por parte do GDR Terra Chá, a convocatoria do ano 2022 de proxectos de cooperación, con dous proxectos intimamente relacionados cos anteriores e que son:

- “Rede de eco-comedores para animar o consumo de produtos ecolóxicos, de tempada e proximidade en comedores escolares.
- “Rede para animar a incorporación de persoas no sector primario” (Nó Rural)

Os grupos de traballo funcionarán principalmente a través do intercambio de documentos, complementado con reunións periódicas telemáticas (e eventualmente presenciais). Crearanse espazos dixitais compartidos que funcionen como repositorios, tanto de informes ou estudos de interese como de proxectos desenvolvidos polos GDR que podan ser de utilidade.

Os resultados máis relevantes, e que considere de interese, dos grupos de traballo nos que participe o GDR serán integrados no contido da súa estratexia, e posteriormente durante a execución da mesma, a través de diferentes vías:

- Elaboración de resumos executivos para discutir nos órganos de participación e decisión do GDR.
- Publicación na web do GDR de fichas divulgativas, en particular de proxectos de interese identificados, que poidan servir de inspiración.
- Outras actividades divulgativas nas redes sociais do GDR.
- ...

### F.1.3 Outras actuacións para a coordinación da estratexia do GDR coas dos restantes territorios de Galicia

O GDR – 2 Terra Chá esta realizando diversas actuacións de coordinación durante a elaboración da estratexia con outros GDRs. A modo esquemático pode resumirse na seguinte táboa

ACTUACIÓNS DE COORDINACIÓN DURANTE A ELABORACIÓN DA ESTRATEXIA	
<b>COORDINACIÓN DE ESTRATEXIAS SEGÚN EIXOS TEMÁTICOS</b>	
<b>GDR COS QUE SE TRABALLA NA COORDINACIÓN DE ESTRATEXIAS 2023-2027</b>	
GDRs: Condado Paradanta; Limia-Arnoia; Seitura 22; Terra Chá; Montes e Vales Orientais; Mariñas-Betanzos	
<b>ACTUACIÓNS DE COORDINACIÓN DESENVOLVIDAS</b>	
<p>Reunións para a definición e coordinación de Estratexias:</p> <p>21/06/2022 (Preparación documento inicial candidatura como GDR)</p> <p>08/07/2022 (Preparación documento inicial candidatura como GDR)</p> <p>11/07/2022 (Preparación documento inicial candidatura como GDR)</p> <p>18/07/2022 (Preparación documento inicial candidatura como GDR)</p> <p>19/07/2022 (Preparación documento inicial candidatura como GDR)</p> <p>11/09/2022 (Son de Monte)</p> <p>16/09/2022 (Alimentos da Biosfera)</p> <p>13/10/2022 Reunión definición de posibles liñas de interese común</p> <p>14/10/2022 Reunión definición de posibles liñas de interese común</p> <p>23/11/2022 (Son de Monte)</p> <p>2/12/2022 (Definición posibles actuacións comúns)</p>	
<b>XUSTIFICACIÓN DOS ÁMBITOS TEMÁTICOS DA COOPERACIÓN IDENTIFICADOS</b>	
Seis GDR galegos teñen decidido identificar intereses comúns e definir posibles actuacións a desenvolver no período 2023-2027 nos seguintes eixos temáticos: Nova cultura do Monte (Son de Monte); Comedores escolares que consumen produto local, ecolóxico e de tempada (EcoComedores); Fomento do emprendemento na xuventude, identificando oportunidades de emprego ligados a recuperación de terras agrarias (Nó-Rural); Novos modelos enerxéticos no medio rural (Comunidades enerxéticas locais); Identificación de melloras para simplificar o funcionamento dos GDR	
<b>LIÑAS DE ACCIÓN CONCRETAS A TRABALLAR NA ESTRATEXIA 2020-2027</b>	<b>CONEXIÓN CON OUTRAS ESTRATEXIAS</b>
1.-Nova cultura do monte	Pacto Verde Estratexia Biodiver. 2030
2.-Fomento do emprendemento na xuventude vinculada ao medio rural	Lei de recuperación de terras agrarias



3.-Novos modelos de produción e consumo enerxético no medio rural	Lei de cambio climático
4.-Estratexias de mitigación do cambio climático, especialmente na agricultura	Pacto Verde Estratexia Biodiver. 2030
5.-Promoción da alimentación saudable nas Escolas, mediante produtos locais, ecolóxicos e de tempada	Pacto Verde Estratexia granxa-mesa
6.-Identificación de melloras para simplificación funcionamento do LEADER	
<b>POSIBLES VÍAS DE FINANCIACIÓN PARA ACCIÓNS</b>	<b>LIÑA DE ACCIÓN</b>
Traballo en Rede (Gastos funcionamento)	1; 6
Visitas e reunións de intercambio de experiencias	4;
Animación LEADER (expedientes dos GDR de Animación)	
Proxectos de Cooperación	2; 5 (Eco Comedores, proxecto presentado)
Convocatoria Grupos Operativos de Innovación Agraria	
Outras vías de financiamento (outros programas)	3;

Así mesmo, continuarán realizándose actividades de coordinación/colaboración cos GDRs da provincia de Lugo, como xa se ven facendo dende o período Leader 2014 – 2020, e que entre outros fixéronse reunións de traballo para conocer os territorios e proxectos financiados por outros GDRs ou a realización da formación CECRA para os equipos técnicos dos GDRs da provincia.

Tamén, se poden realizar actividades de coordinación con GDRs de similares características territoriais como o GDR Asdecomor (Ordes), GDR Comarca de Lugo, GDR Pontevedra Norte.





## F.2. Mecanismos e procedementos que se van implantar ao longo do período 2023-2027 para asegurar a execución da estratexia de xeito coordinado cos restantes GDR de Galicia

O GDR Terra Chá prevé impulsar e participar nos mecanismos e procedementos que se indican a continuación, para facilitar a execución da súa estratexia de xeito sinérxico e colaborativo cos restantes GDR de Galicia.

### F.2.1 Taller de lanzamento: visión xeral das EDLP dos GDR galegos

Logo da aprobación das estratexias de desenvolvemento local, o GDR Terra Chá contribuirá á organización, coordinada pola Asociación de GDR de Galicia, dun taller de lanzamento do novo período LEADER, no que cada Grupo exporá os principais elementos da súa EDLP, en particular do seu Plan de acción. Este taller permitirá coñecer con maior detalle as estratexias dos diferentes GDR de Galicia, co fin de afinar as accións de coordinación no novo período. En particular, axudará a identificar os grupos de traballo xa formados (ver o punto F.1.2) que é interesante que continúen funcionando e, no seu caso, outros novos a constituír.

Ese taller de lanzamento poderá ir seguido de talleres de seguimento durante o período 2023-2027, nos que os GDR de Galicia podan presentar e debater as actividades realizadas, resultados, atrancos e retos no proceso de execución das súas estratexias, como mecanismo de intercambio de información e coordinación.

### F.2.2 Grupos de traballo

Unha vez aprobada a estratexia do GDR Terra Chá, este contribuirá ao mantemento daqueles grupos de traballo (dos constituídos na fase de elaboración das estratexias) que considere de interese e/ou á creación doutros novos. Para concretar os obxectivos e actividades destes grupos de traballo tomarase, en principio, como referencia o modelo exposto anteriormente para o período de elaboración das estratexias.

Na medida das súas posibilidades, en función dos medios humanos e materiais cos que conte, propoñemos que a Asociación de GDR de Galicia supervise e preste apoio ao funcionamento dos grupos de traballo. Ademais, en función das necesidades



detectadas, ás reunións destes grupos poderán ser convidados expertos ou outros actores externos con capacidade para aportar información de interese para os GDR.

### F.2.3 Base de datos de proxectos

O GDR Terra Chá colaborará na creación e actualización dunha base de datos conxunta dos proxectos e actividades financiadas no marco das EDLP en Galicia. Base de datos que, no seu caso, incluírá tamén outras actividades promovidas polos GDR que se consideren interesantes para o coñecemento dos outros Grupos.

A estrutura, contido, soporte tecnolóxico e ubicación desta base de datos, así como o procedemento para asegurar a súa actualización permanente, serán concretados por unha comisión *ad hoc* integrada pola Asociación de GDR de Galicia e AGADER.

### F.2.4 Impulso de proxectos de cooperación

A partir do intercambio de información nos grupos de traballo nos que participe, o GDR Terra Chá márcase o obxectivo de identificar proxectos de cooperación no marco LEADER a promover con outros territorios, e tamén explorar as oportunidades existentes noutros programas e convocatorias de financiación para proxectos que vaian máis alá do ámbito territorial deste GDR.

## F.3. Mecanismos e procedementos para asegurar a execución da estratexia de xeito aliñado con outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Administración autonómica no marco da PAC

De entrada, entendemos que a definición dos mecanismos e procedementos para asegurar que a execución das estratexias dos GDR está aliñada coas outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Xunta de Galicia dependerá en boa medida das normas e actuacións que con ese fin adopte AGADER, en coordinación, no seu caso, cos órganos xestores das diferentes políticas sectoriais e intervencións.

Como punto de partida para contribuír a ese aliñamento, o GDR Terra Chá recolle no apartado D unha análise da relevancia e a posible incidencia na súa estratexia dos

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ

Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n  
27800 Vilalba (Lugo)  
T. 982 512 369  
terrachanaturalmente@gmail.com



principais elementos do marco normativo e institucional, prestando especial atención ás medidas de desenvolvemento rural programadas en Galicia dentro do Plan Estratéxico da PAC 2023-2027 (PE PAC), así como aos plans sectoriais e iniciativas da Xunta de Galicia relacionados co medio rural.

Reprodúcese a continuación un resumo dos aspectos máis salientables derivados desa análise do apartado D:

- Intervencións de desenvolvemento rural do PE PAC máis relevantes para o GDR:
  - o A. Permanencia e asentamento de nova poboación, xoves e mulleres
  - o B. Sistemas agroalimentario e forestal sustentables e diversificados e xestión forestal sustentable
  - o C. Cooperación para promover os produtos agrarios e alimentarios
  - o D. Formación, divulgación e transferencia de coñecemento en bioeconomía.
  - o E. Órganos de decisión e mulleres.
- Elementos máis relevantes para o GDR dos plans sectoriais e iniciativas da Xunta de Galicia:
  - o A. Promover a recuperación produtiva das terras agroforestais do territorio. (lei de recuperación de terras agrari)
  - o B. Consolidar a Galicia como unha das primeiras rexións produtoras de leite de Europa en equilibrio coas capacidades do territorio. (estratexia sector lacteo)
  - o C. Avanzar cara a unha produción sustentable, respectuosa co medio ambiente, que aposte polo benestar animal e que xere riqueza e oportunidades nos espazos rurais. (estratexia sector cárnico)
  - o D. Contribución do monte galego á conservación da natureza e á prestación doutros servizos ambientais (plan forestal de Galicia).

Tendo iso como base, o GDR Terra Chá propón os mecanismos e procedementos que se indican a continuación para asegurar o aliñamento da execución da súa estratexia (e das estratexias dos GDR galegos) coas outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Xunta de Galicia no marco da PAC, así como cos plans sectoriais e iniciativas prioritarias da Administración autonómica para o medio rural.



### F.3.1 Identificación dos ámbitos prioritarios para o aliñamento e establecemento de directrices

A partir da análise das estratexias dos 24 GDR de Galicia finalmente aprobadas, en particular do seu apartado D, AGADER e os GDR identificarán conxuntamente os ámbitos temáticos e os tipos de proxectos ou actuacións nos que é máis necesario un aliñamento coas outras medidas de desenvolvemento rural e cos plans e iniciativas prioritarias da Xunta de Galicia para o medio rural. Sobre esa base, poderá elaborarse un documento (Guía para a execución das estratexias LEADER) no que se establezan normas e directrices para promover que a execución das estratexias dos GDR estea aliñada coas outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Xunta de Galicia. O contido desta Guía poderá actualizarse a medida que avance a execución das estratexias, en base á experiencia acumulada, tendo en conta para isto as reunións de seguimento indicadas no punto F.3.3.

O GDR Terra Chá avaliará a forma de incorporar as normas e directrices desa Guía xeral na aplicación da súa estratexia, tanto na información subministrada aos axentes do territorio como na valoración e selección dos proxectos presentados ao Grupo.

### F.3.2 Xornadas informativas e formativas para o persoal técnico dos GDR

Ademais da elaboración da citada Guía, o GDR Terra Chá considera oportuno que, ao inicio do período, se organice un programa de formación e información dirixido ao persoal técnico dos GDR sobre os ámbitos e tipos de proxectos identificados como críticos para o seu aliñamento coas outras medidas de desenvolvemento rural. Este programa pode ser organizado por AGADER en colaboración coa Asociación de GDR de Galicia, contando tamén coa participación dos órganos xestores das diferentes políticas sectoriais e medidas relevantes dentro da Xunta de Galicia.

Partindo diso, o GDR Terra Chá levará a cabo actividades de información e divulgación aos axentes do territorio, sobre o tipo de proxectos financiados polo Grupo e a súa delimitación, complementariedade e sinerxías potenciais con outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Xunta de Galicia.



### F.3.3 Reunións de seguimento

Como complemento do anterior, o GDR Terra Chá propón a organización periódica de reunións entre AGADER e os GDR, coa participación tamén dos órganos xestores das medidas de desenvolvemento rural e políticas sectoriais relevantes, para avaliar o aliñamento da execución das estratexias LEADER con esas medidas e políticas sectoriais, resolver as dúbidas ou cuestións que vaian xurdindo e debater posibles adaptacións na execución desas estratexias e/ou nas políticas sectoriais e outras medidas de desenvolvemento rural.

### F.3.4 Gobernanza

Para impulsar e pilotar as accións mencionadas nos puntos anteriores o GDR Terra Chá considera que sería oportuno constituír un “Comité de Coordinación e Seguimento das Estratexias LEADER”. O seu cometido sería promover o aliñamento das estratexias dos GDR con outras medidas de desenvolvemento rural e políticas sectoriais relevantes, a través das actuacións citadas anteriormente e outras que se acorden.

O Comité estaría integrado por AGADER, unha representación dos GDR e responsables doutros servizos da Xunta de Galicia que xestionan medidas de desenvolvemento rural ou outras políticas sectoriais relevantes para as estratexias dos GDR.

## G. Propostas de proxectos piloto.

### G.1. PROPOSTA 1.

#### G.1.1 Denominación e breve xustificación do proxecto.

**Táboa 1: Denominación**

**LOITA CONTRA O RETO DEMOGRÁFICO. ASENTAMENTO DE COLECTIVOS VULNERABLES E FIXACIÓN DE POBOACIÓN NO RURAL.**

**Táboa 2: Breve xustificación**

A presente proposta pretende dar resposta ao reto demográfico da Terra Chá, en concreto aos ameazantes datos demográficos derivados do envellecemento da poboación, da masculinización destes territorios, do seu baixo nivel de competitividade en sectores locais crave, o baixo nivel de formación e emprego da poboación e a diminución do relevo xeracional en labores tradicionais da zona. A poboación nova e as mulleres vense obrigados a saír en busca de novas e mellores oportunidades.

Este proxecto vértase en varios eixos de actuación dirixidos a diferentes colectivos vulnerables da poboación, tratando de atraelas ás comarcas da Terra Chá, cambiando a visión estereotipada do mundo rural e fomentando o relevo xeracional, facilitando ademais o asentamento de familias en risco de exclusión na zona. Para iso preténdese mellorar as oportunidades laborais, crear servizos de proximidade, dinamizar a economía da zona fomentando o emprendemento social e a economía verde e facilitando recursos en destino.

#### G.1.2 Identificación da entidade tractora proposta e outras posibles entidades participantes.

**Táboa 3: Entidade tractora**

Denominación	<b>CRUZ ROJA ESPAÑOLA LUGO</b>
Datos de contacto	<b>lugo@cruzroja.es</b>
Sector e actividades	<b>Humanitario Social</b>

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ

Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n  
27800 Vilalba (Lugo)  
T. 982 512 369  
terrachanaturalmente@gmail.com

<b>Táboa 4: Outras entidades participantes:</b>				
<b>Colaboración Público/Privada</b>	<b>Si</b>	<b>X</b>	<b>Non</b>	
<b>Entidade 1</b>				
Denominación	<b>Fundación CEL</b>			
Datos de contacto	<b>María Tallón Veiga (Xerente)</b> <b>maria.tallon@fundacioncel.org</b>			
Sector e actividades	<b>Empresarial</b>			

### G.1.3. Motivación do carácter innovador do proxecto.

<b>Táboa 5: Descrición da innovación</b>	
<b>Tipo de innovación</b>	<b>Descrición e xustificación</b>
<b>1. Produto</b>	Se fomenta a economía “Silver”: aumento de servizos de proximidade para a terceira idade no rural. Cubrindo unha necesidade non satisfeita das persoas maiores na rexión.  Impulso da Bioeconomía : aproveitamento dos recursos endóxenos.
<b>2. Procesos</b>	Realización de actividades interxeracionais: innovando na maneira de transmisión do coñecemento.  Inclusión da sociedade de acollida no proceso: incluía como motor do cambio.



	<p>Se crean Oficinas de Acollida para que o acompañamento das persoas que se asenten na zona poda perdurar no largo prazo e non so se trate dun apoio puntual.</p> <p>Utilización de metodoloxía participativa: de abaixo cara a enriba, onde toda a sociedade participa.</p> <p>Innovación social: detección de necesidades no medio e creación de proxectos de innovación social como solución, conseguindo un impacto multiplicador por contar con persoas vulnerables para crealas.</p> <p>Uso de vehículos híbridos en actividades de apoio a terceira idade.</p> <p>Favorece a Economía circular e economía verde: expónse como a solución fronte á crise económica e ambiental.</p> <p>Fomenta a Economía Social: nunha sociedade socialmente máis inclusiva.</p> <p>Reduce a brecha dixital: incluíndo as novas tecnoloxías no ámbito rural.</p>
<p><b>3. Comercialización</b></p>	<p>Se potenciarán novas formas de comercialización como o circuíto corto (proximidade xeográfica entre produción e consumo, alimentación de máis calidade e menos contaminación)</p> <p>Dixitalización tanto do comercio de proximidade procurando o aumento da venda online como a alfabetización dixital das persoas da terceira idade para que podan mercar dende a súa casa e facer outras xestións.</p>



## G.1.4. Ámbito xeográfico de actuación

<b>Táboa 6: Municipios e núcleos (Nº)</b>	
Nº de municipios (total)	<b>10</b>
Nº de núcleos de poboación (total)	<b>160 parroquias</b>

<b>Táboa 7: Municipios e núcleos (Relación)</b>	
Relación de municipios	Terra Chá: Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, Pastoriza, Riotorto, Vilalba e Xermade
Relación de núcleos de poboación (total parroquias)	<p>Abadín (10): Abadín, A Poceira, Os Carballás, Fernandao, Gontán, O Convento, O Correo, Pedralva, Pedreiras, Torre.</p> <p>Begonte (19): Baamonde, Begonte, Bóveda, Carral, Castro, Cerdeiras, Damil, Donalbay, Felmil, Gaibor, Illán, Pacios, Pena, Saavedra, San Vicente de Pena, Trobo, Uriz, Valdomar, Virís</p> <p>Cospeito (12): Agrelo, A Torre, O Vao, Bodenlle, Fonte, Mornelo, O Toiral, Paredes, Perotato, Rebuxín, Regueira, Ribela</p> <p>Guitiriz (19): O Buriz (San Pedro), Becín (San Xulián), Labrada (Santa María), Lagostelle (San Xoán), Santa Mariña de Lagostelle, Mariz (Santa Eulalia), Negradas (San Vincenzo), Parga (Santo Estevo), Pedrafita, Pígara (San Pedro), Roca (San Xiao), Sambreixo de Parga, San Salvador de Parga, Sta Leocadia de Parga, Santa Cruz, Trasparga (Santiago de), O Vilar (Santa María) e Os Vilares (San Vincenzo).</p> <p>Muras (8): Ambosores, Balsa, Burgo, Irijoa, Muras, Silán, Sixto, Viveiro</p> <p>Pastoriza (19): Aguarda, Alvare, Baltar, Bretoña, Cadabedo, Corvelle, Crecente, Fuenmiñana, Gueimonde, Lagoa, Loboso, Pastoriza, Piñeiro, Pousada, Reigosa, Rigueira, Saldange, Ubeda, Vián.</p> <p>Riotorto (8): Aldurfe, Espasande, Ferreiravella, Galegos, Meilán, Mojoeira, Orrea, Riotorto</p> <p>Vilalba (30): Alba, Árbol,</p>

	<p>Belesar , Boizán ,Carballido, Codesido,Corvelle,Distriz ,Goiriz ,Gondaísque ,Insua, Ladra ,Lanzós Mourence,Nete ,Noche, Oleiros,Rioaveso ,Román, Samarugo ,Sancovade , San Simón da Costa Santaballa, Soexo, Tardade, Torre, Vilalaba ,Vilapedre Xoibán</p> <p>Xermade (10): Burgás, Cabreiros, Candamil, Cazás, Lousasa, Miraz, Momán, Piñeiro, Ropar, Xermade</p> <p>Castro de Rei (25):Ansemar, Azúmara, Balmonte, Bazar. Bendia, Castro de Rey, Coea, Duancos, Duarría, Dumpín Gobierno , Loentia Ludrio, Mondriz , Mos,Orizón, Otero, Pacios, Prevesos, Quintela, Ramil, Riberas de Lea,Santa Leocadia, Triabá, Villadonga.</p>
--	---

#### G.1.5. Obxectivos a conseguir:

##### **Táboa 8: Obxectivos xerais**

1. Aumentar a fixación de poboación na Terra Chá: mellorando as oportunidades de colectivos da zona mais afectados como mulleres e mocidade e atraer poboación doutras zonas.
2. Apoiar o desenvolvemento de grupos mais vulnerables: mellorar a perspectiva de futuro das persoas en risco de exclusión.
3. Desenvolver o potencial do territorio no longo prazo: analizar e dar a coñecer a súas oportunidades.
4. Dinamizar o territorio da Terra Chá: no marco social e económico.

##### **Táboa 9: Obxectivos específicos**

1. Atraer poboación a Terra Chá: aumentar a poboación na zona e a vez mellorar a perspectiva de futuro de persoas en risco de exclusión laboral e residencial.
2. Fomentar a inclusión social dos colectivos vulnerables e a redución da pobreza. Mediar entre necesidades da zona e familias en risco de exclusión doutros espazos que pretendan asentarse no territorio. Intentando derribar posibles prexuízos entre ambas partes. Creando



Oficinas de Acolida que dean apoio no longo prazo co obxectivo da mellorar a hospitalidade.

3. Coñecer e analizar as necesidades e oportunidades da zona: tanto laborais, como habitacionais, de servizos, ecolóxicas, de emprendemento, etc.
4. Crear un rexistro de vivendas cun alugueiro accesible para poder facilitar o asentamento e o retorno a rexión das persoas.
5. Mellorar a calidade de vida da terceira idade no territorio: ofrecendo solucións innovadoras ao seus problemas na rexión.
6. Fomentar a participación, asociación e cooperación en cada un dos colectivos vinculados e en toda a comunidade.
7. Planear programas formativos adaptados ás necesidades específicas dos grupos da poboación centrándonos en colectivos prioritarios como mulleres e mocidade.
8. Implicar a toda a poboación, xerando ilusión, no mesmo obxectivo final de desenvolvemento local, calidade de vida e fixación da poboación.
9. Mellorar as oportunidades laborais e dinamizar a zona: Acompañar e orientar na procura de emprego e na posta en marcha de empresas no territorio da Terra Chá. Priorizaranse colectivos desfavorecidos como mulleres e mocidade da zona o persoas en risco de exclusión que pretendan asentarse na rexión.
10. Mellorar a valoración do local, das potencialidades de cada persoa e dos recursos endóxeos.
11. Ampliar a carteira de recursos de proximidade para ofrecer unha mais ampla oferta tanto á poboación local como ás novas familias que pretendan asentarse no territorio, favorecendo a economía "Silver".
12. Diminuír a brecha dixital existente no mundo rural: dixitalizando dende os pequenos produtores ata as persoas da terceira idade.
13. Conseguir un desenvolvemento sostible: fomentando o emprendemento verde tendo en conta o coidado e protección do medio ambiente.

## G.1.6. Actividades propostas:

<b>Táboa 10: Listaxe de actividades</b>	
<b>Actividade</b>	<b>Descrición e xustificación</b>
DIAGNÓSTICO TERRITORIAL E ESTUDIO DE OPORTUNIDADES	<p>Responde a necesidade de coñecer e profundar nas necesidades específicas e as oportunidades da zona en termos laborais, habitacionais, de servizos, de emprendemento e outros. Coa finalidade ademais de crear un rexistro de recursos para facilitar o asentamento de novas persoas na rexión, como por exemplo co rexistro de vivendas co alugueiro accesible.</p> <p>Actividades:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Preténdese realizar mediante un estudo socioeconómico, asociativo e de detección de necesidades e oportunidades no territorio.</li><li>• Ademais do uso de información e fontes secundarias, o diagnóstico se desenvolve baixo unha metodoloxía participativa dos distintos axentes, colectivos e grupos de interese do territorio mediante cuestionarios, entrevistas e mesas de traballo entre os colectivos (axentes públicos, privados, asociacións e grupos de poboación).</li></ul> <p>Intentando implicar a maior parte da poboación da Terra Chá nestas actividades.</p>
RETORNO E ASENTAMENTO POBOACIONAL	<p>Dada a crecente ameaza de despoboación rural, é importante favorecer tanto retorno de habitantes como a chegada de nova poboación ao territorio. Ao mesmo tempo existen colectivos vulnerables que nas cidades se encontran excluídos no ámbito laboral e residencial e poderían encontrar unha solución a súa situación no asentamento na Terra Chá.</p> <p>Consideramos de importancia sensibilizar á sociedade da necesidade de facer fronte ao despoboamento e os desequilibrios territoriais existentes e derribar posibles prexuízos bidireccionais.</p> <p>Ao mesmo tempo é importante traballar para que as institucións (públicas ou privadas) articulen medidas conxuntas para atraer, fixar e incrementar poboación, promocionando o desenvolvemento económico, cultural e social do territorio Terra Chá.</p>

	<p>Esta actividade pretende coordinar a información, apoio e o acompañamento a todas aquelas persoas que queiran instalarse no territorio ou que non desexen abandonalo. É imprescindible inventariar recursos empresariais, laborais, de conciliación e de vivenda para informar as persoas do territorio e as persoas que queiran asentarse nel para así facilitar o proceso de acollida e a súa permanencia.</p> <p>Para iso, propóñense as seguintes actividades:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Xornadas e encontros para a implicación da poboación local na integración de posibles novos habitantes (integración activa en procesos de acollida, implantación de figuras de colaboradores/as, sensibilización, mediación e eliminación de posibles prexuizos)</li><li>• Realización dun inventario de recursos como servizos, vivendas en compra ou alugueiro ou recursos de conciliación para informar as persoas que queiran asentarse en Terra Chá.</li><li>• Se creará un rexistro de vivendas da rexión con prezos de aluguer razoables como solución habitacional tanto para mozos que queiran independizarse, retornados e novos veciños que se establezan na zona.</li><li>• Xornadas en distintas cidades para a orientación a colectivos vulnerables no seu asentamento na rexión da Terra Chá:<ul style="list-style-type: none"><li>- Mulleres: Xornadas dirixidas a orientar a este colectivo , en temas como conciliación da vida familiar, recursos existentes no territorio e o acceso á vivenda e ao mercado laboral.</li><li>- Mozos: Orientación integral en materia de emprego, recursos e vivenda no medio rural.</li><li>- Persoas inmigrantes e outros colectivos en risco de exclusión. Orientación sobre os recursos existentes tanto para familias como persoas individuais para o seu asentamento no territorio para facilitar o seu acceso a unha vivenda e ao mercado laboral.</li></ul></li><li>• Establecemento de 4 Oficinas de Acollida distribuídas pola rexión para que o acompañamento das persoas que se asenten nela poda perdurar no longo prazo, orientando nun longo período de tempo para conseguir un arraigo máis sólido.</li><li>• Xornadas de promoción e difusión de boas prácticas con representantes da poboación local.</li><li>• Mesas de traballo cos axentes económicos e sociais, entidades locais e administracións para a articulación de medidas conxuntas que permitan afrontar o despoboamento do territorio (oficinas de acollida, recursos de conciliación, banco de vivendas, espazos de coliving e axudas dispoñibles).</li><li>• Se establecerán unha serie de axudas para obter el carné de conducir para os colectivos máis vulnerables que queiran establecerse na rexión e non dispoñan del. Apoiando</li></ul>
--	---

	<p>economicamente e tamén no proceso de preparación do mesmo.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>● Intermediación coas administracións para ofrecer ás persoas que pretendan asentarse no territorio, terras abandonadas para que as utilicen no desenvolvemento de cultivos autóctonos.</li></ul> <p>Se traballará en coordinación cos Servizos Sociais de Cruz Roja Española Lugo e dos Concellos da Terra Chá.</p>
<p>IGUALDADE DE OPORTUNIDADES PROGRAMA MULLER RURAL</p>	<p>Tendo en conta os datos ameazantes da masculinización do territorio nas idades centrais no ámbito rural surxe a necesidade de empoderamento das mulleres no medio. Para o que se pretende realizar as seguintes actividades:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>● Encontro das mulleres da contorna da Terra Chá fomentando o intercambio de saber e experiencias entre elas, apoiando a posta en marcha de iniciativas e transmisión de coñecementos.</li><li>● Obradoiros de Intelixencia emocional, autocoñecemento, empoderamento social e autoestima.</li><li>● Obradoiros sobre coñecementos e habilidades das mulleres como axentes crave do medio rural.</li><li>● Xornadas de sensibilización sobre as mulleres como axentes crave de coñecemento para o desenvolvemento rural- Mentoring.</li><li>● Talleres Mastermind Group, onde se presenten temas de interese seleccionados polos colectivos de mulleres rurais para a procura de solucións colaborativas co apoio de expertos na materia.</li></ul> <p>Todo isto relacionado e consolidado coas actividades da liña de emprendemento e emprego.</p>
<p>MELLORA DA CALIDADE DE VIDA DA TERCEIRA IDADE NO RURAL</p>	<p>Son varios os inconvenientes que padecen as persoas maiores na contorna. A falta de recursos de proximidade, a dificultade nos desprazamento, o escaso relevo xeracional en certas actividades e una soidade non desexada na terceira idade son algún deles.</p> <p>O desenvolvemento de novos servizos de proximidade nas zonas rurais xera un impacto positivo no territorio, a chamada "Economía Silver". Polo que o proxecto contempla a posibilidade de ofrecer unha serie de novos servizos aos veciños da Terra Chá que, pola súa idade e situación socioeconómica, son colectivos máis vulnerables que requiren dunha atención especial para cubrir as súas necesidades. Mellorando así a calidade de vida das persoas maiores en contornas rurais e ao mesmo tempo procura de oportunidades nos sectores relacionados co servizo e a atención ás persoas maiores como fonte de oportunidades de emprendemento e emprego no ámbito. Creando</p>

	<p>proxectos empresariais que dean resposta a esta necesidade</p> <p>Por outra banda, todo isto fomenta a fixación e atracción da poboación no medio rural a través da mellora dos servizos e da calidade de vida que ofrece o territorio.</p> <p>Ademais se pretende conseguir reducir a soidade non desaxada do colectivo das persoas maiores a través de actividades interxeracionais que promovan ao mesmo tempo a continuidade xeracional en labores tradicionais. Tamén se lles ofrecen actividades de alfabetización dixital, entre outras.</p> <p>Entre as actividades se contempla:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Para favorecer a cohesión interxeracional propóñense talleres prácticos impartidos por persoas maiores a colectivos máis novos que favorezan a transmisión de coñecementos e habilidades no ámbito rural (artesanía, medio agrario, horticultura...).</li><li>• Talleres formativos de Alfabetización Dixital ás persoas maiores que perseguen reducir a fenda dixital nas persoas (Sergas Móbil, RRSS, compra online, correo electrónico, etc.).</li><li>• Sesións grupais de envellecemento activo. Estas sesións perseguen a promoción dun envellecemento saudable a través da participación social.</li><li>• Sesións grupais para o fomento de habilidades sociais co obxectivo de fortalecer o apoio social para aquelas persoas maiores que o necesiten.</li><li>• Sesións grupais de abordaxe da soidade, coñecemento e xestión das emocións asociadas a ela.</li><li>• Obradoiros e difusión sobre oportunidades empresariais relacionadas co sector de servizos a persoas maiores no medio rural: economía “Silver”.</li><li>• Creación dunha rede de persoal cualificado para o coidado das persoas maiores no medio rural (coidado, podoloxía, cociña...)</li><li>• Se facilitará aos maiores o traslado para a realización de probas médicas , tramitacións e outras xestións como reparto da súas compras semanais a súas casas. Todo isto con vehículos híbridos, pretendendo diminuír a contaminación do transporte.</li><li>• Mediante o apoio en pequenas reformas nos fogares preténdese mellorar a accesibilidade física e dixital dos fogares dos maiores. Isto tamén fomenta a creación ou o desenvolvemento de emprendemento.</li></ul> <p>Se traballará en coordinación cos Servizos Sociais dos Concellos da Terra Chá.</p>
--	---



<p>FOMENTO DA EMPREGABILIDAD E E INSERCIÓN LABORAL DA POBOACIÓN NO RURAL</p>	<p>Responde a necesidade de desenvolver estratexias de intervención, para a inserción laboral das persoas en procura activa de emprego, tanto de persoas locais como persoas que pretendan asentarse na zona. O que se pretende é favorecer, a ocupación sostible no territorio, con especial atención aos mozos e mulleres, así como aos colectivos de persoas inmigrantes.</p> <p>A persoa encargada destas actividades preténdese que sexa unha persoa coñecedora en profundidade da zona, para que poda así comprender mellor a súa realidade.</p> <p>Se traballará en coordinación co Programa de Emprego de Cruz Roja Española en Lugo e cos Servizos Sociais dos Concellos da Terra Chá.</p> <p>A idea é realizar atención na procura de emprego por comarcas e que poidan abarcar poboación de entre dous e tres municipios, na que poidan participar tanto persoas asentadas xa na Terra Chá como de outras zonas que pretendan asentarse nela.</p> <p>Para iso, propóñense as seguintes actividades:</p> <p>1. Itinerario de Orientación Laboral</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Pílulas formativas dirixidas a mellorar a empregabilidade a través do reforzo de competencias profesionais, e o acompañamento na procura dun posto de traballo promovendo a igualdade de oportunidades no emprego. Acompañamento individualizado para a creación de itinerarios de empregabilidade nos distintos colectivos no medio rural: Mozos, mulleres, inmigrantes, grupos en risco de exclusión social, persoas desempregadas de longa duración.</li> <li>• Definición do obxectivo profesional orientado cara a actividades nas que exista necesidade na zona,</li> </ul>
--	---



	<p>como por exemplo no relevo xeracional de certos oficios.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Potenciación dos valores, capacidades e habilidades de cada un.</li><li>• Currículo e cartas de presentación, portais de Emprego e de Formación</li><li>• Crenzas limitantes, eliminación de prexuízos da vida no rural, pensado para aquelas persoas que queiran asentarse na Zona.</li></ul> <p>2.Itinerario formación profesional</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Realización de obradoiros de formación específicos (con certificación) para o desempeño cualificado en distintas temáticas das necesidades de emprego e autoemprego detectadas na Zona.</li></ul> <p>Se prevé a conexión en modalidade teleformación para aquelas persoas que non se encontren no territorio ou teñan dificultades de conciliación ou transporte</p>
<p>OBRADOIROS PARA O FOMENTO DO EMPREENDEMENTO O NO RURAL ORIENTADO A COLECTIVOS VULNERABLES.</p>	<p>Dada as escasas oportunidades laborais no entorno rural preténdese fomentar a cultura emprendedora no territorio.</p> <p>O Obxectivo é dotar de coñecementos e ferramentas ás persoas emprendedoras para a posta en marcha dos seus modelos de negocio e favorecer, a través da formación en xestión empresarial, en materia ambiental e de igualdade de oportunidades, a ocupación sostible no territorio, con especial atención aos mozos e mulleres, así como aos colectivos de inmigrantes e persoas con discapacidade. Favorecendo a creación de empresas de turismo sostible, economía social e economía circular e ademais todas aquelas provenientes da economía verde (enerxías renovables, mellora na xestión forestal, edificación eficiente, alimentos de circuíto corto, etc.)</p> <p>As persoas encargadas destas actividades preténdese que sexa unha persoa coñecedora en profundidade da zona,</p>

	<p>para que poda así comprender a súa realidade con mais proximidade.</p> <p>A idea é realizar obradoiros por comarcas que poidan abarcar poboación de entre dous e tres municipios, na que poidan participar tanto persoas asentadas xa na Terra Chá como de outras zonas que pretendan asentarse nela.</p> <p>Preténdese realizar:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Actividades de difusión e sensibilización : Xornadas de difusión e concienciación da persoa emprendedora e difusión de experiencias emprendedoras no territorio. Información sobre lexislación, trámites, recursos formativos, axudas e subvencións, liñas de financiamento. Programa formativo e titorizado (Incubadora Rural). Traballando as crenzas limitantes, eliminación de prexuízos da vida no rural, pensado para aquelas persoas que queiran asentarse na rexión.</li><li>• Formación xeral proxecto emprendemento. Fase de apoio, soporte e formación transversal do proxecto. Desenvolvemento sostible Igualdade e Mentoring feminino e xuvenil. Formación empresarial e técnicas empresariais.</li><li>• Formación en cooperativismo e economía social: fórmulas empresariais baseadas na xeración de emprego de calidade e que fomentan unha mais xusta distribución dos recursos, favorecendo a vez a cohesión territorial e social.</li><li>• Formación sobre emprendemento en economía verde, economía circular, economía “Silver” e Bioeconomía. Tamén sobre emprendementos relacionados coas pequenas reformas e a inclusión dixital, relacionado coas persoas maiores.</li><li>• Obradoiro de implantación de comercio tradicional: ultramarinos. Inténtase promover mediante a</li></ul>
--	---



	<p>actividade o restablecemento dos antigos negocios, para conseguir incrementar a venda de produtos locais e a vez considérase unha oportunidade de ter un espazo que favoreza a socialización veciñal.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Titorización de proxectos.</li> </ul> <p>Tamén se prevé a conexión as formacións en modalidade teleformación para aquelas persoas que non se encontren no territorio ou teñan dificultades de conciliación ou transporte.</p>
<p>DINAMIZACIÓN TERRITORIAL E RESPONSABILIDADE SOCIAL (RS)</p>	<p>Nestas accións procúrase dinamizar a economía local e atraer empresas á zona, así como promover a comunicación con empresas que poidan colaborar co proxecto apelando a súa Responsabilidade Social.</p> <p>Actividades:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dixitalización das empresas pequenas e familiares: Itinerario para a transformación dixital: ferramentas de uso cotidiano e implementación.</li> <li>• Alfabetización dixital dos pequenos produtores/comercios: correo electrónico, RRSS, páxinas web, venta online.</li> <li>• Prospección das empresas locais na procura de necesidades de traballadores e outras posibles colaboracións (como prácticas non laborais u outras actividades da súa RS)</li> <li>• Encontros cos empresarios doutras zonas que pretendan establecerse neste espazo rural, apoiando e facilitando na medida do posible a súa acción.</li> </ul>

Táboa 11: Descrición das actividades enumeradas		
Actividade	Calendario	Participantes
DIAGNÓSTICO TERRITORIAL E ESTUDO DE OPORTUNIDADES	<p>Dende xaneiro 2023 ata xuño 2023 o proxecto se centrará nesta actividade. Esta primeira etapa é fundamental para o desenvolvemento das seguintes.</p> <p>O diagnóstico continuará durante toda a vida do proxecto e das diferentes actividades, ata decembro de 2025. Tendo en todo momento comunicación aberta co resto de actividades.</p>	<p>40.000 persoas</p> <p>Intentando involucrar ao total da poboación da Terra Chá.</p>
	<p>Xuño 2023 ata decembro de 2025: unha vez finalizada a actividade de diagnóstico do territorio se comezará a traballar nesta liña.</p> <p>Xuño 2023: Un primeiro paso de acollida de difusión do proxecto polas comarcas e as cidades mais pretas da Terra Chá. Aínda que durante toda a vida do proxecto se realizará difusión do mesmo, neste primeiro mes será unha actividade prioritaria.</p> <p>Dende Xullo de 2023 ata finalizar o proxecto se realizarán de forma cíclica as</p>	<p>800 persoas interesadas tanto no retorno como en asentarse na zona por primeira vez.</p> <p>Incluindo persoas da rexión, comarcas limítrofes e das cidades.</p> <p>Cada participante terá o seu itinerario en función das súas necesidades.</p>
RETORNO E ASENTAMIENTO POBOACIONAL		



	<p>seguintes: acollida de participantes, inclusión e realización das as actividades e peche.</p> <p>A Oficina de Acollida preténdese que se asente durante toda a vida do proxecto e incluso no mais longo prazo.</p>	
<p>IGUALDADE DE OPORTUNIDADES PROGRAMA MULLER RURAL</p>	<p>xuño 2023 ata decembro de 2025: unha vez finalizada a actividade de diagnóstico do territorio se comezará a traballar nesta liña.</p> <p>Xuño 2023: Un primeiro paso de acollida de difusión do proxecto polas comarcas e as cidades mais pretas da Terra Chá. Aínda que durante toda a vida do proxecto se realizará difusión do mesmo, neste primeiro mes será unha actividade prioritaria.</p> <p>Dende Xullo de 2023 ata finalizar o proxecto se realizarán de forma cíclica as seguintes: acollida das participantes, inclusión e realización das as actividades e peche, coincidindo co año natural.</p>	<p>120 mulleres de todas as idades que participarán nas diferentes actividades:</p> <p>Ano 2023: 30 participantes.</p> <p>Ano 2024: 45 participantes</p> <p>Ano 2025 45 participantes.</p> <p>Cada usuaria dispoñerá dun itinerario persoal e participara en cada unha das actividades.</p>
<p>MELLORA DA CALIDADE DE VIDA DA TERCEIRA IDADE NO RURAL</p>	<p>Xuño 2023 ata decembro de 2025: unha vez finalizada a actividade de diagnóstico do</p>	<p>100 persoas da terceira idade que se interesen polo programa. Os técnico realizarán unha</p>



	<p>territorio se comezará a traballar nesta liña.</p> <p>Xuño 2023: Un primeiro paso de acollida de difusión do proxecto polas comarcas da Terra Chá. Aínda que durante toda a vida do proxecto se realizará difusión do mesmo, neste primeiro mes será unha actividade prioritaria.</p> <p>Dende Xullo de 2023 ata finalizar o proxecto se realizarán de forma cíclica as seguintes: acollida dos participantes, inclusión e realización das actividades e peche, coincidindo co año natural.</p>	<p>procura das persoas participantes polas diferentes comarcas. Realizando desprazamentos grupais de participantes maiores ás actividades se fose necesario.</p> <p>40 mozos que queiran participar nas actividades interxeracionais.</p> <p>Participantes por ano:</p> <p>Ano 2023: 20 maiores e 10 mozos.</p> <p>Ano 2024: 40 maiores e 15 mozos</p> <p>Ano 2025: 40 maiores e 15 mozos</p> <p>Cada usuario dispoñerá dun itinerario persoal e participará nas actividades que precise segundo o seu perfil.</p>
<p>FOMENTO DA EMPREGABILIDADE E INSERCIÓN LABORAL DA POBOACIÓN NO RURAL</p>	<p>xuño 2023 ata decembro de 2025. Unha vez finalizada a actividade de diagnóstico do territorio se comezará a traballar nesta liña.</p> <p>Xuño 2023: Un primeiro paso de acollida de difusión do proxecto polas comarcas da</p>	<p>100 persoas participantes nas actividades, procurando unha maioría do 70% mulleres e mozos.</p> <p>Poden participar persoas da rexión como persoas de fóra dela.</p>

	<p>Terra Chá e cidades. Aínda que durante toda a vida do proxecto se realizará difusión do mesmo, neste primeiro mes será unha actividade prioritaria.</p> <p>Dende Xullo de 2023 ata finalizar o proxecto se realizarán de forma cíclica as seguintes: acollida dos participantes, inclusión e realización das as actividades e peche, coincidindo co año natural.</p>	<p>Participantes por ano:</p> <p>Ano 2023: 20 persoas.</p> <p>Ano 2024: 40 persoas.</p> <p>Ano 2025: 40 persoas.</p> <p>Cada usuario dispoñerá dun itinerario persoal e participará nas diferentes actividades.</p>
<p>OBRADOIROS PARA O FOMENTO DE EMPRENDEMIENTO NO RURAL ORIENTADO A COLECTIVOS VULNERABLES</p>	<p>xuño 2023 ata decembro de 2025. Unha vez finalizada a actividade de diagnóstico do territorio se comezará a traballar nesta liña.</p> <p>Xuño 2023: Un primeiro paso de acollida de difusión do proxecto polas comarcas da Terra Chá e cidades. Aínda que durante toda a vida do proxecto se realizará difusión do mesmo, neste primeiro mes será unha actividade prioritaria.</p> <p>Dende Xullo de 2023 ata finalizar o proxecto se realizarán de forma cíclica as seguintes: acollida dos participantes, inclusión e realización das as actividades e peche, coincidindo co año natural.</p>	<p>150 persoas participarán nas actividades, procurando un mínimo dun 60% mulleres e un 40% homes.</p> <p>Poden participar persoas da rexión como persoas de fóra dela.</p> <p>Participantes por ano:</p> <p>Ano 2023: 30 persoas.</p> <p>Ano 2024: 60 persoas.</p> <p>Ano 2025: 60 persoas.</p> <p>Cada usuario dispoñerá dun itinerario persoal e participará nas actividades que precise segundo o seu perfil e se continuará durante</p>

		toda a vida do proxecto co asesoramento aos participantes emprendedores
<ul style="list-style-type: none"><li>DINAMIZACIÓN TERRITORIAL E RS</li></ul>	xaneiro 2024-décembro 2025. Una vez consolidadas as anteriores actividades se comeza a traballar nesta liña.	40 empresas informadas del proxecto, procurando que colaboren con el o poidan beneficiarse tamén.

## G.1.7. Resultados esperados, posibles beneficiarios e impacto no emprego :

Táboa 12: Descrición dos resultados esperados		
<b>Resultado 1</b> COÑECER AS NECESIDADES ESPECÍFICAS E AS OPORTUNIDADES DA ZONA		
<b>Descrición</b>	En termos laborais, habitacionais, de servizos, ecolóxicos, de emprendemento e outros. Para poder ofrecer a información e oportunidades de asentamento e retorno poboacional.  Creación de base de datos de recursos, como vivendas de alugueiro accesible.	
<b>Beneficiarios</b>	40.000 ( toda a comarca da Terra Chá)	
<b>Impactos esperados</b>	Facturación (€)	25.000
	Empregos (Nº)	2
<b>Outra información de interese</b>	Crease unha base de datos da zona de interese xeral que poda reflectir datos para poder mellorar a contorna no medio prazo e perdurar no tempo.	



<b>Resultado. 2. RETORNO E ASENTAMIENTO POBLACIONAL NA TERRA CHÁ DE PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN</b>		
<b>Descrición</b>	Favorecer o retorno e a chegada de nova poboación ao territorio informando das oportunidades e recursos da zona e apoiando na mellora la calidade de vida e oportunidades das persoas mais vulnerables.  Coas Oficinas de Acollidas se pretende lograr un acompañamento das persoas que se asenten na rexión no largo prazo para conseguir un arraigo mais sólido.	
<b>Beneficiarios</b>	600 habitantes mais na rexión  Beneficiarios indirectos: todos os veciños da zona.	
<b>Impactos esperados</b>	Facturación (€)	216.000
	Empregos (Nº)	18
<b>Outra información de interese</b>	Neste sentido espérase un resultado exponencial, xa que o propio retorno e asentamento poboacional atraerá a outras persoas a habitar nesta zona a longo prazo, tanto polo aumento de oportunidades como polo aumentos dos servizos.	

<b>Resultado 3. MELLORA DA CALIDADE DE VIDA DA TERCEIRA IDADE NO RURAL</b>		
<b>Descrición</b>	Mellorando os seus servizos dispoñibles, facilitando os desprazamentos, diminuíndo a súa soidade non desexada e mantendo un envellecemento mais activo, incluíndo as novas tecnoloxías.	
<b>Beneficiarios</b>	100 persoas maiores	
<b>Impactos esperados</b>	Facturación (€)	990.000
	Empregos (Nº)	15

<b>Outra información de interese</b>	Ademais co aumento de servizos de economía “Silver” e das pequenas reformas tamén aumenta o emprego dispoñible na zona e con isto as súas oportunidades
--------------------------------------	---

<b>Resultado 4. DERRIBAR ESTEROTIPOS E PREXUÍZOS</b>		
<b>Descrición</b>	Tanto da poboación local como da poboación acollida, sensibilizar e lograr unha integración efectiva.	
<b>Beneficiarios</b>	500 persoas tanto da sociedade de acollida como dos novos veciños.	
<b>Impactos esperados</b>	Facturación (€)	30.000
	Empregos (Nº)	2
<b>Outra información de interese</b>	Ademais o asentamento de poboación inmigrante pode favorecer a poboación local aumentando su riqueza cultural.	

<b>Resultado 5. CONSEGUIR RELEVO XERACIONAL NAS ACTIVIDADES MAIS TRADICIONAIS</b>		
<b>Descrición</b>	Realizado cunha relación interxeracional de tipo formativa.	
<b>Beneficiarios</b>	<b>100 persoas maiores</b> <b>40 mozos</b>	
<b>Impactos esperados</b>	Facturación (€)	<b>200.000</b>
	<i>Empregos (Nº)</i>	<b>5</b>
<b>Outra información de interese</b>	Beneficianse tanto os mozos como as persoas maiores.	

<b>Resultado 6. EFECTOS MEDIOAMBIENTALES POSITIVOS</b>		
<b>Descrición</b>	Coa implantación de empresas provenientes da economía circular e economía verde.	
<b>Beneficiarios</b>	5 empresas de nova creación de economía verde	
<b>Impactos esperados</b>	Facturación (€)	975000
	<i>Empregos (Nº)</i>	10
<b>Outra información de interese</b>	Beneficio contemplado a largo prazo polo coidado do medio ambiente e polo rendimento económico.	

<b>Resultado 7 FOMENTAR A CULTURA EMPRENDEDORA NO TERRITORIO.</b>		
<b>Descrición</b>	Dinamizando economicamente a zona, favorecendo o establecemento poboacional e xeración de oportunidades. E ao mesmo tempo dotando a Terra Chá de novos servizos que melloren a calidade de vida e o atractivo da contorna.	
<b>Beneficiarios</b>	40 empresas creadas  60 postos de traballo novos  Beneficiarios indirectos: toda a poboación polo aumento de servizos e as novas oportunidades.	
<b>Impactos esperados</b>	Facturación (€)	4.125.000
	Empregos (Nº)	60
<b>Outra información de interese</b>	Este resultado pretende dar sustentabilidade ao proxecto, xa que si na zona crece o tecido empresarial, se espera que no longo prazo isto achegue poboación ao aumentar as posibilidades de emprego de calidade e aumentar a cantidade de servizos prestadas na zona	

<b>Resultado 8. Mellorar o arraigo das mulleres e os mozos da zona</b>		
<b>Descrición</b>	Mellorando súas oportunidades e o empoderamento. Mellora nas oportunidades e os recursos.	
<b>Beneficiarios</b>	120 mulleres	
<b>Impactos esperados</b>	Facturación (€)	1.944.000
	<i>Empregos (Nº)</i>	24
<b>Outra información de interese</b>	<i>Menos abandono das mulleres e mozos do espazo rural en procura de mellores oportunidades.</i>	

<b>Resultado 9 Dixitalización do rural.</b>		
<b>Descrición</b>	Tanto das persoas da terceira idade como dos pequenos produtores e empresas locais.	
<b>Beneficiarios</b>	100 persoas maiores e 40 empresas	
<b>Impactos esperados</b>	Facturación (€)	990.000
	<i>Empregos (Nº)</i>	10
<b>Outra información de interese</b>	Beneficio contemplado a longo prazo no ámbito empresarial, polo posible aumento da cota de mercado e posibles novos postos de traballo.	

## G.1.8. Incidencia do proxecto sobre determinados sectores da poboación

<b>Táboa 13: Incidencia do proxecto sobre sectores poboacionais</b>	
<b>Mulleres</b>	<p>Se pretende mellorar a súa situación xeral en canto a colectivo especialmente afectado pola falta de oportunidades e recursos no ámbito rural.</p> <p>Neste sentido se traballará para que o colectivo feminino mellore no aspecto laboral, de conciliación, corresponsabilidade, emprendemento, o seu empoderamento e xestión emocional. Creando ademais novos lazos entre elas como fonte de apoio social.</p>
<b>Mocidade</b>	<p>O proxecto fomenta o mantemento da mocidade no entorno rural, xa que incrementa as súas oportunidades laborais, habitacionais e ou de emprendemento. Ademais de actividades interxeracionais que permitirán adquirir novos coñecementos a ambas partes e enriquecer o horizonte deste colectivo.</p>
<b>Outros colectivos</b>	<p>Terceira idade: intentando mellorar en todo momento a súa calidade de vida e evitando que deban deixar a rexión cara a cidade ou residencias por falta de servizos, pola súa soidade u outras situacións.</p> <p>Outros colectivos beneficiarios do proxectos: colectivos en risco de exclusión como as persoas inmigrantes u outros colectivos desfavorecidos aos que se lles asesorará de maneira integral (laboral, emprendemento, conciliación e habitacional) pretendendo mellorar a súa situación e aumentando a súa integración na sociedade de acollida.</p> <p>Poboación da Terra Chá: verase aumentada a súa poboación, a súa calidade de vida e social.</p>

## G.1.9. Impacto na mellora do ambiente e na valorización dos recursos naturais

<b>Táboa 14: Efectos medioambientais</b>	
<b>Positivos</b>	<p>Aumento do nicho empresarial da economía verde, fomentando a economía circular, os emprendementos en enerxías renovables, mellora na xestión forestal, edificación eficiente e de comercio de alimentos de circuío corto.</p> <p>Se se consegue un maior aproveitamento das fincas abandonadas, isto potencia un mellor mantemento das fincas e espazos rústicos, o que diminúe o risco de incendios</p>
<b>Negativos</b>	Desprazamentos en vehículo para a realización das actividades.
<b>Cuantificación económica</b>	<b>1.290.000€</b>

## G.1.10. Orzamento necesario e solvencia económica

<b>Táboa 15: Orzamento e prazo de execución</b>	
<b>Orzamento (€)</b>	<b>435.660</b>
<b>Prazo de execución</b>	<b>3 años</b>
<b>Ingresos esperados (€)</b>	
<b>Custos de explotación (€)</b>	<b>435.660</b>
<b>Axudas solicitadas (€)</b>	<b>409.860</b>
<b>% do grao de apoio público</b>	<b>94 %</b>

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ

Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n  
27800 Vilalba (Lugo)  
T. 982 512 369  
terrachanaturalmente@gmail.com

<b>Táboa 16: Solvencia económica</b>	
<b>Prazo de recuperación (pay-back) anos</b>	<b>1</b>
<b>Valor Actual Neto (VAN)</b>	<b>8.432.787,76 €</b>
<b>Taxa Interna de Retorno (TIR)</b>	<b>1795%</b>

#### G.1.11. Sostenibilidade financeira

<b>Táboa 17: Sostenibilidade financeira</b>	
<b>Ratio “Nº empregos xerados / investimento necesario (orçamento)” (Cálculo ou estimación)</b>	<b>0,00049</b>

## G.2. PROPOSTA 2.

### G.2.1 Denominación e breve xustificación do proxecto.

<b><i>Táboa 1: Denominación</i></b>
Terra Chá Emprende

<b><i>Táboa 2: Breve xustificación</i></b>
Preténdese crear un centro de emprendemento e coworking que leve asociado a oficina do emprendedor, plataforma dixital de servizos sociais de vídeo asistencia así como a creación dunha plataforma de intercambio de bens urbanos e rurais, produtos (mercado) e servizos. O obxectivo xeral é ofrecer un centro que preste un servizo integral centrado en xerar oportunidades de emprendemento e emprego para asentar a poboación no territorio. Por outra banda, o centro estará asociado a unha plataforma dixital dedicado á atención, nun territorio con poboación maior e conectar oferta e demanda de bens e servizos.

## G.2.2 Identificación da entidade tractora proposta e outras posibles entidades participantes.

<b>Táboa 3: Entidade tractora</b>	
Denominación	<b>GDR Terra Chá</b>
Datos de contacto	<b>C/ Carmiña Prieto Rouco 982 51 23 69 / 982 52 30 13</b>
Sector e actividades	<b>Asociación de desenvolvemento comarcal</b>

<b>Táboa 4: Outras entidades participantes:</b>				
<b>Colaboración Público/Privada</b>	<b>Si</b>		<b>Non</b>	
	<b>x</b>			
<b>Entidade 1</b>				
Denominación	<b>Agrupación de concellos da comarca</b>			
Datos de contacto				
Sector e actividades	<b>Entidades públicas</b>			

<b>Entidade 2</b>	
Denominación	<b>Apio de asociacións de empresarios e empresas da zona</b>
Datos de contacto	<b>GDR2 TERRA CHA</b>
Sector e actividades	



## G.2.3. Motivación do carácter innovador do proxecto.

<b>Táboa 5: Descrición da innovación</b>	
<b>Tipo de innovación</b>	<b>Descrición e xustificación</b>
<b>4. Produto</b>	O centro de emprendemento-coworking a poñer en marcha contará con profesionais do asesoramento e a orientación laboral que identificarán os factores clave á hora de fixar poboación a través da creación de emprego de calidade e baseado nas necesidades reais do territorio no que se vai a desenvolver. Por unha banda, detectáronse sectores nos que se vai a incidir á hora de desenvolver os proxectos tractores da iniciativa, tales como o sector primario e o desenvolvemento de iniciativas innovadoras sobre todo nos subsectores agropecuario e forestal, os servizos en xeral, as potencialidades turísticas, o desenvolvemento de iniciativas emprendedoras de I+D e a oportunidade laboral que ofrece o sector dos coidados e servizos sociais en xeral
<b>5. Procesos</b>	Os procesos que se levan a cabo son a captación do talento extranxeiro e difusión individual e colectiva para a captación de posibles emprendedores, a mentorización e formación para o emprendemento e por último a consolidación e fidelización.
<b>6. Comercialización</b>	Potenciaranse novas formas de comercialización como o desenvolvemento web para a posta en marcha das 3 plataformas previstas: marketplace de produtos locais, plataforma dixital de servizos sociais e a plataforma de conexión de oferta e demanda.

## G.1.4. Ámbito xeográfico de actuación

<b>Táboa 6: Municipios e núcleos (Nº)</b>	
Nº de municipios (total)	10
Nº de núcleos de poboación (total)	111 parroquias

<b>Táboa 7: Municipios e núcleos (Relación)</b>	
Relación de municipios	Terra Chá: Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, Pastoriza, Riotorto, Vilalba e Xermade
Relación de núcleos de poboación (total)	<p>Abadín (19): Abadín, Abeledo, Aldixe, Baroncello, Cabaneiro, Candia, Castromaior, Corvite, Fanoi, Fraias, Galgao, Goas, Graña, Labrada, Moncelos, Montouto, Quende, Romariz, Vilarente.</p> <p>Begonte (19): Baamonde, Baldomar, Begonte, Boveda, Carral, Castro, Cedeiras, Damil, Donalbai, Felmil, Gaibor, Illan, Pacios, Saavedra, Santalla de Pena, San Vicente de Pena, Trobo, Uriz, Viris.</p> <p>Cospeito (20): Arcilla, Beján, Bestar, Cospeito, Goa, Lamas, Momán, Muimenta, Pino, Riveso, Roas, Santa Cristina, Seixas, Sisoí, Sitallo, Támoga, Vilar, Vilapena, Xermar, Xustas.</p> <p>Guitiriz (18): Becín, Buriz, Labrada, Lagostelle, Mariz, Negradas, Parga, Piedrafita, Pígara, Roca, San Breixo de Parga, San Salvador de Parga, Santa Cruz de Parga, Santa Leocadia de Parga, Santa</p>



	<p>Marina de Lagostelle, Trasparga, Villar, Villares</p> <p>Muras (8): Ambosores, Balsa, Burgo, Irijoa, Muras, Silán, Sixto, Viveiro</p> <p>Pastoriza(19): Aguarda, Alvare, Baltar, Bretoña, Cadabedo, Corvelle, Crecente, Fuenmiñana, Gueimonde, Lagoa, Loboso, Pastoriza, Piñeiro, Pousada, Reigosa, Rigueira, Saldange, Ubeda, Vián.</p> <p>Riotorto(8): Aldurfe , Espasande, Ferreiravella, Galegos, Meilán, Mojeira, Orrea, Riotorto</p> <p>Villalba(30): Alba, Árbol, Belesar , Boizán , Carballido, Codesido, Corvelle, Distriz , Goiriz , Gondaísque , Insua, Ladra , Lanzós Moureda, Nete , Noche, Oleiros, Rioaveso, Román, Samarugo , Sancovade , San Simón da Costa Santaballa, Soexo, Tardade, Torre, Vilalaba , Vilapedre Xoibán</p> <p>Xermade (10): Burgás, Cabreiros, Candamil, Cazás, Lousasa, Miraz, Momán, Piñeiro, Ropar, Xermade</p> <p>Castro de Rei (25): Ansemar, Azúmara, Balmonte, Bazar. Bendia, Castro de Rey, Coea, Duancos, Duarría, Dumpín Gobierno , Loentia Ludrio, Mondriz , Mos, Orizón, Otero, Pacios, Prevesos, Quintela, Ramil, Riberas de Lea, Santa Leocadia, Triabá, Villadonga</p>
--	---

#### G.1.5. Obxectivos a conseguir:

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ

Rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n  
27800 Vilalba (Lugo)  
T. 982 512 369  
terrachanaturalmente@gmail.com

**Táboa 8: Obxectivos xerais**

O obxectivo xeral do proxecto é abordar a cuestión do reto demográfico nunha comarca que enfrenta un decrecemento poboacional superior á media que padece Galicia no seu conxunto. A poboación obxectiva á que se dirixe o proxecto é de 28.659 habitantes nos municipios agrupados e case 40.000 en toda a comarca, a ter en conta en caso de posible transferencia de boas prácticas. O proxecto ofrece unha visión integral á hora de loitar contra o problema demográfico debido a que pretende poñer en valor as potencialidades dun territorio altamente ruralizado, e con base económica no sector primario e dirixilas ás necesidades obxectivas dunha poboación envellecida, dispersa e con necesidades específicas. Terra Chá emprende, pretende ofrecer os mecanismos de axuda para a creación de negocios emprendedores que obteña éxito e por tanto asenten poboación e captan talento ao dirixir as súas ofertas ás demandas da comunidade que conforman os municipios agrupados. A base do proxecto é a creación dun centro de emprendemento-coworking no que se ofrezca asesoramento continuo (entre outras accións) a emprendedores e emprendedoras da zona, valorizando os recursos e potencialidades propias, co fin de identificar oportunidades e poñer en contacto oferta e demanda de bens, produtos e servizos. Terra Cha emprende nace da necesidade de aproveitar aqueles sectores, como o primario, nos que desenvolver innovación para a súa necesaria actualización ás necesidades de mercado; identificar os nichos de mercado á hora de crear emprego e captar man de obra así como dirixir programas específicos a sectores de poboación con máis difícil inserción: mozos, mulleres e desempregados de longa duración.

**Táboa 9: Obxectivos específicos**

Entre os obxectivos específicos do proxecto atópase o establecemento dun espazo dedicado ao emprendemento que actúe de maneira integral contra os retos que supón o decrecemento demográfico, o envellecemento poboacional e a falta de oportunidades, sobre todo para certos colectivos específicos: mulleres, novas e parados de longa duración.

O obxectivo fundamental será a captación de talento, a capacitación en perfís laborais e empresariais demandados, o aproveitamento das vantaxes comparativas do territorio, en canto a sectores e servizos demandados e o fomento de iniciativas emprendedoras como forma de creación de emprego

estable e que responda á demanda do territorio. En relación cos obxectivos específicos que prevé a orde correspondente, fundamentalmente ímonos a dirixir aos seguintes, aínda que hai que ter en conta que se trata dun proxecto integral e transversal:

1. Creación de estruturas administrativas destinadas a formalizar e impulsar a actividade das entidades locais, en especial mediante a cooperación con outras Administracións públicas e con axentes sociais e económicos activos nas zonas xeográficas interesadas. A través da creación da oficina do emprendedor-espazo coworking impulsarase a participación social daqueles colectivos demandantes de emprego e capacitaráselles para o desenvolvemento dos seus talentos á vez que se captará a participación daqueles axentes sociais e económicos que necesitan de reforzo, en termos de recursos humanos capacitados, para o desenvolvemento das súas iniciativas. No que respecta a colaboración con axentes económicos e sociais activos na zona, o proxecto conta co apoio dos servizos de axuda a domicilio que operan na zona así como o apoio de Atenza, empresa líder en servizos de tele asistencia con presenza en todo o Estado. Estes apoios abren a porta a unha posible materialización en forma de colaboración unha vez que a axuda sexa concedida e impulsará, notablemente, aspectos do noso proxecto como son a análise da situación de atención e cuidados na zona, os recursos necesarios para mellorar a calidade de vida dos habitantes e favorecer o asentamento poboacional así como unha posible colaboración no desenvolvemento da plataforma dixital de servizos sociais para video asistencia.

Por outra banda, o proxecto presentado conta co apoio de Caixa Rural Galega, entidade bancaria de referencia na zona e implicada en todas aquelas iniciativas que fomenten o desenvolvemento económico, social e laboral desde unha perspectiva innovadora para a reactivación económica e a loita contra o despoboamento territorial. Contar coa súa posible colaboración nun proxecto destinado ao emprendemento é unha baza importante á hora de dar a coñecer instrumentos de financiamento, entre outras. Fomentarase a creación de empresas vinculadas ás necesidades do territorio que complementen os servizos públicos existentes.

2. Reforzo dos Servizos Públicos Ampliación e mellora dos servizos públicos que corresponden ás entidades locais, e cooperación na prestación de servizos que corresponden ás Administracións do Estado e das comunidades autónomas. Entre as funcións da administración pública atópanse os servizos sociais de

atención á infancia e á poboación maior. O asentamento e renovación poboacional son fitos imposibles se non se conta con servizos de conciliación á altura das necesidades das familias á hora de establecerse nun territorio. Identificouse un nicho crecente de mercado en canto aos servizos de atención á infancia que actuarían positivamente no fomento da natalidade e ofrecerían un mercado laboral a aquelas persoas formadas en atención infantil. Considérase que a poboación establecida nunha contorna rural dispersa debe contar cos mesmos servizos públicos de atención que a poboación de núcleos urbanos, só así se garantirá unha calidade de vida suficiente para xerar asentamento poboacional nestas zonas. Por outra banda, o envellecemento da poboación supón novos retos á hora de conciliar coidados e inserción, sendo, ademais, un nicho de mercado para a creación de emprego eminentemente feminino. O custo da capacitación de, por exemplo, mulleres desempregadas de alta duración é mínimo á hora de conseguir que se insiran nun mercado, o dos coidados, que asegura estabilidade e opcións para o emprendemento cooperativo, por exemplo. Desde o espazo proxectado fomentárase a creación de cursos de formación e capacitación profesional neste sector e a creación de iniciativas de autoemprego e emprego cooperativo e empresarial dirixidas á atención e coidados das persoas.

- Promoción e apoio á mellora da calidade de vida no medio rural.
- Promoción e apoio para a creación e desenvolvemento de redes de inclusión social.
- Promoción de proxectos para a atención e coidado de persoas.
- Desenvolvemento de programas piloto dirixidos a parados de longa duración.

O proxecto desenvólvese nunha zona con altas potencialidades no sector forestal (aproveitamento madeireiro, silvicultura, traballos agrarios e forestais) que indica a necesidade de fomento de iniciativas emprendedoras neste aspecto así como a posta en valor destes perfís profesionais, de capacitación alcanzable, á hora de acceder á actividade forestal. Por outra banda, entre as fortalezas da área á que se dirixe o proxecto está o desenvolvemento de actividade agropecuaria, sendo un dos obxectivos do proxecto, fomentar o acceso a esta actividade, poñer en contacto a produtores e consumidores (marketplace de produtos locais) a través da comercialización, difusión e promoción en liña de produtos autóctonos e de alta calidade, establecer contacto entre demandantes de emprego en sector forestal e agropecuario e empresarios do sector. Ofreceráse, así mesmo, asesoramento

laboral e técnico para a creación de empresas vinculadas a dous subsectores do sector primario con alta demanda e futuro. Da mesma forma, fomentarase a incorporación de mulleres, por unha banda, a sectores tradicionalmente masculinizados e de mozos, por outra, mediante a dixitalización do sector, o desenvolvemento de iniciativas de I+D e a captación de talentos con alta cualificación profesional no ámbito das ciencias forestais e agropecuarias. Preténdese a modernización dun sector que ten moitas oportunidades de negocio mediante o seu desenvolvemento e adaptación ás necesidades actuais do mercado (agricultura e gandería ecolóxica, aproveitamento forestal e prevención de incendios, etc).

3. Fomento do Emprendemento e da Actividade Empresarial. Fomento das actuacións dirixidas á identificación de novas actividades económicas compatibles coa conservación da biodiversidade e a paisaxe, e todo tipo de actuacións que favorezan o desenvolvemento económico endógeno e sostible.

- Asesoramento xurídico, técnico e financeiro.
- Acceso á actividade agrícola, gandeira, forestal e, en xeral ,de aproveitamento de recursos naturais.
- Mellora de procesos agrícolas, gandeiros, forestais e, en xeral ,de aproveitamento de recursos naturais.
- Difusión e comercialización de produtos locais.
- Desenvolvemento de mercados cooperativos.
- Comercialización en liña no mercado de alimentos.
- Apoio ao emprendemento de mulleres e novas.

4. Formación e Axuda ao Emprendemento. Proposta e xestión de actividades formativas destinadas a mellorar a capacitación laboral e o apoio ao emprendemento da poboación activa, en especial promovendo a igualdade de dereitos e oportunidades das mulleres e os mozos.

- Formación e innovación agroalimentaria e de aproveitamento de recursos naturais locais.



- Actividades de formación para o emprendizaxe de mulleres e novas.

5. Desenvolvemento e Innovación no Territorio Fomento para a creación dunha masa crítica que achegue unha mellora da competitividade e unha posta en valor das vantaxes económicas absolutas e comparativas e fomenten o valor económico agregado nestas áreas xeográficas, en especial desde a perspectiva do patrimonio natural e histórico-artístico e cultural.

- Difusión do valor engadido achegado pola vida rural, nunha contorna de hábitos saudables.

- Actividades de coidado e mellora das masas forestais e a prevención e vixilancia de incendios forestais asociadas a plans de xestión forestal.



## G.2.6. Actividades propostas:

<b>Táboa 10: Listaxe de actividades</b>	
<b>Actividade</b>	<b>Descrición e xustificación</b>
<b>1) Captación e difusión do proxecto</b>	<p>A. Atracción de talento estranxeiro. Creación dun portal web. Investimento mellora de local destinado a centro de emprendemento.</p> <p>B. Atracción de emigrantes para o seu retorno.</p> <p>C. Difusión individual e colectiva para a captación de posibles emprendedores. A través de campañas de difusión especializadas, campaña de difusión en redes sociais e medios.</p> <p>D. Recopilación de recursos públicos e privados (vivenda, garderías, centros de día, colexios e outros servizos</p>
<b>2) Mentorización e formación para o emprendemento.</b>	<p>A. Mentorización, formación e acompañamento individualizado a cada candidato emprendedor.</p>
<b>3) Consolidación</b>	<p>A. Consolidación, fidelización e acompañamento ao candidato emprendedor.</p> <p>B. Marketplace de produtos locais</p>



<b>Táboa 11: Descrición das actividades enumeradas</b>		
<b>Actividade</b>	<b>Calendario</b>	<b>Participantes</b>
<b>1.Captación e difusión do proxecto</b>	<p>A. 3 meses: 01/10/2022-31/12/2022</p> <p>B. 3 meses: 01/01/2023-30/03/2023</p> <p>C. 3 meses: 01/04/2023-30/06/2023</p> <p>D. 3 meses: 01/04/2023-30/06/2023</p>	<p>40.000 persoas</p> <p>Intentando involucrar ao total da poboación da Terra Chá.</p>
<b>2. Mentorización e formación para o emprendemento.</b>	<p>C. 6 Meses: 01/07/2023-31/12/2023</p>	<p>40.000 persoas</p> <p>Intentando involucrar ao total da poboación da Terra Chá.</p>
<b>3.Consolidación</b>	<p>A. 6 meses: 01/01/2024-30/06/2024</p> <p>B. 6 meses: 01/01/2024-30/06/2024</p>	<p>40.000 persoas</p> <p>Intentando involucrar ao total da poboación da Terra Chá.</p>

## G.2.7. Resultados esperados, posibles beneficiarios e impacto no emprego :

<b>Resultado 1</b> Necesidades da poboación envellecida		
<b>Descrición</b>	Atender as necesidades dunha poboación cada vez máis envellecida a través de oportunidades de negocio baseados na chamada silver economy e desenvolver, con iso, oportunidades de emprendemento para sectores de poboación con baixa inserción laboral. Preténdese mentorizar e acompañar proxectos que dirixan a súa oferta de servizos a este sector de poboación e poidan desenvolver nichos de emprego.	
<b>Beneficiarios</b>	A poboación envellecida das comarcas da Terra Chá	
<b>Impactos esperados</b>	Facturación (€)	<b>INVESTIMENTO 250000 euros</b>
	Empregos (Nº)	<b>Directos 3 -Indirectos 80</b>
<b>Outra información de interese</b>	491 persoas desempregadas (45-64 anos)	

<b>Resultado 2</b> Desenvolver o potencial emprendedor de colectivos de difícil inserción laboral		
<b>Descrición</b>	Desenvolver o potencial emprendedor de colectivos de difícil inserción laboral: mozos, mulleres e persoas desempregadas de longa duración a través da posta en valor e innovación de sectores estratéxicos do territorio con altas potencialidades, tales como o sector primario, o turismo de calidade e como destino final, o sector de coidados e benestar e o desenvolvemento de iniciativas de I+D	
<b>Beneficiarios</b>	Mulleres, mozos e persoas desempregadas	
<b>Impactos esperados</b>	Facturación (€)	
	Empregos (Nº)	



<b>Outra información de interese</b>	399 mulleres desempregadas
--------------------------------------	----------------------------

<b>Resultado 3</b> Atraer talento novo e foráneo	
<b>Descrición</b>	A Terra Chá, conta coa xeración máis formada e cualificada da súa historia pero, con todo, a dificultade á hora de atopar emprego especializado e ben remunerado en función da formación adquirida ha feito que se produza a denominada fuga de cerebros ou de talento. O obxectivo deste proxecto é ofrecer emprego de alta cualificación e innovador para atraer a aquelas persoas que se marcharon por falta de oportunidades e mesmo atraer a persoas que queiran sumar o seu talento e ideas innovadoras en sectores con alta potencialidade nos que se procure investimento en investigación e desenvolvemento.
<b>Beneficiarios</b>	Mozos e mozas da comarca da Terra Chá
<b>Impactos esperados</b>	Facturación (€)
	Empregos (Nº)
<b>Outra información de interese</b>	85 persoas desempregadas (-30 anos)

**Resultado 4** Contratación dos seguintes perfís técnicos para a posta en marcha do centro de emprendemento-coworking

Descrición	
	<p>Orientador/a laboral:</p> <p>Prevese a contratación dun perfil especializado en recursos humanos e orientación laboral para que poida realizar entrevistas, asesoramento e acompañamento aos participantes que desexen emprender. Encargarase, así mesmo das tarefas de difusión do proxecto e das actividades da oficina do emprendedor. Procúrase un perfil de relacións laborais ou recursos humanos con experiencia sendo axente de emprego e especializado en novas tecnoloxías orientadas ao mercado laboral, planificación, financiamento e xestión de proxectos. Entre as súas tarefas estarán a coordinación da comunicación entre empresas e profesionais, manter as relacións coas entidades públicas da área de emprego e desenvolvemento, acompañar e asesorar aos usuarios e usuarias no proceso de inserción, traballar en acordos de colaboracións con empresas e lanzamento de ofertas, actuar na mellora do programa realizando seguimentos e analizando a súa eficacia así como reportar informes periódicos, crear e actualizar directorios de recursos de emprego e realizar a procura de nichos de emprego.</p> <p>Coach empresarial :</p> <p>Prevese a contratación dun perfil altamente cualificado e especializado en labores de coaching empresarial e, entre os seus labores, coordinará de forma xeral o desenvolvemento do proxecto en todas as súas fases. O seu labor principal consistirá na mentorización individualizada dos e as participantes no proxecto. O seu obxectivo principal será identificar e desenvolver talentos a través de motivación e mentorización individual e colectiva para a creación de negocios innovadores e de alta demanda, establecer relacións cos sectores de actividade potencialmente máis demandados, identificar as</p>

	<p>necesidades de adquisición de competencias básicas para cumprir os obxectivos do proxecto e desenvolver os plans de innovación e creación de iniciativas emprendedoras.</p> <p>Administrativo/a :</p> <p>Requiriranse os servizos profesionais dun perfil de administración e xestión dedicado a realizar os trámites necesarios para o desenvolvemento do proxecto en todas as súas fases, xestionar a documentación tanto dos proxectos de emprendemento (altas de empresas, xestións básicas, rexistros, arquivo) como o seguimento da propia subvención concedida.</p> <p>Requirirase, ademais, os servizos profesionais de programación e desenvolvo web para a posta en marcha das 3 plataformas previstas: marketplace de produtos locais, plataforma dixital de servizos sociais e a plataforma de conexión de oferta e demanda. Contrataranse estes servizos en réxime de subcontratación, contarase, así mesmo, baixo réxime de subcontratación cunha entidade de formación para levar a cabo a realización de cursos de capacitación profesional para aquelas persoas emprendedoras que necesiten completar a súa cualificación unha vez que se identificaron as súas potencialidades e os nichos de mercado onde as súas iniciativas poidan ter unha maior porcentaxe de éxito</p>	
<b>Beneficiarios</b>		
<b>Impactos esperados</b>	Facturación (€)	Orientador/a laboral: 28.356,36/ano  Coach empresarial: 38.940,00/ano en función da súa experiencia e formación acreditada por organismos oficiais e/o homologados.  Administrativo/a : 18.196,8/ano
	Empregos (Nº)	<b>3 directos e 80 indirectos sendo o obxectivo de emprendemento na</b>



		<b>comarca para esta oficina durante 2 anos</b>
<b>Outra información de interese</b>		

#### G.2.8. Incidencia do proxecto sobre determinados sectores da poboación

<b>Táboa 12 : Incidencia do proxecto sobre sectores poboacionais</b>	
<b>Mulleres</b>	Incremento das oportunidades laborais en sectores con alta ocupación de man de obra feminina, tales como a atención e coidados e os servizos complementarios especializados enfocados á chamada silver economy.
<b>Mocidade</b>	Incremento do emprego xuvenil e aumento de oportunidades laborais (de todos os niveis de calificacións) ligadas ao territorio (sector primario) que promoverán o retorno do talento, evitarán o éxodo en busca de oportunidades, permitirán a súa incorporación ao mercado laboral e mesmo a súa especialización para a modernización do sector.
<b>Outros colectivos</b>	Incremento da capacidade de captación de novos habitantes e o seu asentamento mediante a posta en marcha de iniciativas xeradoras de emprego e servizos de conciliación de proximidade.

## G.2.9. Impacto na mellora do ambiente e na valorización dos recursos naturais

<b>Táboa 13: Efectos medioambientais</b>	
<b>Positivos</b>	Na oficina do emprendemento unha das pautas será orientar e asesorar en materia de medioambiente para acadar unha redución de emisións de CO <sub>2</sub> , incluso orientar as empresas existentes da comarca en prácticas e axudas que poden optar para conseguir acadar unha redución de emisións de CO <sub>2</sub>
<b>Negativos</b>	Que é un proxecto público vinculado a financiación
<b>Cuantificación económica</b>	250.000€ de investimento pero con repercusión económica na Terra Cha anualmente estimada de 8.000.000 euros

## G.2.10. Orzamento necesario e solvencia económica

<b>Táboa 14: Orzamento e prazo de execución</b>	
<b>Orzamento (€)</b>	250.000,00 €
<b>Prazo de execución</b>	2 anos
<b>Ingresos esperados (€)</b>	8.000.000,00€
<b>Custos de explotación (€)</b>	250.000€
<b>Axudas solicitadas (€)</b>	200.000€
<b>% do grao de apoio público</b>	80%

<b>Táboa 15: Solvencia económica</b>	
<b>Prazo de recuperación (pay-back) anos</b>	
<b>Valor Actual Neto (VAN)</b>	
<b>Taxa Interna de Retorno (TIR)</b>	





## G.2.11. Sostenibilidade financeira

<b>Táboa 16: Sostenibilidade financeira</b>	
<b>Ratio “Nº empregos xerados / investimento necesario (orçamento)” (Cálculo ou estimación)</b>	<b>3 empregos directos e 80 indirectos</b>